

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

*DEPARTAMENTO DIDÁCTICO: INGLÉS
COMO PRIMEIRA LINGUA
ESTRANXEIRA*

CURSO 2021-2022



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

 **T.E.S. Terra de Soneira**

ÍNDICE DE CONTIDOS	
<i>SECCIÓN</i>	<i>PÁX.</i>
INTRODUCCIÓN	6
EIDO EDUCATIVO	6
EIDO SANITARIO	7
1. <u>CONTEXTUALIZACIÓN</u>	9
1.1. O CENTRO DE ENSINO: IES TERRA DE SONEIRA	9
1.2. O DEPARTAMENTO DIDÁCTICO: INGLÉS COMO LINGUA ESTRANXEIRA	10
2. <u>ELEMENTOS CURRICULARES</u>	13
2.1. COMPETENCIAS CLAVE	13
2.1.1. DESCRIPCIÓN E CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS	13
2.1.1.1. <i>Competencia en comunicación lingüística</i>	13
2.1.1.2. <i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	15
2.1.1.3. <i>Competencia dixital</i>	17
2.1.1.4. <i>Aprender a aprender</i>	17
2.1.1.5. <i>Competencia social e cívica</i>	18
2.1.1.6. <i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	20
2.1.1.7. <i>Conciencia e expresión cultural</i>	21
2.1.2. MÉTODO E INDICADORES DE AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS	22
2.2. OBXECTIVOS	22
2.2.1. OBXECTIVOS DO ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO	22
2.2.2. OBXECTIVOS DO BACHARELATO	24
2.3. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIÁBEIS	25
2.3.1. PRIMEIRO CURSO DO ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO	25
2.3.2. SEGUNDO CURSO DO ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO	42
2.3.3. TERCEIRO CURSO DO ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO	59
2.3.4. CUARTO CURSO DO ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO	83

2.3.5. PRIMEIRO CURSO DO BACHARELATO	108
2.3.6. SEGUNDO CURSO DO BACHARELATO	131
2.4. TEMPORALIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN CURRICULAR POR UNIDADES DIDÁCTICAS	155
2.4.1. PRIMEIRO CURSO DO ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO	155
2.4.2. SEGUNDO CURSO DO ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO	177
2.4.3. TERCEIRO CURSO DO ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO	197
2.4.4. CUARTO CURSO DO ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO	220
2.4.5. PRIMEIRO CURSO DO BACHARELATO	245
2.4.6. SEGUNDO CURSO DO BACHARELATO	266
2.5. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN: TRANSICIÓN AO ENSINO NON PRESENCIAL	282
2.5.1. PRIMEIRO CURSO DO ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO	282
2.5.2. SEGUNDO CURSO DO ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO	284
2.5.3. TERCEIRO CURSO DO ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO	285
2.5.4. CUARTO CURSO DO ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO	287
2.5.5. PRIMEIRO CURSO DO BACHARELATO	289
2.5.6. SEGUNDO CURSO DO BACHARELATO	290
2.6. METODOLOXÍA, MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS	292
2.6.1. METODOLOXÍA	292
2.6.1.1. <i>Actividade lectiva presencial</i>	293
2.6.1.2. <i>Actividade lectiva semipresencial</i>	293
2.6.1.3. <i>Actividade lectiva non presencial</i>	293
2.6.2. MATERIAIS CURRICULARES	294
2.6.2.1. <i>Ensino Secundario Obrigatorio</i>	294
2.6.2.2. <i>Bacharelato</i>	294
2.6.3. RECURSOS DIDÁCTICOS	295
2.6.3.1. <i>Recursos didácticos para a modalidade presencial</i>	295
2.6.3.2. <i>Recursos didácticos para as modalidades semi e non presencial</i>	296
2.6.3.3. <i>Xestión de medios e recursos tecnolóxicos do profesorado</i>	296

2.7. PROCEDIMIENTOS, INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	296
2.7.1. AVALIACIÓN INICIAL	297
2.7.2. AVALIACIÓN CONTINUA	297
2.7.2.1. <i>Probas escritas e / ou orais</i>	297
2.7.2.2. <i>Lecturas obrigatoria e voluntarias</i>	298
2.7.2.3. <i>Traballo diario</i>	298
2.7.2.4. <i>Cualificación</i>	299
2.7.2.4.1 <i>Ensino Secundario Obrigatorio</i>	299
2.7.2.4.2. <i>Bacharelato</i>	301
2.7.2.5. <i>Aclaracións e especificidades</i>	302
2.7.3. AVALIACIÓN FINAL	302
2.7.3.1. <i>Avaliación ordinaria</i>	302
2.7.3.2. <i>Avaliación extraordinaria</i>	303
2.8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	303
3. PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DE PENDENTES	305
3.1. ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO	305
3.2. BACHARELATO	305
4. <u>PROMOCIÓN E TITULACIÓN</u>	307
5. <u>TRATAMENTO DE FOMENTO DA LECTURA</u>	308
6. <u>TRATAMENTO DE FOMENTO DAS TIC</u>	309
7. <u>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</u>	310
8. <u>METAVALIACIÓN</u>	311
9. <u>CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO</u>	312
10. <u>MEDIDAS EN CASO DE FRAUDE DO ALUMNADO</u>	313
PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN: <i>COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ORAL (2º ESO)</i>	314
PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN: <i>INGLÉS COMUNICATIVO (1º BACHARELATO)</i>	335

PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN: <i>COMUNICACIÓN ORAL EN LINGUA INGLESA (2º BACHARELATO)</i>	360
ACLARACIÓN SOBRE AS PROGRAMACIÓNS DO MÓDULOS DE INGLÉS: <i>CMXA e CSAF</i>	385

INTRODUCCIÓN

EIDO EDUCATIVO

As vantaxes e oportunidades que nos ofrece a presente Lei de Educación (LOE), modificada pola Lei 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), as particularidades do currículo desenvolvido para a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, as esixencias e necesidades cada vez máis multiculturais da nosa sociedade, xunto coas directrices establecidas polo Consello de Europa no Marco común europeo de referencia para as linguas, son tres claves significativas que quedan reflectidas Na nosa programación.

Cunha clara vocación educativa e de aprendizaxe onde os alumnos aprenden inglés a través de actividades motivadoras con carácter lúdico que permita de forma inconsciente e natural a adquisición da lingua estranxeira, e que encerran o reto de potenciar a habilidade do alumnado para percibir o coñecemento dunha lingua estranxeira non só como unha materia máis senón como o descubrimento dun mundo externo do que todos formamos parte responsable, promóvese a interacción na clase para desenvolver unha actitude de alerta cara ás normas e os valores sociais, dentro dos principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta o deseño curricular para as etapas de ESO e Bacharelato.

A finalidade do noso proxecto é, en primeiro lugar, conseguir que o alumnado adquira todas as competencias marcadas pola LOMCE centrándonos, como é lóxico, na competencia en comunicación lingüística e facendo especial fincapé nas competencias sociais e cívicas, aprender a aprender e sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Por outra banda, incorporar o conxunto de elementos transversais, recollidos tamén pola LOMCE, ao proceso de aprendizaxe.

Como é de esperar, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC, traballaranse intensamente ao longo de todo o proceso, pero tamén terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos, rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia, respecto ás vítimas do terrorismo, o desenvolvemento sostible e o medio, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

Este proxecto ten en conta cambios tan significativos e evidentes como a globalización, que esixe o dominio dunha lingua estranxeira, e o impacto das novas tecnoloxías, repercutindo directamente nos alumnos á hora de aprender, de comunicarse ou de realizar unha tarefa. Elementos que se converteron

nunha prioridade e nunha ferramenta clave respectivamente no proceso de aprendizaxe, non só na etapa á que fai referencia este documento, senón ao longo de toda a vida.

Neste proxecto, o profesorado deberá crear as condicións esenciais para que se produza a aprendizaxe atendendo particularmente á diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumno e á busca do desenvolvemento do talento de cada un deles.

O equipo docente preparará e organizará o traballo, axudando no desenvolvemento deste; coordinará accións; impulsando actitudes positivas cara ao idioma e a cultura inglesa, captando e desenvolvendo o interese do alumno cara ao novo e a creatividade, intervindo de forma activa e reflexiva, e tratando os erros como signos de progreso.

Pola súa banda, o alumnado debe participar de forma activa no seu proceso de aprendizaxe, sendo, como define a LOMCE, o centro e a razón de ser da educación.

EIDO SANITARIO

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 á categoría de pandemia internacional.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, por Acordo do Consello da Xunta do 12 de marzo de 2020, adoptáronse medidas preventivas en materia de saúde pública que foron seguidas da declaración, o 13 de marzo, da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e de activación do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (Platega) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

Entre as medidas preventivas adoptadas no mencionado Acordo do 12 de marzo, respecto do ensino non universitario, establécese a suspensión das actividades académicas presenciais.

Mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE número 67, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e a súa aplicación, de conformidade co previsto na lexislación, significou, entre outras moitas medidas, o confinamento da poboación e a suspensión das clases presenciais en todas as etapas do sistema educativo de España.

No tempo transcorrido desde entón, o Ministerio de Educación e Formación Profesional publicou a Orde EFP/365/2020, de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19.

Pola súa parte a administración educativa da Xunta de Galicia, nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, están determinadas liñas para a preparación do curso 2020/2021 co obxecto de que os centros e o profesorado organicen plans de recuperación e adaptación do currículo e das actividades educativas para o curso 2020/2021, coa finalidade de permitir o avance de todo o alumnado e especialmente do que ten mais dificultades.

A Orde EFP/5,1/2020, do 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e o desenvolvemento do curso 2020/2021 establece que as administracións educativas adoptarán as medidas que correspondan para dar resposta a posibles alteracións das actividades lectivas presenciais.

O Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021, establece as medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2020/2021, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

Consecuentemente, tendo en conta a excepcionalidade do terceiro trimestre do curso escolar 2019/2020, así como a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar determinados períodos de docencia presencial con outros de docencia non presencial durante o próximo curso 2021/2022, faise imprescindible establecer adaptacións no marco da organización do currículo, da metodoloxía didáctica e da autonomía organizativa e pedagóxica do profesorado do Departamento Didáctico da área de inglés do IES Terra de Soneira.

É por iso que na presente programación se recollen os acordos ás medidas necesarias de atención á diversidade orientadas a responder a necesidades educativas concretas do alumnado e a consecución dos resultados de aprendizaxe vinculados as aprendizaxes imprescindibles, que a situación excepcional do curso 2019/2020 dificultou adquirir ás nosas alumnas e alumnos.

1. CONTEXTUALIZACIÓN

1.1. O CENTRO DE ENSINO: IES TERRA DE SONEIRA

O IES atópase no Concello de Vimianzo (A Coruña), un concello de pouco máis de 7.000 habitantes (7.057, dos cales 3.380 son homes e 3.677 son mulleres, segundo os datos máis recentes (2019) do Instituto Galego de Estatística (IGE)), cabeceira da comarca da que o noso centro toma o nome -Terra do Soneira.

É o único centro de secundaria do Concello, e a el acode o alumnado da ESO procedente dos dous CEIPs do Concello adscritos (CEIP San Vincenzo e CEIP Baíñas) ou do veciño Concello de Dumbría (CEIP Santa Eulalia de Dumbría); alumnado de Bacharelato procedente do noso propio centro ou dos IES de Camariñas (IES Pedra da Aguia) e Muxía (IES Ramón Caamaño).

Nas outras ensinanzas que se ofertan no noso centro -Ciclo Medio de Xestión Administrativa e Ciclo Superior de Administración e Finanzas- a procedencia do alumnado é xa máis variada, pero, maiormente, procede dos concellos que conforman a comarca da Terra de Soneira (Camariñas, Vimianzo e Zas).

En liñas xerais, o noso alumnado presenta un perfil socioeconómico cultural medio-baixo, e son maioritariamente galego-falantes.

Este perfil dáse mesmo entre os alumnos que chegan ao noso centro procedentes de Suíza.

Tradicionalmente, o lugar de emigración da comarca de Soneira foi Suíza, concretamente o cantón de fala francesa, e estes emigrantes acostuman a enviar aos seus fillos de volta a Galicia nos últimos anos e Primaria ou para iniciar a Secundaria. Este alumnado, aínda que presenta un perfil lingüístico bilingüe, é dos idiomas francés e galego.

1.2. O DEPARTAMENTO DIDÁCTICO: INGLÉS COMO LINGUA ESTRANXEIRA

Durante o curso 2021/2022 o Departamento de Inglés do centro está composto por:

DEPARTAMENTO DIDÁCTICO: INGLÉS COMO PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA
COMPOÑENTES
Dona Sonia García Lago
Dona Ana López Lavandeira
Dona Paula María Pazos Vázquez (Xefa do Departamento)
Don Antonio Riveiro de Dios

Dos catro compoñentes, unha das profesoras obtivo destino definitivo no centro no Concurso Xeral de Traslados (CXT) de 2019, dúas profesoras obtiveron destino definitivo no centro no Concurso Xeral de Traslados (CXT) de 2021, e o docente Don Antonio Riveiro resultou adxudicado no CADP de setembro de 2021.

No tocante a Xefatura do Departamento, o cargo segue a ser asumido no presente ano académico pola docente Dona Paula María Pazos Vázquez, ao contar con maior antigüidade como funcionaria de carreira no corpo de PES.

O Departamento de Inglés imparte todas as horas de materia na ESO e no Bacharelato, así como nos módulos correspondentes no Ciclo Medio de Xestión Administrativa e no Ciclo Superior de Administración e Finanzas.

Neste curso 2021/2022 o noso departamento impartirá dúas materias de libre configuración de acordo coa oferta da nova lei de educación LOMCE: *Inglés Comunicativo* en 1º Bacharelato e *Comunicación Oral en Lingua Inglesa* en 2º Bacharelato.

Contaremos ademais cun agrupamento en 2º ESO e un agrupamento en 3º ESO para poder atender mellor a diversidade do noso alumnado con dificultades de aprendizaxe.

Así mesmo haberá desdobres en todos os cursos da ESO, nos que se dará prioridade ao traballo para a mellora da comprensión e expresión orais nesta lingua estranxeira, atendendo igualmente, á súa vez, a diversidade de capacidades identificadas no noso alumnado. Para tal fin, os desdobres realizaranse

en función dos resultados obtidos na Avaliación Inicial, e adaptaranse á evolución das capacidades e/ou necesidades do alumnado.

Neste curso continuarase sen contar cun/ha auxiliar de conversa, ao non ter a sección bilingüe de música en 2º e 3º curso da ESO.

En función desta oferta, recóllese de seguido o reparto de grupos entre o profesorado do departamento:

DEPARTAMENTO DIDÁCTICO:				
INGLÉS COMO PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA				
<i>DISTRIBUCIÓN DE GRUPOS POR DOCENTE</i>				
DOCENTE	NIVEL	GRUPOS	HORAS	TOTAL
Ana López Lavandeira	1º ESO	2	6	19
	2º ESO	2	6	
		1 (optativa)	1	
	3º ESO	1 (agrupamento)	3	
		1 (laboratorio)	1	
Sonia García Lago	4ª ESO	2 (laboratorio)	2	19
	3º ESO	2	6	
	4º ESO	2	6	
	2º ESO	1 (laboratorio)	1	
	1º Ciclo Medio	1	6	
	Xestión Administrativa			
Antonio Riveiro de Dios*	2º Bacharelato	3	9	15
	2º ESO	1 (agrupamento)	3	
	2º ESO	1 (laboratorio)	1	
	1º ESO	2 (laboratorio)		

DEPARTAMENTO DE INGLÉS. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

Paula M.	3º ESO	1 (laboratorio)	1	17
Pazos Vázquez	1º Bacharelato	2	6	
		2 (optativa)	2	
	2º Bacharelato	2 (optativa)	2	
	1º Ciclo Superior	1	6	
	Administración e Finanzas			

* Docentes que imparten outras materias segundo necesidades educativas do centro.

2. ELEMENTOS CURRICULARES

O noso proxecto recolle e integra os diferentes elementos curriculares - obxectivos, estándares de aprendizaxe e competencias - para o ensino da lingua estranxeira, así como criterios e indicadores de competencias para a avaliación da adquisición das competencias e o logro dos obxectivos establecidos para a materia nas diversas etapas educativas impartidas no centro.

2.1. COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave no Sistema Educativo Español seguindo o decreto LOMCE son:

1. Comunicación lingüística
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
3. Competencia dixital
4. Aprender a aprender
5. Competencias sociais e cívicas
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
7. Conciencia e expresións culturais

Na nosa materia de inglés inclúense referencias explícitas acerca da súa contribución a aquelas competencias clave ás que se orienta en maior medida. Doutra banda, tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas. Os criterios de avaliación serven de referencia para valorar o grao progresivo de adquisición.

2.1.1. DESCRIPCIÓN E CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS

2.1.1.1. *Competencia en comunicación lingüística*

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Con distinto nivel de dominio e formalización -especialmente en lingua escrita-, esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, poder comunicarse nalgunhas delas e, con iso, enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Así mesmo, favorécese o acceso a mais e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

En resumo, para o adecuado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e as dimensións nas que se concretan:

- O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica (a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua).
- O compoñente pragmático-discursivo contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as macrofunciones comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofunciones textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).
- O compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- O compoñente estratéxico permítelle ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a audición e a conversación, coma destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimedia e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, meta cognitivo e socio afectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.
- O compoñente persoal intervéñ na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

Na nosa programación avaliaremos os seguintes indicadores de aprendizaxe nesta competencia:

- Estabelece vínculos e relacións construtivas cos demais e co contorno, e achegase a novas culturas, que adquiren consideración e respecto.
- Expresa e comprende as mensaxes orais en situacións comunicativas diversas e adapta a comunicación ao contexto.
- Produce textos orais adecuados a cada situación, utilizando códigos e habilidades lingüísticas e non lingüísticas, así como regras propias do intercambio comunicativo.
- Busca, recompila e procesa información para comprender, compoñer e utilizar distintos tipos de textos, con intencións comunicativas ou creativas diversas.
- Usa a lectura como fonte de pracer, de descubrimento doutros contornos, idiomas e culturas, de fantasía e de saber.
- Le, escoita, analiza e ten en conta opinións distintas á propia.

- Expresa adecuadamente as propias ideas e emocións, e acepta e realiza críticas con espírito construtivo.
- Enriquece as relacións sociais e desenvólvese en contextos distintos ao propio, comunicándose nunha lingua estranxeira, polo menos.
- Accede a diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

2.1.1.2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A competencia matemática implica a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Esta competencia require coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos. O uso de ferramentas matemáticas implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos. Trátase da importancia das matemáticas no mundo e de utilizar os conceptos, procedementos e ferramentas para aplicarlos na resolución dos problemas que poidan xurdir nunha situación determinada ao longo da vida. A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade.

Xa que logo, para o adecuado desenvolvemento da competencia matemática resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, a álgebra, a xeometría e a estatística, interrelacionadas de formas diversas, a través da cantidade, o espazo e a forma, o cambio e as relacións, e a incerteza e os datos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsábel con el para a conservación e mellora do medio natural, a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan a cidadáns responsábeis e respectuosos que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias han de capacitar para identificar, expor e resolver situacións da vida cotiá, igual que se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas. Para o adecuado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía resultan necesarios coñecementos científicos relativos á física, a química, a bioloxía, a xeoloxía, as matemáticas e a tecnoloxía. Así mesmo, hanse de fomentar as destrezas para utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas, e utilizar datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo. Hanse de incluír actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento

científico, e o sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais, as cuestións ambientais e á adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudábel nun contorno natural e social. Os ámbitos que se deben abordar para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son os sistemas físicos, os sistemas biolóxicos, os sistemas da Terra e do Espazo, e os sistemas tecnolóxicos. Por último, a adquisición das competencias en ciencia e tecnoloxía require a formación e práctica na investigación científica e na comunicación da ciencia.

Na nosa programación avaliaremos os seguintes indicadores de aprendizaxe nesta competencia:

- Produce e interpreta distintos tipos de información, amplía o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e resolve problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral.
- Interpreta e expresa con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.
- Aplica a información a unha maior variedade de situacións e contextos, segue cadeas argumentais, identificando as ideas fundamentais, e estima e axuíza a lóxica e a validez de argumentacións e informacións.
- Identifica a validez dos razoamentos e valora o grao de certeza asociado aos resultados derivados dos razoamentos correctos.
- Identifica situacións que precisan elementos e razoamentos matemáticos, aplica estratexias de resolución de problemas e selecciona as técnicas adecuadas para calcular, representar e interpretar a realidade a partir da información dispoñíbel.
- Utiliza elementos e razoamentos matemáticos para interpretar e producir información, resolve problemas provenientes da vida cotiá e toma decisións.
- Comprende sucesos, predí consecuencias e mellora e preserva as condicións de vida propia e dos demais; ademais, desenvólvese adecuadamente, con autonomía e iniciativa persoal en diversos ámbitos da vida e do coñecemento.
- Demostra espírito crítico na observación da realidade e na análise das mensaxes informativas e publicitarias, así como uns hábitos de consumo responsábel na vida cotiá.
- Argumenta racionalmente as consecuencias duns ou outros modos de vida, e adopta unha disposición a unha vida física e mental saudábel, nun contorno natural e social tamén saudábel.
- Identifica preguntas ou problemas e obtén conclusións baseadas en probas para comprender e tomar decisións sobre o mundo físico e sobre os cambios que produce a actividade humana.

2.1.1.3. Competencia dixital

Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsábel, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñíbel, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación da mesma, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos coma técnicos.

Na nosa programación avaliaremos os seguintes indicadores de aprendizaxe nesta competencia:

- Busca, obtén, procesa e comunica información para transformala en coñecemento.
- Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.
- Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento.
- Organiza a información, procésaa e oríentaa para conseguir obxectivos e fins estabelecidos.
- É unha persoa autónoma, eficaz, responsábel, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar, utilizar e valorar a información e as súas fontes, contrastándoa cando é necesario. Respecta as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

2.1.1.4. Aprender a aprender

Aprender a aprender supón dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico

como a capacidade de cooperar, de se autoavaliar, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual. Todo iso desenvólvese, a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

Na nosa programación avaliaremos os seguintes indicadores de aprendizaxe nesta competencia:

- Dispón de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.
- Adquire conciencia das propias capacidades e das estratexias necesarias para desenvolvealas.
- Dispón dun sentimento de motivación, confianza nun mesmo e gusto por aprender.
- É consciente do que sabe e de como se aprende.
- Xestiona e controla de forma eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándoos e orientándoos a satisfacer obxectivos persoais.
- Saca proveito das propias potencialidades, aumentando progresivamente a seguridade para afrontar novos retos de aprendizaxe.
- Desenvolve capacidades como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión e a expresión lingüística ou a motivación de éxito.
- Coñece os diferentes recursos e fontes para a recollida, selección e tratamento da información, incluídos os recursos tecnolóxicos.
- Afronta a toma de decisións racional e criticamente, coa información dispoñíbel.
- Obtén información para transformala en coñecemento propio relacionado cos coñecementos previos e coa propia experiencia persoal.
- Fixa metas alcanzábeis a curto, medio e longo prazo.
- Autoavalíase e autorregúlase, é responsable, acepta os erros e aprende dos, e cos, demais.
- Ten conciencia, xestiona e controla as propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal.

2.1.1.5. Competencia social e cívica

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con

outras persoas e grupos, conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de se comunicar dunha maneira construtiva en distintos contornos sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional.

As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos, que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos.

Por tanto, para o adecuado desenvolvemento destas competencias é necesario comprender o mundo no que se vive, en todos os aspectos sociais, culturais e humanos do mesmo. Pero tamén incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir en sociedade.

Na nosa programación avaliaremos os seguintes indicadores de aprendizaxe nesta competencia:

- Comprende a realidade social na que vive e contribúe á súa mellora.
- Participa, toma decisións e elixe como comportarse en determinadas situacións.
- Exerce activa e responsabelmente os dereitos e deberes da cidadanía.
- É consciente da existencia de distintas perspectivas á hora de analizar a realidade social e histórica do mundo.
- Dialoga para mellorar colectivamente a comprensión da realidade.
- Entende os aspectos das sociedades actuais, a súa crecente pluralidade e o seu carácter evolutivo.

- Dispón dun sentimento de pertenza á sociedade na que vive.
- Resolve os problemas con actitude construtiva, mediante unha escala de valores baseada na reflexión crítica e no diálogo.
- Ponse no lugar do outro e comprende o seu punto de vista, aínda que sexa diferente do propio.
- Recoñece a igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, especialmente entre o home e a muller.
- Constrúe e pon en práctica normas de convivencia coherentes cos valores democráticos.
- Mantén unha actitude construtiva, solidaria e responsábel ante o cumprimento dos dereitos e obrigacións cívicas.

2.1.1.6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A competencia “sentido de iniciativa e espírito emprendedor” implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación a intervenir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Entre os coñecementos que require a competencia “sentido de iniciativa e espírito emprendedor” inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade proactiva para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e por último, o sentido crítico e da responsabilidade.

Na nosa programación avaliaremos os seguintes indicadores de aprendizaxe nesta competencia:

- Adquire valores como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento dun mesmo e a autoestima.
- Aprende dos erros, asume riscos e demora a necesidade de satisfacción inmediata.
- Elixo con criterio propio, imaxina proxectos, e leva adiante as accións necesarias para desenvolver as opcións e plans persoais, responsabilizándose deles.

- Propónse obxectivos, planifica e leva a cabo proxectos, elabora novas ideas, busca solucións e ponas en práctica.
- Analiza posibilidades e limitacións, coñece as fases de desenvolvemento dun proxecto, planifica, toma decisións, actúa, avalía o feito e autoavalíase, extrae conclusións e valora as posibilidades de mellora.
- Dispón de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo.
- Imaxina, emprende, desenvolve e avalía accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.

2.1.1.7. Conciencia e expresión cultural

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico e actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e considéralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Por tanto, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes coma doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de face á expresión das propias ideas e sentimentos; o interese, aprecio, respecto, goce e valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade na que se vive; e por último, o desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina para a creación de calquera produción artística de calidade.

Na nosa programación avaliaremos os seguintes indicadores de aprendizaxe nesta competencia:

- Coñece, comprende, aprecia e valora criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, e utilízalas como fonte de enriquecemento.
- Reelabora ideas e sentimentos propios e alleos.
- Avalía e axusta os procesos para alcanzar resultados, no ámbito persoal ou no académico.
- Expressa e comunica diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.
- Pon en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse mediante códigos artísticos.
- Aprecia a creatividade implícita na expresión de ideas, experiencias ou sentimentos a través de diferentes medios artísticos como a música, a literatura, as artes visuais ou escénicas.
- Valora a liberdade de expresión e o dereito á diversidade cultural.
- Mostra interese por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico.

2.1.2. MÉTODO E INDICADORES DE AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS

Os métodos seleccionados polo Departamento para a impartición da materia no Ensino Secundario Obrigatorio e no Bacharelato constan dunha serie de rúbricas de control, unha por unidade, que facilitan a recollida de datos sobre o grao de adquisición das competencias clave a adquirir en cada unha das mencionadas unidades, facilmente adaptables a cada grupo de alumnos en particular.

Nestas rúbricas de control, baseadas nos indicadores establecidos no apartado anterior do presente documento, os instrumentos de avaliación incluírán:

- Observación e/ou seguimento online do traballo realizado polo estudiantado
- Probas escritas das unidades temáticas
- Probas orais das unidades temáticas
- Revisión dos libros de exercicios
- Complimentación do Portfolio das Linguas contido no workbook

2.2. OBXECTIVOS

2.1.1. OBXECTIVOS DO ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a que o alumnado adquira as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsabilmente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e da comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houber, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2.1.2. OBXECTIVOS DO BACHARELATO

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsábel, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsábel e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.

- e) Dominar, tanto na súa expresión oral coma na escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa Comunidade Autónoma.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

2.3. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIÁBEIS EN RELACIÓN COS OBXECTIVOS E AS COMPETENCIAS CLAVE

2.3.1. PRIMEIRO CURSO DO ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO

1º ESO				
OBX	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	CMP
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
a c	B1.2. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:	B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión	PLEB1.1. Comprende fórmulas básicas de relación social para	CCL CD

d i	1. Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.	do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando), que permiten inferencias do significado baseadas no contexto; uso dos coñecementos referenciais sobre o tema, así como identificación de palabras clave.	iniciar e terminar o discurso e expresar benvidas, desculpas e agradecementos, e identifica a relación de formalidade entre as persoas interlocutoras e o propósito comunicativo.	CCEC CSC
	2. Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. 3. Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).		PLEB1.2. Comprende instrucións e textos breves e sinxelos producidos en contextos reais e simulados, articulados con claridade, ritmo pausado e acentuación estándar, que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas sinxelos e habituais na súa idade e no seu contexto escolar.	CCL CD CCEC CSC
	4. Identificación de palabras clave.			
	5. Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.	B1.2. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lentamente e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves que conteñan vocabulario propio do nivel.		
	6. Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece.			
	<p>países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <p>Recoñecemento da realidade plurilingüe do propio contorno.</p> <p>Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando</p>	<p>B5.4. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal, ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.</p> <p>B5.5. Recorrer aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para identificar marcadores discursivos e tipo de expoñentes lingüísticos necesarios segundo o tipo de texto e a intención comunicativa; mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>B5.6. Apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.</p> <p>B5.7. Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os</p>	<p>competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>PLEB5.5. Comprende e utiliza con corrección suficiente e adecuación sociolingüística os recursos lingüísticos propios do seu nivel, e frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais da comunidade lingüística correspondente á lingua meta.</p> <p>PLEB5.6. Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica.</p> <p>PLEB5.7. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>
--	--	---	---	--

	<p>positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais.</p> <p>Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.</p> <p>Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura.</p>	<p>constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral e escrita, así como os seus significados asociados (por exemplo, unha estrutura interrogativa para expresar sorpresa); e distinguir a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización e á ampliación ou a restruturación da información (por exemplo, nova fronte a coñecida; exemplificación e resumo).</p> <p>B5.8. Recoñecer, e aplicar á comprensión do texto léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións,</p>	<p>e relacionados cos elementos transversais; evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	
--	--	--	---	--

	<p>Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.</p> <p>Establecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral escrito de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e</p>	<p>así como un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente, cando o contexto ou o apoio visual facilitan a comprensión.</p> <p>B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>		
--	--	--	--	--

	<p>actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Recoñecemento e uso de expresións fixas, enunciados fraseolóxicos (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión de opinións) e léxico sobre temas relacionados con contidos doutras áreas do currículo.</p> <p>Recoñecemento e uso de antónimos e sinónimos máis comúns, e de procedementos de formación de palabras mediante recursos de derivación e de composición, e recoñecemento de "falsos amigos".</p>			
--	---	--	--	--

	<p>B5.7. Recoñecemento e uso de rutinas ou modelos de interacción básicos, segundo o tipo de situación de comunicación.</p> <p>B5.8. Estruturas sintáctico- discursivas propias de cada idioma.(*)</p>			
--	--	--	--	--

*Estruturas sintáctico-discursivas do inglés incluídas neste nivel:

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (and, too, also); disxunción (or); oposición (but); causa (because (of); due to); finalidade (to + infinitive; for); comparación (as/not so +Adj.+ as; more comfortable/ quickly, faster (than); the fastest); resultado (so...); condición (if; unless).
- Relacións temporais (as soon as; while).
- Afirmación (affirmative sentences; tags)
- Exclamación (What + (Adj. +) noun, e. g. What a wonderful holiday!; How + Adj., e. g. How interesting!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Well, that is a surprise! Fine! Great!).
- Negación (negative sentences with not, never, non (Noun, e. g. no problem), nobody, nothing; negative tags).
- Interrogación (Wh- questions; Aux. Questions; What is this for?; tags).
- Expresión do tempo: pasado (past simple and continuous; present perfect; past perfect); presente (present simple and continuous); futuro (going to; will; present simple and continuous + Adv.).
- Expresión do aspecto: puntual (simple tenses); durativo (present and past simple/perfect; and future continuous); habitual (simple tenses (+ Adv., e. g. usually); used to); incoativo (start –ing); terminativo (stop –ing).
- Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); capacidade (can; be able); posibilidade/probabilidade (may; might; perhaps); necesidade (must; need; have (got) to);

<p>obriga (have (got) to; must; imperative); permiso (could; allow); intención (present continuous).</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Expresión da existencia (e. g. there will be/has been); a entidade (count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic); determiners); a calidade (e. g. good at maths; rather tired). ● Expresión da cantidade (singular/plural; cardinal and ordinal numerals). ● Quantity: e. g. all (the), most, both, none. Degree: e. g. really; quite; so; a little). ● Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement). ● Expresión do tempo (points (e. g. five to (ten))); divisions (e. g. century; season), and indications (ago; early; late) of estafe; duration (from...to; during; until; since); anteriority (already; (not) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, next, last); simultaneousness (while, as); frequency (e. g. often, usually). ● Expresión do modo (Adv. and phrases of manner, e. g. easily; by post). ● Make and do.

2.3.4. CUARTO CURSO DO ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO

4º ESO				
OBX	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	CMP
<i>Bloque 1. Comprensión de textos orais</i>				
a c d i	<p>B1.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.</p> <p>Identificación do tipo de escoita necesario</p>	<p>B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os</p>	<p>PLEB1.1. Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada), mellorándoo se é o caso (sacando conclusións</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>

	<p>para realizar a tarefa (global, selectiva e detallada).</p> <p>Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.</p> <p>Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p>	<p>detalles relevantes do texto.</p> <p>B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que exista apoio visual e as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe, e que se poida volver escoitar o dito.</p> <p>B1.3. Comprender os detalles de información</p>	<p>sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala), deducindo intencións a partir do volume da voz do falante, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias.</p> <p>PLEB1.2. Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un tema educativo ou de divulgación científica, ou unha charla sobre a</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>
--	---	---	--	--

	<p>relativa a datos persoais, horarios, prezos e números, así como comprender preguntas e instrucións básicas e seguir indicacións breves relativas a necesidades cotiás ou ocupacionais relativas a situacións de comunicación básicas dos ámbitos persoal e profesional.</p> <p>B1.4. Comprender textos orais sinxelos nos que soliciten ou dean información de carácter básico e sinxelo, identificando funcións de comunicación variadas e captando tanto as liñas xerais como os aspectos secundarios de relevancia, sempre que se fale lentamente e nunha linguaxe estándar e poida pedir confirmación do entendido.</p> <p>B1.5. Comprender as ideas principais e outros aspectos relevantes para o propósito comunicativo de textos orais de carácter informal que</p>	<p>formación profesional noutros países).</p> <p>PLEB1.3. Identifica a idea principal e aspectos significativos de noticias de televisión claramente articuladas cando hai apoio visual que complementa o discurso, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua, e cando as imaxes facilitan a comprensión.</p> <p>PLEB1.4. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico (por exemplo, en contestadores automáticos, ou sobre</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CSC</p>
--	--	--	---

		<p>relaten experiencias persoais (viaxes, estudos, experiencias laborais, relacións persoais, etc.), e expresen opinións ou puntos de vista, cunha fala lenta e nunha linguaxe estándar, identificando aspectos como a secuencia temporal das experiencias (por exemplo, dunha película), e os sentimentos que suscitan.</p>	<p>como realizar un experimento na clase, ou como utilizar unha máquina ou un dispositivo no ámbito ocupacional).</p> <p>PLEB1.5. Identifica as ideas principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dous ou máis interlocutores que ten lugar na súa presenza e na que se tratan temas coñecidos ou de carácter xeral ou cotián, cando o discurso está articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua.</p> <p>PLEB1.6. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes, centros docente e lugares de traballo) ou menos habituais (por exemplo,</p>	<p>CCL</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>
--	--	--	---	--

			<p>nunha farmacia, un hospital, nunha comisaría ou nun organismo público), se pode pedir confirmación dalgúns detalles.</p> <p>PLEB1.7. Comprende, nunha conversa formal, ou entrevista na que participa (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo), información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible, sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo.</p> <p>PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>
--	--	--	--	--

			menos habituais, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas (por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade).	
Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción				
a c d i	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</p> <p>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso, escollendo os expoñentes lingüísticos</p>	<p>B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media, e de estrutura simple e clara, explotando os recursos dos que se dispón e limitando a expresión a estes; recorrendo, entre outros, a procedementos como a definición simple de elementos para os que non se teñen as palabras precisas, ou comezando de novo cunha nova estratexia cando falla a comunicación.</p> <p>B2.2. Pronunciar e entoar os enunciados de maneira clara e</p>	<p>PLEB2.1. Utiliza recursos lingüísticos para entender e facerse entender, como a utilización de expresións memorizadas ou fixas (para pedir que lle falen máis a modo, que lle repitan ou que lle aclaren) e o uso de exemplos e definicións, ou de aspectos paralingüísticos como os acenos, a entoación, etc.</p> <p>PLEB2.2. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervéna na lingua estranxeira de xeito claro e comprensible, e</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>

	<p>necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p>Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>Execución:</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Apoio e aproveitamento ao</p>	<p>comprensible, aínda que as persoas interlocutoras poidan necesitar repeticións se se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación.</p> <p>B2.3. Producir textos breves ou de lonxitude media, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, nos que se intercambia información, ideas e opinións, se xustifican de maneira simple pero suficiente os motivos de accións e plans, e se formulan hipóteses, aínda que ás veces haxa vacilacións para buscar expresións e pausas para reformular e organizar o discurso, e sexa necesario repetir o dito para axudar a persoa interlocutora a</p>	<p>persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p> <p>PLEB2.3. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (por exemplo, PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.</p> <p>PLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CD</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p>
--	---	---	--	--

	<p>máximo dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).</p> <p>Cooperación na interacción con outras persoas, verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.</p> <p>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.</p> <p>Lingüísticos:</p> <p>Modificación de palabras de significado parecido.</p> <p>Definición ou reformulación dun termo ou expresión.</p> <p>Petición de axuda.</p> <p>Paralingüísticos:</p> <p>Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións</p>	<p>comprender algúns detalles.</p> <p>B2.4. Manter o ritmo do discurso coa fluidez suficiente para facer comprensible a mensaxe cando as intervencións son breves ou de lonxitude media, aínda que poidan producirse pausas, vacilacións ocasionais ou reformulacións do que se quere expresar en situacións menos habituais ou en intervencións máis longas.</p> <p>B2.5. Interactuar de maneira sinxela pero efectiva en intercambios claramente estruturados utilizando estratexias de cooperación na interacción e fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda da persoa interlocutora.</p> <p>B2.6. Comprender preguntas e dar información básica sobre</p>	<p>menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.</p> <p>PLEB2.5. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e</p>	<p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>
--	---	--	--	---

	<p>que aclaran o significado.</p> <p>Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, proxémica, etc.).</p> <p>Uso de sons cuasilingüísticos e calidades prosódicas convencionais.</p>	<p>si mesmo e relativas aos ámbitos educativo e persoal (datos persoais, formación, opinións, plans, intereses), aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as súas respostas para facerse comprender.</p>	<p>describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.</p> <p>PLEB2.6. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade,</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>
--	---	---	---	--

			e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.	
Bloque 3. Comprensión de textos orais				
a c d e i	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>1. Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>2. Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</p> <p>3. Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.</p> <p>4. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos</p>	<p>B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</p> <p>B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas (identificar os conceptos principais e palabras clave do tema, coñecer sinónimos destas e procurar termos relacionados en internet; e localizar recursos da biblioteca do seu centro docente), para a procura de información en diferentes fontes, e analizar a súa credibilidade seguindo criterios como a autoría, a</p>	<p>PLEB3.1. Nas actividades de lectura da aula, explica como sabe inferir significados a partir do seu coñecemento do mundo, do coñecemento doutros idiomas, do contexto lingüístico, dos apoios visuais (imaxes, tipografía, deseño, etc.), así como das características do medio en que aparece impresa a información (carteis, folletos, revistas, xornais, páxinas web, etc.)</p> <p>PLEB3.2. Procura e entende información específica de carácter concreto en páxinas web e outros materiais de referencia ou</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CD</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>

	<p>principais e detalles relevantes).</p> <p>5. Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>6. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.</p> <p>7. Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p>	<p>data de publicación, ligazóns relevantes, funcionalidade e tipo de texto (divulgativo, educativo, de opinión, etc.).</p> <p>B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou salientables para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, de carácter tanto xeral como máis específico.</p> <p>B3.4. Comprender a intención de comunicación, fórmulas de saúdo, despedida e outras convencións básicas de correspondencia de</p>	<p>consulta claramente estruturados (por exemplo, enciclopedias, dicionarios, monografías, presentacións) sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses, e analiza a información tendo en conta varios criterios (autoría, fiabilidade da páxina que o publica, datas, etc.) que axuden a avaliar a credibilidade do material.</p> <p>PLEB3.3. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo e claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (por</p>	<p>CD</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CD</p>
--	--	--	--	--

	<p>carácter persoal e formal, sempre que non conteña expresións idiomáticas, e poder reaccionar de xeito adecuado a tarxetas postais, felicitacións, invitacións, citas médicas, solicitude de información, etc.</p> <p>B3.5. Seguir instrucións básicas que lle permitan, por exemplo, pór en marcha, manexar ou instalar aparellos ou aplicacións informáticas sinxelas (sempre que conteñan diagramas ou imaxes que faciliten a súa comprensión), entender unha prescrición médica, matricularse nun centro de estudos, etc.</p> <p>B3.6. Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos breves ou adaptados, ben estruturados, en rexistro estándar da lingua, con argumento lineal e con personaxes, situacións e relacións descritas de xeito claro e sinxelo.</p>	<p>exemplo, sobre lecer, cursos, bolsas e ofertas de traballo).</p> <p>PLEB3.4. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; reconece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, sempre que poida reler as seccións difíciles.</p> <p>PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos, onde se narran feitos e experiencias, reais ou</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CD</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CD</p>
--	---	---	---

			<p>imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p> <p>PLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional, como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estada de estudos no estranxeiro).</p> <p>PLEB3.7. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural, nunha</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CD</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CD</p>
--	--	--	--	---

			<p>residencia de estudantes ou nun contexto ocupacional).</p> <p>PLEB3.8. Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves, ben estruturados e nunha variante estándar da lingua, nos que o argumento é lineal e se pode seguir sen dificultade, e os personaxes e as súas relacións se describen de maneira clara e sinxela.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>
Bloque 4. Comprensión de textos orais				
a c d i	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>1. Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se</p>	<p>B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos breves ou de media lonxitude (por exemplo, reformulando estruturas a partir doutros textos de características e propósitos comunicativos similares, ou redactando</p>	<p>PLEB4.1. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo ou ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un accidente), describindo brevemente</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p>

	<p>pode ou se quere dicir, etc.).</p> <p>2. Localización e uso adecuado dos recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <p>Execución:</p> <p>1. Elaboración dun borrador.</p> <p>2. Estruturación do contido do texto.</p> <p>3. Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>4. Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>5. Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle</p>	<p>borradores previos, e revisando contido, ortografía e presentación do texto antes da súa escritura definitiva).</p> <p>B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, de carácter tanto xeral como máis específico dentro da propia área de especialización ou de interese.</p> <p>B4.3. Saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos</p>	<p>situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.</p> <p>PLEB4.2. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos.</p> <p>PLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e se transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CD</p>
--	--	---	--	--

	<p>gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.</p> <p>6. Apoio e aproveitamento ao máximo dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).</p> <p>Revisión:</p> <p>1. Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>2. Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>3. Reescritura definitiva.</p> <p>4. Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra adecuado, uso normativo de maiúsculas e minúsculas, etc.).</p>	<p>para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet (por exemplo, abreviacións ou outros en chats).</p> <p>B4.4. Seleccionar e achegar información necesaria e pertinente, axustando de maneira adecuada a expresión ao destinatario, ao propósito comunicativo, ao tema tratado e ao soporte textual, e expresando opinións e puntos de vista coa cortesía necesaria.</p> <p>B4.5. Tratar a información obtida de diversas fontes, seguindo os patróns discursivos habituais, para iniciar e concluír o texto escrito adecuadamente, organizar a información de xeito claro, ampliala con exemplos ou resumila con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal.</p>	<p>que lle resultan importantes (por exemplo, nunha páxina web ou unha revista xuvenís, ou dirixidos a un profesor ou a unha profesora), respectando as convencións e as normas de cortesía.</p> <p>PLEB4.4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra de forma lineal e coherente feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (por exemplo, sobre unha viaxe, as súas mellores vacacións, un acontecemento importante, un libro ou unha película), ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CD</p>
--	---	--	--	--

		<p>B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando importancia da presentación nas comunicacións escritas.</p>	<p>que lle parecen importantes, e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.</p> <p>PLEB4.5. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para facerse membro dunha asociación ou para solicitar unha bolsa).</p> <p>PLEB4.6. Escribe o seu currículo en formato electrónico, seguindo, por exemplo, o modelo Europass.</p> <p>PLEB4.7. Toma notas, mensaxes e apuntamentos con información sinxela e relevante sobre asuntos habituais e aspectos concretos nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional, dentro da súa especialidade ou área de interese.</p> <p>PLEB4.8. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CD</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CD</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p>
--	--	---	---	--

			soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	CCL CAA
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural				
a c d i o	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación:</p> <p>Sons e fonemas vocálicos.</p> <p>Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</p> <p>Procesos fonolóxicos básicos.</p> <p>Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración.</p> <p>B5. 2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:</p> <p>Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</p> <p>Utilización adecuada da ortografía da oración:</p>	<p>B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e recoñecer os significados e as intencións comunicativas xerais relacionados con eles.</p> <p>B5.2. Recoñecer e utilizar as principais convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación, e de uso de maiúsculas e minúsculas, así como abreviaturas e símbolos de uso común e máis específico; e saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e</p>	<p>PLEB5.1. Exprésase cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible, e utiliza adecuadamente os esquemas fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras.</p> <p>PLEB5.2. Produce textos escritos en diferentes soportes, sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.</p> <p>PLEB5.3. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e</p>	CCL CAA CCEC CSC CCL CAA CCEC CSC CCL

	<p>costumes cotiáns, e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <p>Recoñecemento da realidade plurilingüe do propio contorno.</p> <p>Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos</p>	<p>carácter histórico ou literario).</p> <p>B5.4. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal, ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.</p> <p>B5.5. Recorrer aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para identificar marcadores discursivos e tipo de expoñentes lingüísticos necesarios segundo o tipo de texto e a intención comunicativa; mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>B5.6. Apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.</p>	<p>de malentendidos interculturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>PLEB5.5. Comprende e utiliza con corrección suficiente e adecuación sociolingüística os recursos lingüísticos propios do seu nivel, e frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais da comunidade lingüística correspondente á lingua meta.</p> <p>PLEB5.6. Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica.</p> <p>PLEB5.7. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos,</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p>
--	--	---	---	---

	<p>transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais.</p> <p>Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.</p> <p>Expresión do coñecemento, a</p>	<p>B5.7. Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral e escrita, así como os seus significados asociados (por exemplo, unha estrutura interrogativa para expresar sorpresa); e distinguir a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización e á ampliación ou a restruturación da información (por exemplo, nova fronte a coñecida; exemplificación e resumo).</p> <p>B5.8. Recoñecer, e aplicar á comprensión do texto léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas</p>	<p>carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais; evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CD</p>
--	--	--	---	----------------------------------

	<p>certeza, a dúbida e a conxectura.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.</p> <p>Establecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral escrito de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións;</p>	<p>xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, así como un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente, cando o contexto ou o apoio visual facilitan a comprensión.</p> <p>B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>		
--	---	--	--	--

<p>saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Recoñecemento e uso de expresións fixas, enunciados fraseolóxicos (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión de opinións) e léxico sobre temas relacionados con contidos doutras áreas do currículo.</p> <p>Recoñecemento e uso de antónimos e sinónimos máis comúns, e de procedementos de formación de palabras mediante recursos de derivación e de composición, e</p>			
--	--	--	--

	<p>recoñecemento de "falsos amigos".</p> <p>B5.7. Recoñecemento e uso de rutinas ou modelos de interacción básicos, segundo o tipo de situación de comunicación.</p> <p>B5.8. Estruturas sintáctico- discursivas propias de cada idioma.(*)</p>			
--	---	--	--	--

*Estruturas sintáctico-discursivas do inglés incluídas neste nivel:

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (not only...but also; both...and); disxunción (or); oposición/concesión ((not...) but; ..., though); causa (because (of); due to; as; since); finalidade (to- infinitive; for); comparación (as/not so Adj. as; less/more + Adj./Adv. (than); better and better; the highest in the world); resultado (so; so that); condición (if; unless); estilo indirecto (reported information, offers, suggestions and commands).
- Relacións temporais (the moment (she left); while).
- Afirmación (affirmative sentences; tags; Me too; Think/Hope so).
- Exclamación (What + (Adj. +) noun, e. g. What beautiful horses!; How + Adv. + Adj., e. g. How very nice!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Hey, that's my bike!, You don't say!, That's terrible!).
- Negación (negative sentences with not, never, no (Noun, e. g. no chance), nobody, nothing; negative tags; me neither).
- Interrogación (Wh- questions; Aux. Questions; What is the book about?; Are you alright;? tags).

- Expresión do tempo: pasado (past simple and continuous; present perfect; past perfect); presente (simple and continuous present); futuro (going to; will; present simple and continuous + Adv.).
- Expresión do aspecto: puntual (simple tenses); durativo (present and past simple/perfect; and future continuous); habitual (simple tenses (+ Adv., e. g. every Sunday morning); used to); incoativo (be about to); terminativo (stop – ing).
- Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); capacidade (can; be able); posibilidade/probabilidade (may; might; perhaps); necesidade (must; need; have (got) to); obriga (have (got) to; must; imperative); permiso (may; could; allow); intención (present continuous).
- Expresión da existencia (e. g. there could be); a entidade (count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic, one(s); determiners); a calidade (e. g. pretty good; much too expensive).
- Expresión da cantidade (singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g. lots/plenty (of). Degree: e. g. absolutely; a (little) bit).
- Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement).
- Expresión do tempo (points (e. g. at midnight), divisions (e. g. term), and indications (ago; early; late; by the time) of time; duration (from...to; during; until; since); anteriority (already; (not) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, second, after that, finally); simultaneousness (just when); frequency (e. g. twice/four times a week; daily)).
- Expresión do modo (Adv. and phrases of manner, e. g. carefully; in a hurry).

2.3.5. PRIMEIRO CURSO DO BACHARELATO

1º BACHARELATO				
OBX	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	CMP
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
b c f	<p>B1.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>1. Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.</p> <p>Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva, detallada, etc.).</p> <p>Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.</p> <p>Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</p>	<p>B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral; a información esencial; os puntos principais; os detalles relevantes; información, ideas e opinións tanto implícitas como explícitas do texto, formuladas de maneira clara; e matices como a ironía ou o humor, ou o uso poético ou estético da lingua cando a imaxe facilita a comprensión.</p> <p>B1.3. Distinguir e aplicar á comprensión do texto oral as funcións e os significados específicos xeralmente asociados a diversas estruturas sintácticas de uso común segundo o contexto de comunicación (por exemplo, estrutura</p>	<p>PLEB1.1. Comprende instrucións, anuncios, declaracións e mensaxes detalladas, dados cara a cara ou por outros medios, sobre temas concretos, en linguaxe estándar e a velocidade normal (por exemplo, declaracións ou mensaxes institucionais).</p>	CCL CAA CCEC CSC CD
			<p>PLEB1.2. Identifica as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais de conversas e debates relativamente extensos e animados entre varias persoas interlocutoras que teñen lugar na súa presenza, sobre temas xerais, de actualidade ou do seu interese, sempre que o discurso</p>	CCL CAA CCEC CSC

- Comprensión oral dun audio para comprobar as respostas correctas dun exercicio.
- Uso do Future Continuous para falar de accións que estarán transcorrendo nun momento dado do futuro.
- English in Use: uso do Future Continuous para preguntarlle a alguén polos seus plans, sobre todo se se quere facer una petición.

Speaking

- Aplicación do vocabulario e a gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral.
- Práctica oral de conversas para falar sobre plans mediante o emprego da gramática e o vocabulario vistos.
- Interacción oral co compañeiro/a para falar sobre plans.
- English in Use, Reacting to plans: fórmulas para expresar reaccións ante un plan.
- Práctica oral de conversas para falar de tres actividades que farán dos compañeiros/as á mesma hora do día mediante o emprego da gramática e o vocabulario vistos.
- English in Use, Comparing future activities: fórmulas para comparar actividades que se realizarán no futuro.
- Entrevista a un compañeiro/a para que fale de si mesmo/a.

Pronunciation

- Entoación de *will* en respostas curtas e afirmativas ou negativas.
- Pronuncia correcta de sons de especial dificultade: /ɪ/ e /e/.

- English in Use: explicación sobre como entoar will en respostas curtas e afirmativas ou negativas.

Reading

- Lectura dun texto sobre wingsuit jumping para obter información e relacionar entre si os datos que se piden.
- Comprensión da información clave do texto.
- Identificación no texto de palabras clave mediante as súas definicións.
- Did You Know?: breve información sobre a marca batida por Johnatan Florez.

Listening

- Comprensión oral dunha conversa sobre un festival.
- Realización de varios exercicios para contestar preguntas sobre o contido da conversa.
- English in Use: diferenza de uso entre high e tall.
- Comprensión oral dunha entrevista para o xornal escolar.
- Comprensión oral dunha segunda entrevista.
- Realización de exercicios relacionados co contido das entrevistas.

Writing

- Getting Ready to Write: análise da estrutura do contido un texto descritivo.
- Análise da linguaxe típica empregada á hora de describir a unha persoa: tempos pasados para falar dos seus logros, tempos futuros para falar das súas esperanzase conectores causais e consecutivos.
- Writing Task: produción dun texto descritivo seguindo os pasos facilitados no apartado Getting Ready to Write e coa axuda do cadro English in Use.
- Comprensión oral e escrita dun texto sobre incendios.
- Demostración de que se entenderon os contidos do texto contestando varias preguntas.
- TASK: redacción dun parágrafo sobre un grande incendio do país do alumno.

c) TEMAS INTERDISCIPLINARES

- Xeografía e Historia: Persoas que practicaron deportes de risco ao longo dos tempos. As profesións que supoñen altos riscos: os correspondentes de guerra. Os peores incendios da historia.

- Valores Éticos:Respecto polos deportes de risco. Respecto cara ás profesións que supoñen perigos.Reflexión sobre a importancia de non provocar un incendio.Respecto pola sinalización.Respecto polas opinións dos demais.
- Educación Física:Deportes de risco: o paracaidismo con traxe de ás ou wingsuit.

Lingua e Literatura:Tempos futuros: be going to,will e Future Continuous.Present Simple con valor de futuro para falar de horarios. Fórmulas lingüísticas para falar sobre cousas que fixeran ou experimentaran algunha vez.Fórmulas lingüísticas para debater novas. Os conectores de causa e efecto. Lectura da prensa e artigos de revistas para a obtención de novas.Tradución galego-inglés no Workbook.

UNIDADE 2 “KINGS AND QUEENS”

a) OBXECTIVOS

- Aprender o vocabulario relacionado coa realeza, o cine e a televisión.
- Utilizar correctamente as oracións especificativas e as oracións explicativas.
- Utilizar correctamente os compostos de some, anye no.
- Ler de forma comprensiva e autónoma unha crítica da serie de televisión Xogo de tronos, unha guía de televisión dun xornal, un texto sobre artistas con tratamento real e outro sobre os acordos matrimoniais nas familias reais.
- escoitar de xeito comprensivo un debate sobre a lingua dothraki da serie Xogo de tronos e unha crítica dunha película.
- Facer un concurso de preguntas e respostas, preguntar sobre cousas relacionadas co cine e a televisión e respondelas, e falar de películas.
- Escribir unha crítica cinematográfica prestando atención ao uso dos conectores adversativos e á estrutura do texto.
- Identificar e producir os sons /s/, /k/ e /tʃ/ e practicar a entoación das preposicións en inglés.

b) CONTIDOS DIDÁCTICOS

Vocabulary

- Vocabulario relacionado coa realeza.
- Realización de exercicios para practicar o vocabulario aprendido.
- Relación de palabras do texto coas súas definicións.

- English in Use: información sobre as palabras crown e throne.
- Word Power: diferencias entre palabras da mesma familia como kill, execute, assassinate.
- Word Power: palabras con diferentes significado e funcións dentro da oración (plot, twist, character)
- Cine e televisión.
- Lectura dunha guía de televisión dun xornal.

Grammar

- Oracións especificativas para falar sobre persoas ou cousas proporcionando información fundamental sobre os substantivos que fan referencia a estas.
- Compostos con some, any e no.
- Oracións explicativas para proporcionar información extra sobre algo ou alguén.
- Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.
- English in Use: posibilidade ou non de omisión dos pronomes relativos nas oracións especificativas e as oracións explicativas.

Speaking

- Aplicación do vocabulario e da gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral.
- Interacción oral co compañeiro/a para responder preguntas a modo de concurso co vocabulario e a gramática aprendidos na unidade.
- English in Use, Giving feedback: fórmulas para dar feedback.
- Interacción oral co compañeiro/a para falar sobre unha película utilizando o vocabulario aprendido.
- Vocabulario e expresións típicas das conversas entre dúas persoas que queren concertar un encontro ou cita.
- Práctica oral de conversas relacionadas coa concertación de citas ou encontros.
- Interacción oral co compañeiro/a para practicar conversas relacionadas coa concertación de citas ou encontros utilizando as expresións dadas.

Pronunciation

- Pronunciación correcta dos sons /s/, /k/ e /tʃ/.

Reading

- Lectura dunha crítica da serie de televisión Xogo de tronos para realizar diferentes tipos de exercicios.
- Comprensión da información clave do texto.
- Identificación no texto de palabras clave mediante as súas definicións.
- Did You Know?: breve información sobre os paralelismos entre Xogo de tronos e a historia.
- English in Use: uso de each other e one another.
- Lectura dun texto sobre artistas británicos con tratamento real.

Listening

- Comprensión oral dun debate sobre a lingua dothraki da serie Xogo de tronos.
- Realización de exercicios relacionados co debate que se escoitou anteriormente.
- Comprensión oral dunha crítica de cine.
- Realización de varios exercicios para responder varias preguntas sobre o contido da crítica.

Writing

- Getting Ready to Write: análise da estrutura dos contidos dunha crítica de cine.
- Linguaxe utilizada á hora de redactar unha crítica de cine: oracións de relativo e conectores adversativos.
- Preparación antes de escribir unha crítica de cine mediante a realización de varios exercicios.
- Writing Task: produción dunha crítica de cine seguindo os pasos facilitados no apartado Getting Ready to Write e coa axuda do cadro English in Use.

c) TEMAS INTERDISCIPLINARES

- Xeografía e Historia: Datos históricos sobre a realeza británica e a española. A guerra das Dúas Rosas.Paralelismos históricos coa serie Xogo de tronos. Os acordos matrimoniais nas familias reais.
- Valores Éticos: Respecto pola realeza. Respecto polas quendas de palabra e as opinións dos demais.
- Educación Plástica, Visual e Audiovisual:Respecto polas diferentes obras artísticas relacionadas co cine e a televisión.Composición dunha árbore xenealóxica.

- Lingua e Literatura:As oracións especificativas. As oracións explicativas. Os compostos de some, anyeno.Fórmulas lingüísticas para facer preguntas e respondelas.Os conectores adversativos.Tradución galego-inglés no Workbook.
- Lingua Estranxeira:Diferenzas de significado entre kill, execute e assassinate en inglés. Uso da palabra plot como nome e como verbo en inglés. Diferenzas de significado.
- Tecnoloxía:O cine e a televisión.As guías de televisión.

UNIDADE 3 "IT'S A MYSTERY!"

a) Obxectivos

- Aprender o vocabulario relacionado cos misterios, os fenómenos naturais e os sobrenaturais.
- Utilizar correctamente Present Perfect Simple, Past Simple, Past Perfect Simple e used to.
- Ler de forma comprensiva e autónoma uns textos sobre misterios, un artigo sobre os nenos verdes de Woolpit, unhas descrições duns fenómenos naturais e sobrenaturais, un texto sobre nomes de personaxes literarios que pasaron á lingua inglesa e uns textos sobre desastres naturais.
- escoitar de xeito comprensivo a un guía turístico falar sobre un misterio, e as presentacións dos traballos escolares de dous alumnos.
- Falar sobre as novas, inventar unha historia curta cun compañeiro/a e contala, e falar sobre un fenómeno extraño.
- Escribir unha historia prestando atención ao uso do Past Continuous, o Past Simple, o Past Perfect Simple e os conectores de secuencia.
- Identificar e producir os sons /w/, /j/, /ɒ/, /əʊ/ e /ɔ:./.

b) CONTIDOS DIDÁCTICOS

Vocabulary

- Vocabulario relacionado cos misterios e con fenómenos naturais e sobrenaturais.
- Comprensión de varios textos escritos sobre misterios.
- Realización de exercicios para practicar o vocabulario aprendido.
- Did You Know?: información breve sobre o Triángulo das Bermudas.
- Word Power: phrasal verbs con look e a a irregularidade da palabra phenomena.

Grammar

- Uso do Present Perfect Simple para falar de accións que ocorreron nun período sen especificar o que son relevantes no presente e do Past Simple para falar de accións completadas nun período específico no pasado.
- Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.
- English in Use: uso do Present Perfect Simple para falar de noticias e do Past Simple para facer máis preguntas co fin de obter máis información sobre o suceso.
- Uso do Past Perfect Simple e do Past Simple para contar historias.
- Uso da expresión used to para falar de hábitos practicados no pasado.

Speaking

- Práctica oral de conversas para falar de novas mediante o emprego da gramática e o vocabulario vistos.
- Práctica oral cun compañeiro/a para contar unha historia co emprego da gramática e o vocabulario vistos.
- Práctica oral de conversas para falar de fenómenos estraños mediante o emprego da gramática e o vocabulario vistos.
- English in Use: fórmulas lingüísticas para xerar empatía.

Pronunciation

- Pronuncia correcta dos sons /w/, /j/, /ɒ/, /əʊ/ e /ɔ:./
- English in Use: pronuncia da letra w cando aparece en medio dunha palabra ou ao final.

Reading

- Comprensión escrita dun artigo sobre un feito misterioso.
- Realización de diferentes tipos de exercicios sobre o contido do texto.
- Identificación no texto de palabras clave mediante as súas definicións.
- Did You Know?: dato curioso sobre o consumo de cenorias.
- Comprensión oral e escrita de catro textos sobre fenómenos e desastres naturais.
- Realización de varios exercicios sobre o contido do texto.
- TASK: redacción dun parágrafo sobre un dos desastres naturais mencionados.

Listening

- Comprensión oral da información que proporciona un guía.
- Realización de exercicios sobre o contido da información proporcionada polo guía.
- Comprensión oral de presentacións de traballos escolares.
- Realización de varios exercicios sobre o contido das presentacións.

Writing

- Getting Ready to Write: análise da estrutura dos contidos duna historia.
- Análise da linguaxe típica empregada á hora de escribir unha historia: Past Continuous, Past Simple, Past Perfect Simple e conectores de secuencia.
- Preparación antes de escribir unha historia practicando a estrutura e a linguaxe típicas mediante a realización de varios exercicios.
- Writing Task: produción dunha historia seguindo os pasos facilitados no apartado Getting Ready to Write e coa axuda do cadro English in Use.

c) TEMAS INTERDISCIPLINARES

- Bioloxía e Xeoloxía: Os cambios de cor na pel como consecuencia da alimentación excesiva de determinados alimentos. Os desastres naturais.
- Xeografía e Historia: Os desastres naturais típicos en diferentes rexións do mundo. Os diferentes sucesos estraños que tiveron lugar en distintos lugares do mundo ao longo dos anos.
- Valores Éticos: Reflexión sobre os motivos polos que se producen os diferentes fenómenos e sobre como afectan estes á sociedade. Respecto polas quendas de intervencións na clase. Respecto polas opinións dos demais.
- Física e Química: Os fenómenos naturais, que se poden explicar a través da física e a química, fronte aos sobrenaturais.
- Lingua e Literatura: O Present Perfect Simple. O Past Simple. O Past Perfect Simple. A expresión used to. Fórmulas lingüísticas para reaccionar ante novas. Fórmulas lingüísticas para facer énfase en algo. Os conectores de secuencia. Nomes de personaxes literarios que pasaron á lingua como substantivos. Tradución galego-inglés no Workbook.

TEMA 4 “LIVING TOGETHER”.

a) OBXECTIVOS

- Aprender vocabulario relacionado coas interaccións sociais e a vida na cidade.

- Utilizar correctamente o primeiro, segundo e terceiro condicional, o condicional cero e as oracións temporais.
- Ler de forma comprensiva e autónoma unha infografía sobre as formigas, e un texto sobre organizacións que loitan contra o acoso escolar.
- escoitar de xeito comprensivo un quiz sobre animais e un programa de radio sobre varios problemas nunha cidade.
- Comparar comportamentos, desculparse, falar sobre problemas e solucións.
- Presentarse a unha entrevista para traballar como voluntario/a.
- Expresar gustos e preferencias.
- Escribir un correo electrónico sobre un problema, prestando atención ao uso do condicional e da linguaxe formal.
- Identificar e producir o son da letra g en palabras como charge ou big, e da letra j en palabras como jam, e aprender palabras que conteñen letras mudas.

b) CONTIDOS DIDÁCTICOS

Vocabulary

- Vocabulario sobre interacción social.
- Exercicios para practicar o vocabulario sobre interacción social.
- Word Power: información sobre os idioms.
- Vocabulario sobre a vida na cidade.
- Word Power: raíz da palabra employment.
- Vocabulario e expresións típicas das entrevistas cun orientador.

Grammar

- Uso do primeiro condicional para falar de situacións que se darán ou non no futuro segundo se cumpra ou non unha condición, do condicional cero para describir verdades universais e das oracións temporais para falar de acontecementos futuros e declaracións xerais.
- Uso do segundo condicional para falar de situacións hipotéticas e prestar consello, e do terceiro condicional para falar de algo que non pode pasar porque a oportunidade se perdeu.
- Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.

- Comprensión oral dun audio para comprobar as respostas correctas dun exercicio.
- English in Use: uso de modais diferentes de will e would ao utilizar os condicionais.

Speaking

- Aplicación do vocabulario e a gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral.
- Interacción oral co compañeiro/a para comparar formas de comportamento.
- Práctica oral de conversas para falar sobre problemas e solucións mediante o emprego da gramática e o vocabulario vistos.
- Práctica oral de entrevistas típicas cun orientador empregando a linguaxe vista anteriormente.
- Interacción oral co compañeiro/a para practicar entrevistas típicas cun orientador utilizando as expresións vistas e a información que se dá.

Pronunciation

- Pronunciación correcta dos sons /dʒ/ e /g/.
- Palabras con letras mudas.

Reading

- Lectura dunha infografía sobre as formigas para realizar diferentes tipos de exercicios.
- Comprensión da información clave do texto.
- Identificación no texto de palabras clave mediante as súas definicións.
- Did You Know?: datos curiosos e interesantes sobre as formigas.

Listening

- Comprensión oral da descrición de varios animais.
- Realización de exercicios sobre o contido do audio.
- Comprensión oral dun programa de radio.
- Realización de varios exercicios para responder varias preguntas sobre o programa de radio.
- Comprensión oral das preguntas realizadas por un orientador nunha entrevista.

Writing

- Getting Ready to Write: análise da estrutura dos contidos dun correo electrónico en que se fala dun problema.
- Análise da linguaxe típica empregada á hora de redactar un correo electrónico en que se fala dun problema: condicionais e linguaxe formal.
- Preparación antes de escribir un correo electrónico en que se fala dun problema practicando a estrutura e a linguaxe típicas mediante a realización de varios exercicios.
- Writing Task: produción dun correo electrónico en que se fala dun problema seguindo os pasos facilitados no apartado Getting Ready to Write e coa axuda do cadro English in Use.

c) TEMAS INTERDISCIPLINARIOS

- Bioloxía e Xeoloxía: Forma de vida das formigas e outros animais.
- Xeografía e Historia: A tribo dos sentineleses.
- Valores Éticos: Interaccións sociais e vida na cidade. O voluntariado. A importancia de manter unha actitude de respecto tanto cara ao profesor/a como cara aos compañeiros/as de clase. Aprendizaxe e respecto cara ás quendas de palabra dentro e fóra da aula.
- Tecnoloxías da Información e a Comunicación: Material dixital e interactivo para complementar o uso dos libros.
- Lingua e Literatura: O primeiro, segundo e terceiro condicional. O condicional cero. As oracións temporais. A linguaxe formal. Tradución galego-inglés no Workbook e inglés-galego no Language Builder.
- Lingua Estranxeira: Tradución de idioms.

UNIDADE 5 “MADE FOR YOU”

a) OBXECTIVOS

- Aprender vocabulario relacionado co marketing e coas compras.
- Utilizar a pasiva en presente, pasado e futuro.
- Ler de forma comprensiva e autónoma unha páxina web con información para consumidores e un texto sobre a historia do diñeiro.
- escoitar e comprender unha nova sobre o Día do Solteiro e unha conversa nunha tenda.
- Describir un produto, falar sobre o futuro e tomar unha decisión.
- Falar sobre algo para comprar ou vender.

- Escribir un artigo de opinión sobre as compras online ou en tenda, prestando atención ao uso da pasiva.
- Identificar e producir o son das letras ch en palabras como charge, sh en palabras como shopping e ge ou j en palabras como range o job.

b) CONTIDOS DIDÁCTICOS

Vocabulary

- Vocabulario sobre mercadotecnia.
- Comprensión das diferentes opinións escritas expresadas.
- Exercicios para practicar o vocabulario presentado.
- English in Use: diferenzas de vocabulario entre o inglés británico e americano.
- Vocabulario sobre compras.
- Realización de diferentes exercicios para practicar o vocabulario aprendido.
- Word Power: collocations coa palabra price.

Grammar

- Uso da pasiva en presente e pasado para centrarse na acción e non na persoa que actúa en situacións de compravenda.
- Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.
- Comprensión oral dun audio para comprobar as respostas correctas dun exercicio.
- Uso da pasiva en futuro para falar de compras en futuro e centrarse na acción.
- Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.

Speaking

- Aplicación do vocabulario e a gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral.
- Práctica oral de conversas para describir un produto visto nun anuncio mediante o emprego da gramática e o vocabulario vistos.
- English in Use, Responding to guesses: fórmulas lingüísticas frecuentes para responder a intentos de acerto.

- Práctica oral de conversas para expresar accións futuras mediante o emprego da gramática e o vocabulario vistos.
- Práctica oral de conversas actuando como cliente/a e persoal dunha tenda mediante o emprego da gramática e o vocabulario vistos.
- Práctica oral de conversas relacionadas coa mercadotecnia e as compras empregando a linguaxe vista anteriormente.
- Interacción oral co compañeiro/a para practicar conversas sobre mercadotecniae comprascoas expresións vistas e a información que se dá.

Pronunciation

- Pronuncia correcta dos sons /tʃ/, /j/ e /dʒ/, e diferenciación de pronuncia dunha mesma palabra segundo actúe como substantivo ou verbo.
- English in Use: diferenciación de pronunciación dunha mesma palabra segundo actúe como substantivo ou verbo.

Reading

- Lectura dun artigo dixital que alerta aos consumidores sobre varios aspectos.
- Realización de diferentes tipos de exercicios para demostrar a comprensión do texto.
- Identificación no texto de palabras clave mediante as súas definicións.
- Did You Know?: información curiosa sobre os hábitos de compras dos xoves.
- Word Power: información sobre as familias de palabras.
- Comprensión dun texto sobre a historia do diñeiro.

Listening

- Comprensión oral dunha nova sobre o Día do Solteiro.
- Realización de exercicios sobre o contido da nova.
- Comprensión oral dunha conversa nunha tenda.
- Realización de varios exercicios para responder sobre o contido da conversa.

Writing

- Getting Ready to Write: análise da estrutura dos contidos dun texto en que se expresa unha opinión.

- Análise da linguaxe típica empregada á hora de escribir un texto en que se expresa unha opinión: a pasiva e expresións para ofrecer unha opinión, como in my opinion, etc.
- Preparación antes de escribir un texto en que se expresa unha opinión practicando a estrutura e linguaxe típicas mediante a realización de varios exercicios.
- Writing Task: produción dunha redacción de opinión seguindo os pasos facilitados no apartado Getting Ready to
- Write e coa axuda do cadro English in Use.

c) TEMAS INTERDISCIPLINARES

- Xeografía e Historia: Historia do diñeiro.
- Valores Éticos: A publicidade enganosa e subliminar. Fórmulas axeitadas para comprar nunha tenda. A importancia de manter respecto tanto cara ao profesor/a como cara os compañeiros/as de clase. Aprendizaxe e respecto cara ás quendas de palabra dentro e fóra da aula.
- Educación Plástica, Visual e Audiovisual: A creación de publicidade e anuncios.
- Tecnoloxías da Información e a Comunicación: Internet como ferramenta para o comercio e a mercadotecnia. Material dixital e interactivo para complementar o uso dos libros.
- Lingua e Literatura: A pasiva en presente, pasado e futuro. Diferenzas entre as palabras ad e advert. Familias de palabras. Tradución galego-inglés no Workbook e inglés-galego no Language Builder.
- Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas: Economía e diñeiro.
- Lingua Estranxeira: Diferencias entre o inglés británico e o americano.
- Tecnoloxía: A compra e venda online a través do ordenador ou outros dispositivos.

UNIDADE 6 "SAVING OUR PLANET"

a) OBXECTIVOS

- Aprender vocabulario relacionado co medio ambiente e a reciclaxe.
- Utilizar correctamente o estilo indirecto e os verbos declarativos.
- Ler de forma comprensiva e autónoma un informe sobre a limpeza do mar e un texto sobre as illas Galápagos.
- escoitar e comprender unha entrevista radiofónica e unha enquisa sobre a reciclaxe.
- Dicar o que dixo outra persoa, falar sobre unha conversa e facer unha enquisa.

- Frases que se utilizan ao chegar a un hotel.
- Escribir un post sobre unha viaxe, incluíndo conectores copulativos.
- Identificar e producir o son de th en palabras como think ou they. Identificar e producir o son do u curto ou longo en palabras como look ou too.

b) CONTIDOS DIDÁCTICOS

Vocabulary

- Vocabulario relacionado co medio natural.
- Realización de diferentes exercicios para practicar o vocabulario aprendido.
- Relación de palabras clave do texto coas súas definicións.
- Word Power: prefixos e sufixos: re- e -able.
- Vocabulario relacionado coa reciclaxe.
- Realización de diferentes exercicios para practicar o vocabulario aprendido.
- Relación de palabras del texto coas súas definicións
- English in Use: uso das palabras tin e can no inglés británico e americano.
- Vocabulario e expresións típicas na recepción dun hotel

Grammar

- Uso do estilo indirecto para reproducir o dito por outra persoa. (statements, questions, commands and requests)
- Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.
- English in Use: a conxunción that e os verbos say, tell e think.
- Verbos declarativos: promise e enquire.
- Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.

Speaking

- Aplicación do vocabulario e da gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral.
- Práctica oral de conversas utilizando o estilo indirecto mediante o emprego da gramática e o vocabulario vistos.

- Práctica oral de conversas realizando unha enquisa, usando o vocabulario e gramática estudadas.
- English in Use, Sequencing: conectores de secuencia.
- Práctica oral de conversas entre un hóspede e un recepcionista.
- Interacción oral co compañeiro/a para practicar conversas entre un hóspede e un recepcionista coas expresións vistas.

Pronunciation

- Pronuncia correcta dos sons /θ/, /ð/, /ʊ/ e /u:/.

Reading

- Lectura dun texto sobre a contaminación marítima.
- Realización de diferentes exercicios sobre o contido do texto.
- Identificación no texto de palabras clave mediante as súas definicións.
- English in Use: uso de about, approximately e around.
- Did You Know?: información sobre TED.
- Lectura dun texto sobre as illas Galápagos.

Listening

- Comprensión oral dunha entrevista na radio.
- Diferentes exercicios para demostrar a comprensión da información clave da entrevista na radio.
- Comprensión oral dunha enquisa.
- Realización de varios exercicios para responder varias preguntas sobre a enquisa.

Writing

- Getting Ready to Write: análise da estrutura dos contidos dun comentario para expresar unha opinión sobre un lugar.
- Análise da linguaxe típica empregado á hora de escribir un comentario para expresar unha opinión sobre un lugar: estilo indirecto para reproducir o que outros dixeron sobre o lugar e conectores copulativos.
- Preparación antes de escribir un comentario para expresar unha opinión practicando a estrutura e a linguaxe típicas mediante a realización de varios exercicios.

- Writing Task: produción dun comentario para expresar unha opinión seguindo os pasos facilitados no apartado
- Getting Ready to Write e coa axuda do cadro English in Use.

c) TEMAS INTERDISCIPLINARIOS

- Bioloxía e Xeoloxía:O medio natural.A contaminación. A reciclaxe. O quecemento global.As enerxías renovábeis.
- Xeografía e Historia: Os océanos e o seu coidado.Islandia. As illas Galápagos.
- Valores Éticos:Celebración de Earth Day.Coidado do medio natural.Formulación e resolución de problemas do medio naturais. A importancia de manter unha actitude de respecto tanto cara ao profesor/a como cara aos compañeiros/as da clase.Aprendizaxe e respecto cara ás quendas de palabra dentro e fóra da aula.
- Física e Química:As enerxías renovábeis.
- Tecnoloxías da Información e a Comunicación: Material dixital e interactivo para complementar o uso dos libros.
- Lingua Castelá e Literatura:O estilo indirecto. Os verbos declarativos.Prefixos: re-.Sufixos: -able.Tradución galego- inglés no Workbook e inglés-galego no Language Builder.
- Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas:Reconto de respostas nunha enquisa ou sondaxe.
- Lingua Estranxeira:Diferenzas de significado entre algunhas palabras en inglés británico e americano.
- Tecnoloxía: Uso dos blogs para encontrar ou compartir información sobre viaxes.

UNIDADE 7 “BE HEALTHY”

a) OBXECTIVOS

- Aprender vocabulario relacionado coas partes do corpo e cos problemas de saúde.
- Utilizar correctamente os verbos modais.
- Ler de forma comprensiva e autónoma un artigo online sobre un mozo que quedou en coma tras un accidente de tráfico e un texto sobre as fobias.
- escoitar e comprender unha conversa sobre tres atletas e outra sobre problemas de saúde.
- Especular, falar sobre a saúde e sobre imaxes.

- Falar co médico.
- Escribir un correo electrónico informal, prestando atención ás fórmulas ou expresións de apertura e de peche.
- Identificar e produciro son do i longo en palabras como sneeze ou be, e do son /ai/ en palabras como like ou by. A acentuación dos modais na oración.

b) CONTIDOS DIDÁCTICOS

Vocabulary

- Vocabulario relacionado co corpo humano.
- Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario clave do texto e demostrar que se comprenderon os contidos.
- Word Power: idioms e partes do corpo.
- Vocabulario relacionado con problemas de saúde.
- Diferenzas de vocabulario entre o inglés británico e americano.
- Vocabulario e expresións típicas do médico e o paciente na consulta.

Listening

- Comprensión oral dunha conversa de tres atletas na radio.
- Realización de varios exercicios para demostrar que se comprenderon o contido da conversa.
- Comprensión oral de diálogos nun colexio sobre problemas de saúde.
- Realización de varios exercicios para responder varias preguntas sobre os diálogos.
- Comprensión oral de diálogos na consulta do médico, entre paciente e médico.

Grammar

- Uso dos modais may e might para falar de posibilidade e de can, could e be able to para expresar capacidade e posibilidade.
- Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.
- English in Use: o verbo allow para dar permiso.
- Comprensión oral dun audio para comprobar as respostas correctas dun exercicio.
- Uso dos modais should para prestar consello, must, have to e need to para falar sobre unha obriga ou necesidade e mustn't para expresar prohibición.

- Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.
- English in Use: uso de needn't na linguaxe formal.

Speaking

- Aplicación do vocabulario e da gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral.
- Práctica oral de conversas para especular sobre problemas de saúde e dar consellos mediante o emprego da gramática e o vocabulario vistos.
- Práctica oral a modo de médico e paciente empregando a linguaxe vista anteriormente.
- Interacción oral co compañeiro/a para practicar unha conversa entre un médico e un paciente nunha consulta.

Pronunciation

- Pronunciación correcta dos sons /i:/ e /aɪ/.
- Entoación correcta de oracións con modais.

Reading

- Lectura dun artigo dixital sobre música e saúde.
- Exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto.
- Identificación no texto de palabras clave mediante as súas definicións.
- Did You Know?: información curiosa sobre a capacidade de aprender e esquecer linguas tras un coma.
- English in Use: uso de did en oracións afirmativas para mostrar énfase.
- Comprensión escrita dun texto sobre una aplicación para combater fobias.

Writing

- Getting Ready to Write: análise da estrutura dun correo electrónico informal.
- Análise da linguaxe típica empregada á hora de escribir un correo electrónico informal: modais e fórmulas informais de saúde e despedida.
- Preparación antes de escribir correo electrónico mediante a realización de varios exercicios.
- Writing Task: produción dun correo electrónico seguindo os pasos facilitados no apartado Getting Ready to Write e coa axuda do cadro English in Use.

c) TEMAS INTERDISCIPLINARIOS

- Bioloxía e Xeoloxía:As partes do corpo.A saúde.
- Valores Éticos:A importancia de coidar da propia saúde. A doazón de órganos.As terapias alternativas (música, animais...).A importancia de manter unha actitude de respecto tanto cara ao profesor/a como cara aos compañeiros/as da clase. Aprendizaxe e respecto cara ás quendas de palabra dentro e fóra da aula.
- Educación Física:Atletas que se recuperaron dalgún problema de saúde.
- Tecnoloxías da Información e da Comunicación:Uso das novas tecnoloxías para facer tratamentos de saúde.Material dixital e interactivo para complementar o uso dos libros.
- Lingua e Literatura:Os verbos modais: may, might, can, could, be able to, should, must / have to / need to e mustn't. Idioms relacionados coas partes do corpo.Uso do verbo auxiliar did para enfatizar unha acción.Tradución galego-inglés no Workbook e inglés-galego no Language Builder.
- Música:A música como terapia para recuperarse dun coma.
- Tecnoloxía: Envío de correos electrónicos informais.Lectura de artigos online.

UNIDADE 8 “MAKING SENSE”

a) OBXECTIVOS

- Aprender vocabulario relacionado cos sentidos e os adxectivos descritivos.
- O uso do xerundio e o infinitivo.
- Ler de forma comprensiva e autónoma unha entrada de blog sobre viaxes especiais que se organizan para persoas cegas e un texto sobre a multiculturalidade de Londres.
- escoitar de xeito comprensivo unha conversa sobre un experimento e un diálogo sobre unha experiencia.
- Falar sobre os sentidos, sobre un mesmo e comentar unha experiencia.
- Pedir indicacións no metro.
- Escribir una descrición sobre unha experiencia, prestando atención ao uso de adxectivos e adverbios.
- Identificar e producirsons de especial dificultade en palabras como sudden, bland e smooth. A acentuación dos adverbios de cantidade na oración.

b) CONTIDOS DIDÁCTICOS

Vocabulary

- Vocabulario relacionado cos sentidos.
- Exercicios para practicar o vocabulario dos sentidos.
- Word Power: expresións coa palabra sight.
- Os adxectivos descriptivos.

Grammar

- Uso do xerundio como suxeito da oración e tras certos verbos, preposicións e expresións, e do infinitivo tras certos verbos e adxectivos.
- Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.
- Comprensión oral dun audio para comprobar as respostas correctas dun exercicio.
- English in Use: verbos que poden ir seguidos tanto de infinitivo como de xerundio.
- Cambio de significado de certos verbos cando van seguidos de xerundio ou infinitivo.

Speaking

- Aplicación do vocabulario e da gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral.
- Práctica oral de conversas para falar sobre os sentidos mediante o emprego da gramática e o vocabulario vistos.
- English in Use, Asking for clarification: expresións para pedir unha aclaración.
- Práctica oral de conversas para falar sobre unha experiencia mediante o emprego da gramática e o vocabulario vistos.

Reading

- Lectura dunha entrada de blog sobre unha empresa turística para cegos.
- Exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto.
- Identificación no texto de palabras clave mediante as súas definicións.
- Did You Know?: información sobre o sistema de escritura braille.

Listening

- Comprensión oral dunha exposición sobre un experimento.

- Exercicios para demostrar a comprensión da información clave da exposición.
- Comprensión oral dun diálogo sobre unha experiencia.
- Realización de varios exercicios para responder varias preguntas sobre o diálogo.

Writing

- Getting Ready to Write: análise da estrutura da descrición dunha experiencia.
- Análise da linguaxe típica empregada á hora de describir unha experiencia: adxectivos e adverbios para proporcionar unha descrición máis precisa.
- Preparación antes de escribir unha descrición dunha experiencia mediante a realización de varios exercicios.
- Writing Task: descrición dunha experiencia seguindo os pasos facilitados no apartado Getting Ready to Write e coa axuda do cuadro English in Use.

c) TEMAS INTERDISCIPLINARIOS

- Bioloxía e Xeoloxía: Os sentidos.As discapacidades.
- Xeografía e Historia:As viaxes e actividades especiais para persoas con algunha minusvalía. Diferenzas culturais e sociais respecto aos sentidos.As viaxes.
- Valores Éticos: Fórmulas axeitadas para pedir indicacións no metro. Respecto polas persoas que teñen algunha minusvalía.Respecto polas experiencias particulares de cada un/a.A importancia de manter unha actitude de respecto tanto cara ao profesor/a como cara aos compañeiros/as da clase.Aprendizaxe e respecto cara ás quendas de palabra dentro e fóra da aula.
- Tecnoloxías da Información e da Comunicación:O uso de Internet para comunicarse e recabar información. Material dixital e interactivo para complementar o uso dos libros.
- Lingua e Literatura:Os xerundios e os infinitivos.Os adxectivos descritivos. Os adverbios de cantidade.Palabras que se confunden con facilidade en inglés.Expresións con sight. Tradución galego-inglés no Workbook e inglés- galego no Language Builder.
- Tecnoloxía: O blog e a páxina web.

2.4.5. PRIMEIRO CURSO DO BACHARELATO

1º BACHARELATO		
TRIMESTRE	MES	UNIDADE DIDÁCTICA
1ª Aval.	09 / 2021	UNIDADE 1 "BLOOD IS THICKER THAN WATER"
	10 / 2021	
2ª Aval.	10 / 2021	UNIDADE 2 "IT'S RAINING CATS AND DOGS"
	11 / 2021	
	12 / 2021	UNIDADE 7 "YOU CAN'T TEACH AN OLD DOG NEW TRICKS"
2ª Aval.	01 / 2022	UNIDADE 3 "FACE THE MUSIC"
	02 / 2022	UNIDADE 4 "MY LIPS ARE SEALED"
3ª Aval.	03 / 2022	UNIDADE 5 "AN APPLE A DAY KEEPS THE DOCTOR AWAY"
	04 / 2022	UNIDADE 6 "HIT THE BOOKS!"
	05 / 2022	UNIDADE 8 "DON'T ROCK THE BOAT"
Avaliación Extraordinaria	06 / 2022	Actividades de repaso, reforzo e/ou ampliación

O número de sesións por unidade non se pode aproximar xa que dependen do nivel do alumnado, das sesións non realizadas e dos festivos estipulados no calendario escolar 2021/2022 que coincidan con días lectivos.

O curso comezará coa presentación da aula virtual do grupo, así como dos materiais necesarios, hábitos de clase, vocabulario e frases útiles, estruturas, enlaces web do libro, correos electrónicos para ensino online ou semipresencial, e avaliación inicial.

UNIDADE 1 BLOOD IS THICKER THAN WATER**a) OBXECTIVOS**

- Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre a tendencia de poñer nomes pouco convencionais aos bebés.
- Aprender vocabulario relacionado coa familia.
- Repasar o Present Simple, o Present Continuous, o Past Simple, o Past Continuous, o Future Simple, be going to, o Present Perfect Simple e o Past Perfect Simple.

- Aprender construcións de verbos: O Infinitivo e o Xerundio.
- Comprender a información clave dunha entrevista de radio e de varios monólogos.
- Realizar de forma oral unha entrevista persoal.
- Redactar un texto narrativo, empregando correctamente as expresións temporais e os conectores de secuencia.
- Pronunciar correctamente os sons /s/, /z/ e /iz/.
- Afianzar estratexias para a realización de exames.

b) CONTIDOS DIDÁCTICOS

Vocabulary

- Aplicación do vocabulario do texto na sección Words from the Text.
- Sufixos para formar adxectivos.
- Aplicación do vocabulario visto anteriormente na sección Words in Use.
- Comprensión do vocabulario clave sobre as relacións familiares.
- Collocations con get .

Grammar

- Expresión de hábitos e actividades: Present Simple. Uso e formación. Expresións temporais.
- Expresión de accións en curso e plans programados para un futuro próximo: Present Continuous. Uso e formación. Expresións temporais.
- Expresión de accións pasadas: Past Simple e Past Continuous. Uso e formación. Expresións temporais.
- Expresión de accións futuras co Future Simple e be going to. Uso e formación. Expresións temporais.
- Expresión de accións pasadas: Present Perfect Simple e Past Perfect Simple. Uso e formación. Expresións temporais.
- Verbos seguidos de xerundio e infinitivo. Os usos máis comúns do infinitivo e xerundio. Comparación e Contraste co idioma propio.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.
- LivingEnglish: práctica de expresións coloquiais, co emprego das estruturas gramaticais presentadas na unidade, en contextos comunicativos habituais.

Reading

- Introducción ao tema que trata o texto, a partir dunhas preguntas.
- Predición do contido dun texto a partir do título, a introdución e as partes resaltadas noutra cor. Contraste entre as predicións feitas polos alumnos/as e o contido real do texto.
- Comprensión dun texto sobre os nomes pouco convencionais que algúns pais lles poñen aos seus fillos/as, para realizar diferentes actividades de comprensión parecidas e relacionadas coas da PAU.
- Identificación no texto de palabras sinónimas e antónimas ás que se dan.
- Falsefriends destacados no texto.
- Expresión da opinión persoal sobre o tema que trata o texto, a través da sección Have Your Say.
- Datos curiosos relacionados co tema do texto.
- Word Power: ampliación do vocabulario visto na sección.

Listening

- Introducción ao tema que trata a entrevista, a partir dunhas preguntas.
- Comprensión oral dunha entrevista de radio á autora dun libro que analiza como pode influír o nome dunha persoa na súa vida, para elixir as respostas correctas.
- Comprensión oral de varios monólogos nos que uns adolescentes falan sobre a relación que teñen coas súas familias, para realizar distintas actividades.
- Comprensión oral de distintos rexistros e formatos: monólogos.
- Expresión da experiencia persoal sobre o tema do listening, a través da sección Have Your Say.
- Listen Closely: comprensión oral de varias frases, para identificar o significado da palabra like en cada unha delas.
- Expresión da opinión persoal sobre o tema do listening, a través da sección Have Your Say.
- Web Quest: procura en Internet de información sobre os nomes de bebés máis populares en Gran Bretaña, para elaborar un gráfico relacionado co tema.
- Techno Option: opción de realizar unha infografía online.
- Word Power: ampliación do vocabulario visto na sección.

Speaking

- Práctica oral das funcións comunicativas presentadas na unidade, co emprego do vocabulario que aparece nela.
- Interacción oral co compañeiro/a para realizar unha entrevista utilizando as expresións dadas.
- Tip: a importancia de dar respostas detalladas.
- Living Culture: os costumes propios doutras culturas á hora de saudar a unha persoa por primeira vez.
- Pronunciation: Pronuncia dos sons /s/, /z/ e /iz/ Writing
- Análise da estrutura dun texto narrativo.
- Tip: uso correcto dos tempos verbais nos textos narrativos.
- Estudo e práctica das expresións temporais e dos conectores de secuencia.
- Produción dun texto narrativo seguindo as indicacións do apartado Writing Task e autocorrección da tarefa a través da Checklist.

c) TEMAS INTERDISCIPLINARES

- Filosofía: A relación dos adolescentes coas súas familias. A influencia que pode ter o nome na vida dunha persoa. As redes sociais e o perigo do seu uso irresponsábel. Os costumes propios das distintas culturas ao coñecer unha persoa. Cambios nos roles tradicionais asignados ao home e á muller na familia: pais que deciden deixar o seu traballo para dedicarse ao coidado dos seus fillos/as e nais que continúan coa súa carreira profesional.
- Historia do mundo contemporáneo: A importancia de Internet na sociedade contemporánea.- As novas tecnoloxías como instrumento cotián.- As redes sociais como medio de comunicación.
- Lingua e literatura: Técnicas de lectura: predicir o contido dun texto a partir do título, da introdución e das partes resaltadas noutra cor. Sufixos para formar adxectivos. Técnicas de escritura. estrutura dun texto narrativo. Composición dun texto. Uso de expresións temporais e conectores de secuencia.

UNIDADE 2 IT'S RAINING CATS AND DOGS

a) OBXECTIVOS

- Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre unha técnica que utilizan algúns gobernos para modificar o estado do tempo nalgúns lugares.
- Aprender vocabulario relacionado co tempo meteorolóxico.

- Utilizar correctamente o Future Perfect Simple e o Future Continuous.
- Comprender a información global e a específica de varios monólogos e dun boletín informativo da radio.
- Describir oralmente unha fotografía.
- Redactar un correo electrónico informal, prestando especial atención aos adverbios de modo e de intensidade.
- Pronunciar correctamente os sons vocálicos similares aos contidos en palabras como storm, suppose e probably.
- Afianzar estratexias para a realización de exames.

b) CONTIDOS DIDÁCTICOS

Vocabulary

- Aplicación do vocabulario do texto na sección Words from the Text.
- Formación de nomes compostos.
- Aplicación do vocabulario visto anteriormente na sección Words in Use .
- Comprensión do vocabulario clave relacionado co tempo meteorolóxico.

Grammar

- Expresión de accións futuras co Future Perfect Simple e o Future Continuous. Uso e formación. Expresións temporais.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.
- LivingEnglish: práctica de expresións coloquiais co emprego das estruturas gramaticais presentadas na unidade en contextos comunicativos habituais.

Reading

- Introducción ao tema que trata o texto, a partir dunhas preguntas.
- Lectura da primeira liña de cada parágrafo para identificar a idea principal que contén.
- Comprensión dun texto sobre unha técnica que utilizan algúns gobernos para modificar o estado do tempo nalgúns lugares, co fin de realizar diferentes actividades de comprensión parecidas e relacionadas coas da PAU.
- Identificación no texto de palabras sinónimas ás que se dan.

- Falsefriends destacados no texto.
- Expresión da opinión persoal sobre o tema que trata o texto, a través da sección Have Your Say.
- Word Power: ampliación do vocabulario visto na sección.

Listening

- Introducción ao tema do listening, a partir dunhas preguntas.
- Comprensión oral de varios monólogos nos que unhas persoas falan sobre os seus traballos relacionados co tempo, para relacionar as frases cos seus interlocutores.
- Expresión da opinión persoal sobre o tema do listening, a través da sección Have Your Say.
- Comprensión oral dun boletín informativo da radio no que se fala sobre o tempo en Marte, para realizar distintas actividades.
- Comprensión oral de distintos rexistros e formatos: un boletín informativo na radio.
- Información sobre o tempo en Marte.
- Listen Closely: comprensión oral de varias frases para identificar as palabras que mostran acordo ou desacordo.
- Web Quest: procura en Internet de información sobre un dos traballos relacionados co tempo, para despois elaborar un folleto informativo.
- Techno Option: opción de elaborar un folleto online.
- Word Power: ampliación do vocabulario visto na sección.

Speaking

- Práctica oral das funcións comunicativas presentadas na unidade, co emprego do vocabulario que aparece nela.
- Interacción oral co compañeiro/a para describir unha fotografía, utilizando as expresións dadas.
- Living Culture: comidas e deportes populares dalgúns países.
- Pronunciation: Pronuncia dos sons vocálicos similares aos contidos en palabras como storm, suppose e probably.

Writing

- Análise da estrutura dunha carta ou dun correo electrónico informal.

- Tip: uso de termos informais e dalgúns signos de puntuación á hora de redactar un correo electrónico informal.
- Estudo e práctica dos adverbios de modo e de intensidade.
- Produción dun correo electrónico seguindo as indicacións do apartado Writing Task e autocorrección da tarefa a través da Checklist.

c) TEMAS INTERDISCIPLINARES

- Economía:Técnicas de mercadotecnia dalgunhas empresas.
- Xeografía:Situación de Groenlandia.Localización xeográfica da zona de tornados de Estados Unidos.Información sobre as razóns polas que Estados Unidos é o país que sofre o maior número de tornados en todo o mundo.
- Análise da estrutura dunha noticia.
- Tip: uso do estilo indirecto á hora de dar a coñecer as reaccións ou os comentarios doutras persoas, co fin de redactar unha noticia.
- Estudo e práctica das conxuncións causais, consecutivas e finais.
- Produción dunha noticiaseguindo as indicacións do apartado Writing Taske autocorrección da tarefa a través da Checklist.
- Redacción dun texto de opinión usando as conxuncións causais, consecutivas e finais estudadas na unidade.

- Produción dun resumo de un dos textos lidos da unidade ou dun texto tipo ABAU proporcionado pola profesora.

c) TEMAS INTERDISCIPLINARES

- Psicoloxía: A reinserción social de presos. A xustiza restaurativa.
- Economía da empresa: Medidas de seguridade nos bancos.
- Literatura universal: Lectura do relato Vinte anos despois do autor estadounidense O. Henry.

UNIDADE 6 MONEY MAKES THE WORLD GO ROUND

a) OBXECTIVOS

- Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre varios actos solidarios.
- Aprender vocabulario relacionado co diñeiro.
- Utilizar correctamente as oracións de relativo especificativas e explicativas.
- Comprender a información global e a específica de varias conversacións e noticias.
- Describir de maneira oral unha situación.
- Redactar un texto de opinión, prestando especial atención a todas as destrezas de expresión escrita aprendidas.
- Pronunciar correctamente os sons vocálicos similares aos contidos en palabras como “money”, “broke”, “obvious” e “do”.
- Afianzar estratexias para a realización de exames.

b) CONTIDOS DIDÁCTICOS

Vocabulary

- Aplicación do vocabulario do texto introductorio da unidade na sección Words from the Text.
- Substantivos e adxectivos seguidos de preposición.
- Aplicación do vocabulario visto anteriormente na sección Words in Use.
- Comprensión do vocabulario clave relacionado co diñeiro.
- Expresións coas palabras cost e price.

Grammar

- As oracións de relativo especificativas e explicativas. Uso e formación.

- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.
- Living English: práctica de expresións coloquiais co emprego das estruturas gramaticais presentadas na unidade en contextos comunicativos habituais.

Listening

- Introducción aos temas dos listening a partir da valoración dalgúns aspectos relacionados coas compras.
- Comprensión oral de varios monólogos e diálogos nos que unhas persoas comentan situacións que viviron cando foron de compras, para elixir a resposta correcta.
- Comprensión oral de distintos rexistros e formatos: monólogos e diálogos.
- Omprensión oral de tres noticias relacionadas co diñeiro, para realizar diversas actividades.
- Expresión da opinión persoal sobre os temas dos listening, a través da sección Have Your Say.
- Listen Closely: comprensión oral de expresións que indican necesidade e ausencia da mesma, para despois completar unhas frases.
- Web Quest: preparación dunha infografía que inclúa un comparador de prezos de varios produtos dunha mesma categoría e o mellor lugar onde adquirilos.
- Word Power: ampliación do vocabulario visto na sección.

Speaking

- Práctica oral das funcións comunicativas presentadas na unidade co emprego do vocabulario que aparece nela.
- Interacción oral co compañeiro/a para falar sobre as situacións que se mostran nas fotografías, utilizando as expresións dadas.
- Living Culture: información sobre algunhas moedas menos coñecidas.

Pronunciation

- Pronuncia correcta dos sons vocálicos similares aos contidos en palabras como “money”, “broke”, “obvious” e “do”.

Reading

- Introducción ao tema que trata o texto a partir dunha pregunta.
- Comprensión das referencias pronominais do texto.

- Comprensión dun texto sobre varios actos solidarios que se levan a cabo en distintas partes do mundo, para realizar diferentes actividades de comprensión parecidas e relacionadas coas da PAU.
- Exam Focus: consellos para contestar a preguntas dando unha opinión persoal.
- Identificación no texto de palabras antónimas ás que se dan.
- False friends destacados no texto.
- Expresión da opinión persoal sobre o tema que trata o texto, a través da sección Have Your Say.
- Word Power: ampliación do vocabulario visto na sección.

Writing

- Repaso da estrutura dun texto de opinión e as expresións e “linking words” típicas deste tipo de texto.
- Tip: uso dos “verbos estáticos” para expresar as ideas do autor/a do texto.
- Práctica das destrezas de expresión escrita adquiridas ao longo do curso.
- Produción dun texto de opinión seguindo as indicacións do apartado Writing Task.
- Producción dun resumo de un dos textos lidos da unidade ou dun texto tipo ABAU proporcionado polo profesor.

2.5. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN: TRANSICIÓN AO ENSINO NON PRESENCIAL

Unha transición posible ao ensino non presencial, se esta fose necesaria, implicaría adaptar o currículo aos graos mínimos de adquisición que de seguido se recollen, polo tempo que a modalidade a distancia estivera vixente.

2.5.1. PRIMEIRO CURSO DO ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO

O alumnado deberá mostrar un dominio en grao mínimo dos cinco bloques de contidos expostos na presente programación: 1: Comprensión de textos orais ; 2: Produción de textos orais: expresión e interacción; 3: Comprensión de textos escritos; 4: Produción de textos escritos: expresión e interacción; 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural.

Entre eles destacamos os seguintes:

- Comprensión da idea xeral e as informacións específicas mais relevantes de textos orais, emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais, sobre asuntos cotiáns producidos amodo e con claridade.

- Identificación da idea xeral e extracción de información específica de textos escritos adecuados á idade, con apoio de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados relacionados con temáticas e vocabulario traballados ao longo do curso, respondendo a preguntas, identificando información falsa, completando frases, etc.
- Redacción de textos breves en diferentes soportes utilizando as estruturas, as funcións e o léxico adecuados, así como algúns elementos básicos de cohesión, a partir de modelos, e respectando as regras elementais de ortografía e de puntuación.
- Desenvolverse na maioría das actividades de aula facendo un emprego espontáneo da lingua estranxeira.
 - Ler a leituríña obrigatoria, que este curso 2021-2022 será *The Ghost Teacher* da editorial Burlington Books.
- COÑECEMENTOS LINGÜÍSTICOS, GRAMÁTICA E VOCABULARIO:
 1. Artigo determinado e indeterminado (the /a / an / some / any)
 2. Os demostrativos this, that, these e those
 3. Pronomes persoais suxeito e obxecto
 4. Presente do verbo to be e have got (afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves)
 5. Adxectivos e pronomes posesivos
 6. Xenitivo saxón
 7. There is e there are (afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves)
 8. Os plurais dos substantivos (regulares e irregulares)
 9. Presente simple dos verbos (afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves)
 10. Adverbios de frecuencia
 11. Adverbios de tempo e preposicións asociadas a expresións de tempo
 12. Preposicións de lugar
 13. Pronomes interrogativos (when, what, where, ...)
 14. Presente continuo (afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves)
 15. Os modais: can/can't, must e should
 16. Pasado do verbo to be (afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves)

17. There was e There were

18. Pasado simple de verbos regulares e algúns irregulares (afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves)

19. Léxico, vocabulario, fórmulas e expresións correspondentes ás unidades programadas.

2.5.2. SEGUNDO CURSO DO ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO

O alumnado deberá mostrar un dominio en grao mínimo dos cinco bloques de contidos expostos na presente programación: 1: Comprensión de textos orais ; 2: Producción de textos orais: expresión e interacción; 3: Comprensión de textos escritos; 4: Producción de textos escritos expresión e interacción; 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural.

Entre eles destacamos os seguintes:

- Comprensión da idea xeral e as informacións específicas máis relevantes de textos orais, emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais, sobre asuntos cotiáns producidos amodo e con claridade.
- Identificación da idea xeral e extracción de información específica de textos escritos adecuados á idade, con apoio de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados relacionados con temáticas e vocabulario traballados no libro de texto *New English in Use 2* da editorial Burlington Books, respondendo a preguntas, identificando información falsa, completando frases, etc.
- Redacción de textos breves en diferentes soportes utilizando as estruturas, as funcións e o léxico adecuados, así como algúns elementos básicos de cohesión, a partir de modelos, e respectando as regras elementais de ortografía e de puntuación.
- Desenvolverse na maioría das actividades de aula facendo un uso espontáneo da lingua estranxeira.
 - Ler a leitureña obrigatoria, que este curso 2021-2022 será *The Canterville Ghost* da editorial Burlington Books.
- COÑECEMENTOS LINGÜÍSTICOS, GRAMÁTICA E VOCABULARIO:
 1. Pronomes persoais suxeito e obxecto, adxectivos e pronomes posesivos
 2. Present Simple (afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves)
 3. Present Continuous (afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves)
 4. Contraste Present Simple e Continuous
 5. There is e There are
 6. Past Simple do verbo TO BE (afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves)

7. There was e There were
8. Past Simple de verbos regulares e irregulares (afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves)
9. Past Continuous (afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves)
10. Contraste Past Simple e Continuous
11. Future 'BE GOING TO': plans e intencións (afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves)
12. Future 'WILL': predicións (afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves)
13. Present Perfect Simple (afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves)
14. Expresións de tempo propias de cada un destes tempos verbais
15. Adxectivos: grado comparativo e superlativo de adxectivos regulares e dos irregulares "good" e "bad"
16. Substantivos contables e incontables
17. Os determinantes a / an / some / any, os cuantificadores a lot of / many / much e How much / How many
18. Adverbios de modo
19. Preposicións de tempo y de lugar
20. Partículas interrogativas (who, what, when...)
21. Emprego de like / love / hate + xerundio (-ing)
22. First conditional
23. Os verbos modais: can / can't; must / mustn't; have to / don't have to; should / shouldn't
24. Léxico, vocabulario, fórmulas e expresións correspondentes ás unidades programadas.

2.5.3. TERCEIRO CURSO DO ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO

O alumando deberá mostrar un dominio en grao mínimo dos cinco bloques de contidos expostos na presente programación: 1: Comprensión de textos orais ; 2: Producción de textos orais: expresión e interacción; 3: Comprensión de textos escritos; 4: Producción de textos escritos : expresión e interacción; 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural.

Entre eles destacamos os seguintes:

- Comprensión da idea xeral e a específica, a idea principal e algúns detalles relevantes de textos orais, sobre temas concretos e coñecidos (o tempo libre, as preferencias, experiencias persoais, etc), e de mensaxes sinxelas emitidas con claridade por medios audiovisuais.
- Comprensión da información xeral e todos os datos relevantes de textos escritos auténticos e adaptados, de extensión variada, diferenciando feitos e opinións e identificando no seu caso, a intención comunicativa do autor, demostrando a comprensión a través dunha actividade específica (respondendo a preguntas, identificando información falsa, completando frases, etc.)
- Redacción de forma guiada de textos diversos en diferentes soportes (unha historia ou narración, un artigo de periódico, un email, a descripción dun lugar, unha carta pedindo consello) , coidando a estruturación do texto, o léxico e algúns elementos de cohesión e de coherencia para marcar a relación entre ideas e tendo en conta o uso da ortografía e a puntuación correctas.
- Desenvolverse na maioría das actividades de aula facendo un uso espontáneo da lingua estranxeira.
- Ler a leitureira obrigatoria, que este curso 2021-2022 será *A Sherlock Holmes Collection* de Burlington.
- COÑECEMENTOS LINGÜÍSTICOS, GRAMÁTICA E VOCABULARIO:
 1. Pronomes persoais, pronomes obxeto, adxetivos e pronomes posesivos
 2. Preposicions
 3. Adxectivo: grao comparativo e superlativo de adxetivos regulares e irregulares
 4. • A estrutura “ too.... “ ou “(not) enough”
 5. Like / love / hate /don’t mind + xerundio
 6. much, many, a lot of, some, any, how much, how many
 7. Present Simple: forma afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves
 8. Os adverbios e as expresións de frecuencia e a súa colocación na frase
 9. Present Continuous: forma afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves
 10. Contraste Present Simple e Present Continuous
 11. Past Simple (verbos regulares e irregulares). Forma afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves
 12. Could e couldn’t e There was / There were

13. Past Continuous: Forma afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves contrastando o seu uso co Past simple
14. Present Perfect Simple contrastado co Past Simple
15. O Futuro: horarios, arrangements, predicións e plans (Present Simple, Present Continuous, WILL e BE GOING TO)
16. Past Perfect: Forma afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves
17. Expresións de tempo relacionadas con estes tempos
18. Primeiro, segundo e tercer condicional
19. Os modais: can/can't, could / couldn't, be able to, must / mustn't, should / shouldn't, may / might, could, have to e don't have to, need to / don't need to
20. A voz pasiva: presente e pasado simple
21. Léxico, vocabulario, fórmulas e expresions correspondentes ás unidades programadas

2.5.4. CUARTO CURSO DO ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO

O alumando deberá mostrar un dominio en grao mínimo dos cinco bloques de contidos expostos na presente programación: 1: Comprensión de textos orais ; 2: Producción de textos orais: expresión e interacción; 3: Comprensión de textos escritos; 4: Producción de textos escritos : expresión e interacción; 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural.

Entre eles destacamos os seguintes:

- Comprensión da idea xeral e as informacións específicas mais relevantes de textos orais, emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais, sobre asuntos cotiáns producidos amodo e con claridade.
- Identificación da idea xeral e extracción de información específica de textos escritos adecuados á idade, con apoio de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados relacionados con temas e vocabulario do libro de texto *New English in Use 4* editorial Burlington Books, respondendo a preguntas, identificando información falsa, completando frases, etc.
- Redacción de textos breves en diferentes soportes utilizando as estruturas, as funcións e o léxico adecuados, así como algúns elementos básicos de cohesión, a partir de modelos, e respectando as regras elementais de ortografía e de puntuación.
- Desenvolverse na maioría das actividades de aula facendo un uso espontáneo da lingua estranxeira.
- Ler a leituria obrigatoria, que neste curso será *Great Expectations* da editorial Burlington Books.

• COÑECEMENTOS LINGÜÍSTICOS , GRAMÁTICA E VOCABULARIO:

1. Present Simple e Present Continuous: forma afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves
2. Contraste Present Simple e Present Continuous
3. Past Simple (verbos regulares e irregulares). Forma afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves
4. Past Continuous (forma afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves) contrastando o seu uso co Pasado simple
5. Present Perfect (forma afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves) contrastado co Past Simple
6. Past Perfect Simple (forma afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves). Contrastado co Past Simple
7. O verbo “used to”
8. Futuro: timetables, arrangements, prediccións e planes (Present Simple, Present Continuous, WILL e GOING TO e Future Continuous)
9. Expresións de tempo relacionadas con estes tempos
10. Preposicións e alguns verbos con preposición
11. Pronomes indefinidos con some-, any- e no-
12. Uso de conectores da linguaxe (but, and, or, because, so, both, however, on the one hand...)
13. Oracións condicionais de 0, 1ª , 2ª e 3ª tipo
14. Oracións de relativo especificativas (con who, which, that , where, when e whose) e explicativas
15. O estilo indirecto (oracións enunciativas, interrogativas e órdenes)
16. Verbos modais: can, could, may, might, should, shouldn't, must, mustn't, have to, don't have to, be able to
17. A voz pasiva: presente simple ,pasado simple e futuro simple
18. Verbos que rexen xerundio ou infinitivo, a un nivel básico
19. Léxico, vocabulario, fórmulas e expresions correspondentes ás unidades programadas

2.5.5. PRIMEIRO CURSO DO BACHARELATO

O O alumnado deberá mostrar un dominio en grao mínimo dos cinco bloques de contidos expostos na presente programación: 1: Comprensión de textos orais ; 2: Producción de textos orais: expresión e interacción; 3: Comprensión de textos escritos; 4: Producción de textos escritos : expresión e interacción; 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural.

Entre eles destacamos:

- Comprensión da idea xeral e as informacións específicas máis relevantes de textos orais, emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais sobre temas xerais, de actualidade ou do seu interese en linguaxe estándar e a velocidade normal.
- Identificación da idea xeral do texto e extracción de información específica de textos escritos adecuados a súa idade e nivel lingüístico sobre temas variados relacionados con temas de actualidade, de interese personal para o alumnado, de carácter académico ou profesional procedente de distintas fontes (o seu libro de texto Living English 1, fontes periodísticas , textos ABAU, etc), respondendo a preguntas, identificando información falsa, completando frases, encontrando sinónimos etc.
- Redacción de textos (en torno a 120 palabras) variados (cartas formais e informais, redaccións de opinión, textos enumerando as ventaxas e desventaxas , describindo lugares ou persoas, ...) en diferentes soportes utilizando as estruturas, as funcións e o léxico adecuado a cada tipo de texto, así como elementos de cohesión e coherencia, a partir de modelos, e respectando as regras elementais de ortografía e de puntuación e as convencións formais e de cortesía de cada tipo de texto.
- Desenvolverse na maioría das actividades de aula facendo un uso espontáneo da lingua estranxeira.
- COÑECEMENTOS LINGÜÍSTICOS , GRAMÁTICA E VOCABULARIO:
 1. Substantivos contables e incontables
 2. Sustantivos compostos
 3. artigo definido e indefinido
 4. False friends
 5. Palabras fácilmente confundibles
 6. Palabras polisémicas

7. Morfoloxía: familias de palabras, prefixos e sufixos
8. Preposicións
9. Comparativos e superlativos
10. Adxectivos acabados en –ed e en –ing e adxectivos compostos
11. Oracións feitas e ditos e expresións idiomáticas.
12. Verbos que rexen preposición (Phrasal Verbs)
13. Verbos que rexen xerundio e infinitivo
14. Tempos verbais: present simple e continuo, past simple e continuo, present e past perfect (simple e contínuo) , o futuro (present simple, present continuous, will e going to) e o futuro perfecto e continuo, xunto coas expresións temporais propias de cada tempo.
15. Oracións Condicionais (os tres tipos) e subordinadas temporais
16. Verbos modais para expresar capacidade, permiso, obriga, consello, dedución e especulación e a forma perfecta dos modais.
17. Oracións de relativo : defining e non-defining relative clauses.
18. A voz pasiva e o Causativo.
19. O estilo indirecto
20. Uso de ‘used to’ e ‘would’ / ‘be used to’ e ‘get used to’
21. Signos de puntuación e uso de maiúsculas
22. Os conectores máis comúns para expresar causa e efecto, argumentar, expresar opinións etc.
23. Léxico, vocabulario, fórmulas e expresións correspondentes ás unidades programadas.

2.5.6. SEGUNDO CURSO DO BACHARELATO

O alumando deberá mostrar un dominio en grao mínimo dos cinco bloques de contidos expostos na presente programación: 1: Comprensión de textos orais ; 2: Produción de textos orais: expresión e interacción; 3: Comprensión de textos escritos; 4: Produción de textos escritos: expresión e interacción; 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural.

Entre eles destacamos:

- Comprensión da idea xeral e as informacións específicas máis relevantes de textos orais, emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais sobre temas xerais, de actualidade ou do seu interese en linguaxe estándar e a velocidade normal.
- Identificación da idea xeral do texto e extracción de información específica de textos escritos adecuados a súa idade e nivel lingüístico sobre temas variados relacionados con temas de actualidade, de interese personal para o alumnado, de carácter académico ou profesional procedente de distintas fontes (o seu libro de texto Living English 2, fontes periodísticas, textos ABAU, etc), respondendo a preguntas, identificando información falsa, completando frases, encontrando sinónimos etc.
- Redacción de textos (en torno a 120 palabras) variados (cartas formais e informais, redaccións de opinión, textos enumerando as vantaxes e desvantaxes , describindo lugares ou persoas, ...) en diferentes soportes utilizando as estruturas, as funcións e o léxico adecuado a cada tipo de texto, así como elementos de cohesión e coherencia, a partir de modelos, e respectando as regras elementais de ortografía e de puntuación e as convencións formais e de cortesía de cada tipo de texto.
- Desenvolverse na maioría das actividades de aula facendo un uso espontáneo da lingua estranxeira.
- COÑECEMENTOS LINGÜÍSTICOS, GRAMÁTICA E VOCABULARIO:
 1. Substantivos contables e incontables
 2. Sustantivos compostos
 3. Determinantes: some, any, no e os seus compostos (-thing, -body, -one, -where)
 4. Adxectivos cualificativos
 5. Adxectivos e pronomes indefinidos
 6. So/ such e too / enough
 7. False friends
 8. Palabras fácilmente confundibles
 9. Palabras polisémicas
 10. Morfoloxía: familias de palabras, prefixos e sufixos
 11. Sinónimos e antónimos
 12. Preposicións (adxectivos e verbos que rexen preposicións)

13. Oracións feitas e ditos
14. Expresións idiomáticas
15. Verbos que rexen preposición
16. Verbos que levan xerundio e infinitivo
17. Tempos verbais: present simple e continuo, past simple e continuo, present e past perfect (simple e contínuo) , o futuro (present simple, present continuous, will e going to) e os futuros perfecto e contínuo.
18. Condicionais (os tres tipos)
19. Subordinadas temporais
20. Oracións subordinadas de subxuntivo (I wish / If only)
21. Oracións concesivas
22. Oracións de relativo: Defining e Non Defining
23. Oracións de estilo directo e indirecto
24. Reporting verbs
25. Verbos modais
26. A voz pasiva e a pasiva causativa
27. Signos de puntuación e uso de maiúsculas
28. Conectores para expresar causa e efecto, contraste, argumentar, expresar opinións etc.
29. Léxico, vocabulario, fórmulas e expresións correspondentes ás unidades programadas.

2.6. METODOLOXÍA, MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS

2.6.1. METODOLOXÍA

O departamento seguirá un enfoque comunicativo. O emprego desta metodoloxía permite ao alumno desenvolver unha adecuada competencia en comunicación lingüística coa realización de distintas actividades da lingua (de xeito individual ou en parellas ou grupos) que abranguen a comprensión, a expresión, a interacción e a interpretación.

Seguindo as indicacións do Consello de Europa e a lexislación da nosa Comunidade Autónoma que regula os obxectivos e contidos de cada etapa para o logro da consecución das competencias básicas,

o enfoque das clases estará baseado no uso da lingua intentando reproducir na aula situacións de uso en contextos auténticos. Con ese fin, o profesor/a axudarálle aos alumnos/as mediante a presentación previa de vocabulario, estruturas gramaticais, funcións e estratexias de comunicación que lles posibilite a realización das tarefas encomendadas (tanto orais como escritas).

Así mesmo, e por mor da situación de emerxencia sanitaria que estamos a experimentar, os recursos metodolóxicos serán de utilización preferente dixital e as actividades educativas deseñadas poderanse desenvolver de forma presencial e non presencial, ademais de ter un carácter eminentemente práctico e potenciar o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.

Igualmente, priorizarase a internalización por parte do estudiantado das medidas de carácter formativo e pedagóxico (formación en educación en saúde, difusión de medidas de prevención e protección, etc.), recollidas nos puntos 49 e 50 do “Plan de Continxencia” redactado polo Equipo Covid do centro de ensino.

2.6.1.1. *Actividade lectiva presencial*

No escenario de ensino presencial, a impartición de aulas desenvolverase dentro do contexto da “nova normalidade” estipulada polas autoridades sanitarias, tomando todas as medidas de prevención, limpeza e ventilación estipuladas no “Plan de Continxencia” do IES.

2.6.1.2. *Actividade lectiva semipresencial*

No caso de que a evolución sanitaria e/ou posibles abrochos obrigan a implementar un modelo de ensino semipresencial, o profesorado do Departamento de Inglés informará ao alumnado afectado sobre as actividades a realizar, a temporalización das mesmas e as datas en que serán avaliadas polos mesmos mecanismos establecidos dende a suspensión da actividade presencial.

2.6.1.3. *Actividade lectiva non presencial*

Ao abeiro do establecido no “Plan de Continxencia”, deseñado polo centro en base ao Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19 para o curso 2021/2022, o Departamento Didáctico seguirá as medidas a adoptar no caso de suspensión da actividade lectiva para facer efectivo o ensino non presencial e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

No suposto de ensino non presencial, tanto o Departamento como o centro educativo adoptarán as medidas establecidas no apartado 29 do Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19. Así, o equipo docente da área de inglés como lingua estranxeira, preferentemente a través da aula virtual do

centro, determinará as tarefas a realizar polo alumnado garantindo a adquisición das aprendizaxes imprescindibles (véxase apartado 2.5 do presente documento) e a avaliación continua.

2.6.2. MATERIAIS CURRICULARES

2.6.2.1. Ensino Secundario Obrigatorio

- Aula E-Dixgal para o alumnado de 1º ESO
- Métodos *New English in Use 2* en 2º ESO, *New English in Use 3* en 3º ESO e *New English in Use 4* en 4º curso da ESO, todos da editorial Burlington
- Student's book e Workbook (o cuadernillo para afianzar vocabulario e estruturas aprendidas en clase)
- Recursos que se presentan en www.burlingtonbooks.es (Student's Zone)
- Recursos en liña "English in Use interactive"
- Páxinas web especializadas: dicionarios, xogos, vídeos...
- Teacher's Manual do método
- Teacher's All-in-One Pack
- Digital Teacher's Pack (Interactive Whiteboard CD-Rom, Burlington ESO Grammar Factory CD-Rom e Burlington ESO Culture Bank CD Rom)

Empregarase o libro de texto dixitalizado proxectado na pantalla para facilitar o visionado en común e axilizar exercicios e correccións. Utilizaranse, así mesmo, os medios audiovisuais para a proxección de presentacións de PowerPoint, documentais e páxinas web que mostren diferentes aspectos socioculturais dos países de fala inglesa. Isto considerámolo importante porque motiva aos alumnos e é unha forma atractiva e dinámica de dar a coñecer aos alumnos a realidade con materiais auténticos. Tamén se traballará con cancións de actualidade para que os alumnos vexan que o inglés é algo cercano á súa vida cotiá. Os alumnos contarán con dicionarios a disposición na aula. Utilizaranse tamén os materiais do "Teacher's All-in-One Pack" para a creación de material adaptado aos distintos niveis de inglés dos alumnos/as.

2.6.2.2. Bacharelato

- Student's Books dos métodos *Living English 1* e *Living English 2* da editorial Burlington
- Recursos online (Living English Interactive) para o profesorado e o alumnado.

Empregaranse medios audiovisuais para a proxección de presentacións de PowerPoint, documentais e páxinas web que mostren diferentes aspectos socioculturais dos países de fala inglesa. Isto considerámolo importante porque motiva aos alumnos e é unha forma atractiva e dinámica de dar a coñecer aos alumnos a realidade con materiais auténticos. Tamén se traballará con cancións de actualidade para que os alumnos vexan que o inglés é algo cercano á súa vida cotiá. Os alumnos contarán con dicionarios a disposición na aula. Utilizaranse tamén os materiais do “Teacher’s All-in-One Pack” para a creación de material adaptado aos distintos niveis de inglés dos alumnos/as.

2.6.3. RECURSOS DIDÁCTICOS

2.6.3.1. Recursos didácticos para a modalidade presencial

- CDs de audio para as actividades de listening de clase.
- Páxina web interactiva da editorial Burlington para cada curso da ESO e o Bacharelato, que contén actividades interactivas de vocabulario, gramática, comprensión lectora e oral.
- Páxina web da editorial Burlington onde poden baixarse e escoitar as actividades de listening e fonética do libro de texto, así como os capítulos dos libriños de lectura.
- DVDs sobre temas e situacións diversas adecuadas a cada nivel. Por exemplo, na ESO temos o DVD “Life in Britain”, protagonizado por un grupo de adolescentes e no Bacharelato: “Successful Speaking Video Interviews”.
- Ordenadores portátiles propios do departamento e pizarras dixitais en todas as aulas.
- Cañóns en todas as aulas.
- Tecnoloxías da información para a busca de información ou a presentación de actividades (uso de internet, pizarra dixital, chats, webquests, blogs...)
- Aula de idiomas con ordenador fixo e reprodutores de vídeo e DVD e cañón de proxección.
- Biblioteca do centro, onde se atopan dicionarios e libros de lectura graduados para cada nivel.
- Fotocopias con material adicional de repaso ou de ampliación (para exercicios de vocabulario, gramática, speaking, reading ou writing)
- Páxinas web á disposición dos alumnos por parte das editoriais dos seus libros de texto onde poden atopar actividades de repaso, ampliación, xogos, información, etc. e practicar actividades adicionais para que o profesor/a siga o seu progreso online (o webbook do método *New English in Use* e *Living English*), www.intelligent-business.org, www.pearsoneducacion.com ou www.theeconomist.com entre outras páxinas.

- Páxina web do IES Terra de Soneira, na que no apartado do departamento de inglés o alumnado pode consultar enlaces adicionais para practicar vocabulario e gramática, ver vídeos de interese sobre cultura anglosaxona. Máis a máis, nesta páxina o profesorado do departamento subirá as fotos das actividades realizadas ao longo do curso escolar e usará esta plataforma como taboleiro de anuncios adicional para consulta e comunicación de todo o alumnado.
- Libros de lectura de cada nivel para coller prestados na biblioteca.

2.6.3.2. Recursos didácticos para as modalidades semi e non presencial

Ademais dos manuais didácticos recollidos no listado de libros de texto para o curso 2021/2022, o profesorado do Departamento de Inglés empregará recursos didácticos que permitan que o alumnado obteña o maior proveito da metodoloxía non presencial, sendo estes:

- Plataformas virtuais: aula virtual do centro, Edmodo.
- Ferramentas de comunicación e notificación: Abalar, correos electrónicos.
- Ferramentas de videoconferencia: Webex, Falemos, Zoom, Skype.
- Ferramentas de creación e realización de probas telemáticas: Edmodo, Quizizz.
- Páxinas web para a consulta, deseño e realización de actividades.
- Videotutoriais de Youtube.
- Blogs de clase.

2.6.3.3. Xestión de medios e recursos tecnolóxicos do profesorado

Unha suposta suspensión -total ou parcial- da actividade presencial durante o curso 2021/2022 volverá previsiblemente a obrigar ao equipo docente a recorrer ao emprego e autofinanciación de medios (conexións, electricidade e liñas telefónicas) e recursos tecnolóxicos (ordenadores, impresoras, tablets, teléfonos) persoais e privados para o desenvolvemento da labor profesional docente, tal e como veu sucedendo dende o estado de alarma declarado mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo.

2.7. PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o éxito dos obxectivos da etapa, nas avaliacións continua e final das disciplinas dos bloques de materias troncais e específicas, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuran nos cadros incluídos nesta programación, de acordo co Decreto 86/2015, ou, de ser necesario, o grao mínimo de consecución para unha avaliación positiva da materia.

Os procedementos e instrumentos de avaliación deseñaranse de forma que permitan determinar o nivel competencial acadado polo alumnado, sempre adecuándose ás modalidades xa citadas de ensino presencial e non presencial.

2.7.1. AVALIACIÓN INICIAL

Seguindo o establecido nas Instrucións do 17 de xuño 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2021/2022, a avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar.

Este proceso comprenderá accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, entre as que se atoparán:

- a) Probas de diagnóstico co fin de detectar aquelas aprendizaxes imprescindibles non o suficientemente adquiridas no curso previo, así como a súa correspondencia coa falta de desenvolvemento das correspondentes competencias clave.
- b) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar decisións profesionais de actuación.

2.7.2. AVALIACIÓN CONTINUA

Ao longo do curso haberá tres avaliacións e a nota final obterase como resultado do proceso de aprendizaxe do alumnado.

O progreso das e dos estudantes e a competencia lingüística adquirida será avaliado a través de probas escritas e orais, presenciais ou telemáticas, ademais de a través da observación directa e da participación do alumno/a no desenvolvemento diario das sesións.

2.7.2.1. Probas escritas e / ou orais

Haberá como mínimo dúas probas escritas, presenciais ou telemáticas, no transcurso de cada unha das tres avaliacións. Estas probas poderán contar con exercicios de gramática, vocabulario, linguaxe funcional, listening, fonética, reading e writing para así poder avaliar as distintas destrezas.

Poderá haber unha proba oral, de novo presencial ou telemática, ao final de cada avaliación, se así o considera o equipo docente, para avaliar a adquisición e a evolución da expresión e interacción oral en lingua inglesa por parte do alumnado.

Poderán, a maiores, realizarse cantas outras probas menores consideren os profesores/as valorando o progreso das capacidades e os coñecementos adquiridos polo alumnado en speaking, dictado, lectura, verbos irregulares, vocabulario, etc.

O modelo de nivel de adquisición para os estándares de aprendizaxe son os que marca a lei e veñen reflectidos na Lei de Educación (LOE), modificada pola Lei 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) e as particularidades do currículo desenvolvido para a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño. O profesorado neste departamento tomará ditos estándares como referencia para avalialos.

2.7.2.2. Lecturas obrigatorias e voluntarias

Co obxecto de animar á lectura e contribuír ao Plan Lector do IES, establecerase unha lectura obrigatoria en cada nivel da ESO, que os profesores comprobarán mediante a realización de actividades escritas ou orais e a realización, se é o caso, dunha proba escrita relativa á lecturiña. No Bacharelato, por mor da extensa carga curricular da etapa, as lecturas desenvolveranse de xeito voluntario.

Con respecto a este tipo de lecturas voluntarias, aqueles alumnos/as da ESO e Bacharelato que así o decidan poderán subir a nota final de curso na avaliación ordinaria mediante a lectura de un ou dous libros de lectura, a maiores da lectura obrigatoria no caso da ESO. Isto poderá axudarlles a subir 1 punto a nota media final na ESO (a razón de 0,5 puntos por cada libro) ou 0,5 puntos en Bacharelato (a razón de 0,25 por cada libro), sempre e cando a cualificación base acadada sexa igual ou superior a 4 puntos.

A lectura destes libros terá que ser acreditada mediante a entrega de actividades escritas, traballos ou, se é o caso, a realización dunha proba.

2.7.2.3. Traballo diario

Ademais das probas escritas, valoraranse os seguintes aspectos no día a día na aula, aspectos que serán absolutamente indispensables para unha avaliación positiva –superior a cinco– na nota final de cada avaliación e na nota global do curso.

- Traballo diario en clase: valorarase o uso do inglés, a concentración nas distintas tarefas, a participación nas actividades da aula –xa sexa individualmente, en parellas ou grupos, así como nas modalidades online ou (semi)presencial–, e traer o material (libros e caderno da materia) á aula e coidalo debidamente.
- Tarefas encomendadas para casa: valoraranse a realización de todos aqueles traballos ou proxectos encomendados no día a día polo profesor/a, a puntualidade na entrega dos mesmos e o interese por coidar a súa presentación. Ademais, o profesor/a poderá recoller en calquera momento o libro de exercicios ou o caderno da materia. A realización das tarefas adicionais do

Interactive Student do webbook que poden ser seguidas polo profesorado online influirán positivamente na nota final das distintas avaliacións e na nota global do curso.

2.7.2.4. Cualificación

A efectos de cómputo, valoraranse coas porcentaxes que de seguido se recollen:

2.7.2.4.1. Ensino Secundario Obrigatorio

1º e 2º ESO		
ELEMENTOS A AVALIAR (CONTIDOS)	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS	PESO NA NOTA DA AVALIACIÓN
B1: Comprensión oral (<i>listening</i>)	P- Probas escritas de comprensión de textos orais. I- Rexistro cualitativo da proba.	10%
B2: Producción oral (<i>speaking</i>)	P- Observación da expresión oral individual e da interacción. Probas orais. I- Rúbrica e rexistro cualitativo das intervencións e probas.	10%
B3: Comprensión escrita (<i>reading</i>)	P- Probas escritas de comprensión lectora. Proba escrita sobre o libro de lectura obrigatoria. I- Rexistro cualitativo das probas.	15%
B4: Producción escrita (<i>writing</i>)	P- Probas de produción escrita. I- Rúbrica e rexistro cualitativo das probas.	15%
B5: Gramática, vocabulario e fonética (<i>use of English</i>)	P- Exercicios específicos de gramática, vocabulario e fonética nas probas escritas. I- Rexistro cualitativo das probas.	40%

Actividades de aula/casa e participación	P- Observación do traballo diario e das intervencións. I- Rexistro cualitativo e cuantitativo. Rúbrica. Lista de observación e cotexo.	10%
3º e 4º ESO		
ELEMENTOS A AVALIAR (CONTIDOS)	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS	PESO NA NOTA DA AVALIACIÓN
B1: Comprensión oral (<i>listening</i>)	P- Probas escritas de comprensión de textos orais. I- Rexistro cualitativo da proba.	15%
B2: Producción oral (<i>speaking</i>)	P- Observación da expresión oral individual e da interacción. Probas orais. I- Rúbrica e rexistro cualitativo das intervencións e probas.	15%
B3: Comprensión escrita (<i>reading</i>)	P- Probas escritas de comprensión lectora. Proba escrita sobre o libro de lectura obrigatoria. I- Rexistro cualitativo das probas.	15%
B4: Producción escrita (<i>writing</i>)	P- Probas de produción escrita. I- Rúbrica e rexistro cualitativo das probas.	15%
B5: Gramática, vocabulario e fonética (<i>use of English</i>)	P- Exercicios específicos de gramática, vocabulario e fonética nas probas escritas. I- Rexistro cualitativo das probas.	30%

Actividades de aula/casa e participación	P- Observación do traballo diario e das intervencións. I- Rexistro cualitativo e cuantitativo. Rúbrica. Lista de observación e cotexo.	10%
--	---	-----

2.7.2.4.2. Bacharelato

1º e 2º Bacharelato		
ELEMENTOS A AVALIAR (CONTIDOS)	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS	PESO NA NOTA DA AVALIACIÓN
B1: Comprensión oral (<i>listening</i>)	P- Probas escritas de comprensión de textos orais. I- Rexistro cualitativo da proba.	15%
B2: Producción oral (<i>speaking</i>)	P- Observación da expresión oral individual e da interacción. Probas orais. I- Rúbrica e rexistro cualitativo das intervencións e probas.	15%
B3: Comprensión escrita (<i>reading</i>)	P- Probas escritas de comprensión lectora. I- Rexistro cualitativo das probas.	15%
B4: Producción escrita (<i>writing</i>)	P- Probas de produción escrita. I- Rúbrica e rexistro cualitativo das probas.	15%
B5: Gramática, vocabulario e fonética (<i>use of English</i>)	P- Exercicios específicos de gramática, vocabulario e fonética nas probas escritas. I- Rexistro cualitativo das probas.	30%

Actividades de aula/casa e participación	P- Observación do traballo diario e das intervencións. I- Rexistro cualitativo e cuantitativo. Rúbrica. Lista de observación e cotexo.	10%
--	---	-----

2.7.2.5. Aclaracións e especificidades

Os procedementos establecidos polo Departamento para superar a materia de inglés son os seguintes:

- a) O alumnado superará a materia en cada unha das avaliacións cando acade como mínimo 5 puntos sobre 10, obtidos do cómputo das distintas partes a avaliar tal e como está indicado nas táboas arriba detalladas.
- b) En ningún caso o alumno/a se poderá negar a realizar algunha das probas correspondentes aos elementos a avaliar. É dicir, non se poderá negar a realizar un *listening*, un *writing* ou un *reading*, entregando o exame en branco, e pretender compensar coas restantes partes.
- c) Debido ao carácter sumativo que presenta a aprendizaxe dunha lingua, os exames incluírán todos os contidos que se traballaron ata ese momento, de xeito que os exames da 3ª avaliación incluírán os contidos traballados na 1ª e 2ª avaliacións. Isto implica que o alumnado que non supere a 1ª e/ou a 2ª avaliación deberá superar a avaliación final ordinaria.
- d) O feito de non realizar e/ou entregar algunha tarefa encomendada reducirá a puntuación do apartado de “actividades de aula/casa”, tendo en conta que este apartado vale 1 punto sobre 10 da nota da avaliación. Se o alumno/a non presenta algún dos traballos de maior complexidade e extensión (redaccións, presentacións e proxectos) reducirase considerablemente a puntuación neste apartado. A non realización dalgunha do resto de tarefas (exercicios de tipo gramatical, léxico, reading, etc.) tamén reducirá a puntuación deste apartado, aínda que en menor medida.
- e) No caso de ausentarse a algunha proba ou parte do exame, o alumno/a ten dereito a que se lle examine noutro día unha vez que xustifique debidamente a súa falta mediante documentación oficial.

2.7.3. AVALIACIÓN FINAL**2.7.3.1. Avaluación ordinaria**

O alumnado superará a materia do curso cando supere a avaliación final ordinaria cunha nota mínima de 5 puntos sobre 10. Para a nota final o profesor/a terá en conta non só os resultados acadados nas distintas avaliacións, senón tamén a constancia no traballo e o progreso baseado no esforzo continuo ao longo do curso. É dicir, a nota final obterase como resultado da avaliación continua do proceso de aprendizaxe do alumno/a, no que se valorará o seu grao de adquisición de competencias clave e a consecución de obxectivos.

Para obter a cualificación final ordinaria na ESO e Bacharelato, realizarase a seguinte ponderación entre as notas obtidas en cada avaliación:

1ª AVALIACIÓN	20%
2ª AVALIACIÓN	30%
3ª AVALIACIÓN	50%

Debido ao carácter sumativo e acumulativo que presenta a aprendizaxe dunha lingua, a última avaliación será a de máis valor xa que inclúe todos os contidos traballados ao longo do curso.

En caso de non superar a materia, o alumnado da etapa de educación secundaria obrigatoria terá a opción de recuperar a materia realizando un exame de recuperación en xuño, despois da 3ª avaliación (a comezos de xuño) e antes da avaliación final ordinaria (a finais de xuño). Dito exame será unha proba escrita na que o profesorado do departamento recollerá todos os contidos do curso.

2.7.3.2. Avaluación extraordinaria

O alumnado de bacharelato que non supere a materia na convocatoria ordinaria poderá presentarse a unha proba extraordinaria no momento establecido polas autoridades educativas. Na convocatoria extraordinaria o alumno/a acadará unha avaliación positiva en base aos contidos mínimos recollidos nesta programación e que lles serán debidamente dados a coñecer ao alumnado a principios de curso e serán expostos nos taboleiros de anuncios para a súa información e consulta.

O exame extraordinario incluírá unha proba de comprensión de texto escrito (*reading*), unha redacción (*writing*), e exercicios específicos de gramática, vocabulario e fonética (*use of English*). O baremo de cualificación será o seguinte:

- Comprensión escrita (*reading*): 20%
- Producción escrita (*writing*): 20%
- Gramática, vocabulario e fonética (*use of English*): 60%

2.8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Como xa quedou reflectido no presente documento, ao inicio de curso cada profesor/a levará a cabo unha avaliación inicial que lle permitirá detectar por unha banda os/as alumnos/as con dificultades de aprendizaxe, e pola outra aqueles alumnos/as que teñen coñecementos por encima do nivel esixido.

En canto se detecten alumnos/as con dificultades, o profesorado porá en funcionamento as medidas máis axeitadas: actividades de reforzo na aula e fóra ou, se o desfase curricular fose grande, unha adaptación curricular, seguindo as instrucións do Departamento de Orientación do centro.

Na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) coidarase que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensinanza e aprendizaxe en calquera dos escenarios presentes e asegurarse a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas.

Atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste, de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación, ás súas circunstancias.

Así, este curso contaremos cun agrupamento en 2º ESO e outro agrupamento en 3º ESO para poder atender de xeito individualizado ao alumnado con necesidades específicas e a aquel que presente dificultades que lle impidan un progreso adecuado no seu grupo de referencia. Estes agrupamentos serán flexibles, podendo reincorporarse alumnado aos grupos de referencia e viceversa. Para iso haberá unha adecuada e fluída coordinación entre o profesorado implicado.

Tamén se lles prestará atención ao alumnado avantaxado. Proporcionaráselles actividades específicas coas que poidan ampliar os seus coñecementos mantendo vivos a súa motivación e interese pola aprendizaxe do idioma. Entre estas actividades estarán a lectura de libros ou exercicios de nivel máis avanzado.

En derradeiro lugar, na hora semanal de desdobre de laboratorio en todos os niveis da ESO, os/as alumnos/as contarán coa posibilidade de reforzar de forma máis individualizada as súas capacidades de comprensión e expresión oral. Para dar resposta aos requirimentos de cada alumno/a e aproveitar ao máximo o desdobre da clase, o estudantado será agrupado en función dos resultados obtidos na avaliación inicial.

3. PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DE PENDENTES

3.1. ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO

Os alumnos terán á súa disposición traballos de reforzo educativo elaborados pola xefatura do departamento xunto co/a profesor/a do curso actual, que será o/a responsable de facer un seguimento do alumnado coa materia pendente ao seu cargo. Na recuperación da materia influirá a súa evolución ao longo do curso actual. A realización da totalidade dos traballos de reforzo e recuperación correctamente realizados e entregados na data suporá ata 1 punto da súa nota de recuperación do curso anterior.

O calendario dos devanditos traballos de reforzo educativo é o seguinte:

CURSO PENDENTE	ENTREGAS		
	PRIMEIRA	SEGUNDA	TERCEIRA
1º ESO – 3º ESO	Decembro	Marzo	Abril (só no caso de non superar os parciais)

O profesorado decidirá en cada un dos seus grupos ou cursos a data límite de entrega destes traballos.

A materia será dividida en dous bloques e o alumnado concorrerá ás probas de pendentes presenciais ou telemáticas nas datas organizadas polo centro, previsiblemente en xaneiro o primeiro parcial, e en abril o segundo. En ambas as probas repasaranse os aspectos de expresión escrita, comprensión escrita, vocabulario e gramática delimitados en seccións.

Os alumnos/as terán o dereito a presentarse á proba final de maio sen prexuízo por se teren acollido á realización por parciais.

3.2. BACHARELATO

Os alumnos con inglés pendente de 1º de Bacharelato realizarán dúas probas durante o curso. Para poder preparalas terán á súa disposición cadernos de exercicios que poderán ser adquiridos na conserxería do centro e que lle serán entregados para a súa corrección ao seu profesor/a no curso actual, que é o responsable do seguimento do alumnado pendente. A realización da totalidade dos traballos de reforzo e recuperación correctamente realizados e entregados na data suporá ata 1 punto da súa nota de recuperación do curso anterior.

En xaneiro e abril faranse probas parciais a fin de alixeirar a carga de estudo:

- En xaneiro farase unha proba correspondente ás unidades 1, 2, 7 e 3 do libro *Living English 1*.

- En abril farase unha proba correspondente ás unidades 4, 5, 6 e 8 do mesmo libro.

Como xa se mencionou, o estudiantado terá á súa disposición traballos de reforzo educativo elaborados pola xefatura do departamento xunto co/a profesor/a do curso actual. Na recuperación da materia influirá a súa evolución ao longo do curso actual, así como a entrega das actividades de reforzo debidamente cumprimentadas e nas datas previstas.

O calendario dos traballos de reforzo educativo é o seguinte:

CURSO PENDENTE	ENTREGAS		
	PRIMEIRA	SEGUNDA	TERCEIRA
1º BACH	Decembro	Marzo	Abril (só no caso de non superar os parciais)

Os/as profesores/as decidirán a data límite de entrega destes traballos e comunicarallo ao alumnado coa suficiente antelación.

De todos os xeitos, os alumnos/as terán o dereito a presentarse ás probas finais ordinarias en maio e as extraordinarias en xuño sen prexuízo por se teren acollido á realización por parciais.

4. PROMOCIÓN E TITULACIÓN

Aqueles alumnos de 4º ESO que teñan abandono na materia de inglés non serán propostos para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. Esta situación seralle advertida en canto ocorra ao titor/a para que informe ás familias e así se poida pór fin ao abandono a tempo para non ter que chegar a aplicar esta medida extrema. Considérase que un alumno abandona a materia cando ao longo do curso concorren nel varias das seguintes situacións:

- Non realiza de forma regular as actividades e prácticas sinaladas.
- Falta a clase con frecuencia.
- Non trae a clase os materiais mínimos esixibles.
- Non participa nas actividades realizadas na aula.
- Impide ao resto dos compañeiros desenvolver a actividade lectiva con normalidade.
- Amosa total desinterese pola materia.
- Non amosa interese polas probas de avaliación (entrega en branco ou sen apenas contidos, non respecta as normas de comportamento durante o transcurso das mesmas...).
- Non realiza as actividades de reforzo ou adaptación, no seu caso.
- Mostra unha actitude negativa e a súa conduta é contraria ás normas de convivencia.
- Alumnos con materias pendentes, que non se presentan ás probas de avaliación convocadas.

Na convocatoria extraordinaria e nas convocatorias de pendentes considerárase situación de abandono non presentarse ás probas (sen causa xustificada) ou entregar o exame en branco.

5. TRATAMENTO DE FOMENTO DA LECTURA

De seguido se debullan as liñas xerais das actividades para o fomento da lectura programadas polo Departamento de lingua estranxeira – inglés e que serán incluídas no Proxecto Lector do Centro para este curso 2021/2022:

- Os libros de texto escollidos conteñen amplo material de lectura, tanto nos “readings” presentados en cada unidade do libro de texto como no *Workbook*, cos que os alumnos/as aprenderán e consolidarán o uso de estratexias de comprensión lectora para extraer a información xeral e específica de textos escritos de fontes ou tipos distintos, adecuados ao seu nivel e intereses.
- Alén diso, en Bacharelato proporcionaráselles textos de tipos e fontes moi distintas (periódicos, revistas, novelas, etc) con exercicios de comprensión lectora similares aos que terán no exame de entrada á universidade para preparalos na comprensión lectora adecuadamente.
- Os alumnos e alumnas da ESO terán unha lectura obrigatoria adaptada ao seu nivel:

1º ESO	<i>The Ghost Teacher</i> (Burlington)
2º ESO	<i>The Canterville Ghost</i> (Burlington)
3º ESO	<i>A Sherlock Holmes Collection</i> (Burlington)
4º ESO	<i>Great Expectations</i> (Burlington)

- Lecturas voluntarias na ESO: Os rapaces e rapazas da ESO poderán ler até dúas lecturas voluntarias, a maiores da lectura obrigatoria, e esta actividade de lectura extra será bonificada cunha subida da nota final de 0,5 puntos (se len un libro) ou 1 punto (se len dous libros) na cualificación ordinaria, previa entrega das actividades requiridas polo profesor/a e/ou a realización dunha proba para comprobar a lectura do libro/s.
- Lecturas voluntarias en Bacharelato: O alumnado de Bacharelato, que non ten que ler ningún libro obrigatorio, poderá ler ata dúas lecturas voluntarias e esta actividade de lectura extra será bonificada cunha subida da nota final de 0,25 puntos (se len un libro) ou 0,5 puntos (se len dous libros) na cualificación ordinaria, previa entrega das actividades requiridas polo profesor/a e/ou a realización dunha proba para comprobar a lectura do libro/s.

O noso obxectivo final é incentivar aos nosos alumnos/as para ler de forma autónoma textos escritos en inglés que lles acheguen ao mundo e a cultura anglosaxona e que teñan relación cos seus intereses, podendo achegarse a eles a través de Internet ou a biblioteca do centro que acolle unha ampla selección de lecturas graduadas de textos clásicos e actuais en niveis distintos.

6. TRATAMIENTO DE FOMENTO DAS TIC

En relación coa metodoloxía didáctica, os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas deseñadas poderanse desenvolver de forma presencial e non presencial, ademais de ter un carácter eminentemente práctico e potenciar o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua. Pretendemos así que os alumnos/as desenvolvan a capacidade de utilizar Internet ou outras tecnoloxías da información e comunicación como ferramentas de aprendizaxe en calquera contexto ao que se deban enfrontar, así como co fin de ampliar os seus coñecementos sobre os países e culturas de fala inglesa.

Entre outras, fomentaremos este acercamento ao uso das novas tecnoloxías do seguinte xeito:

- Actividades como a escritura de mensaxes por correo electrónico, inclusive a participación en chats a través de Internet ou a creación dos seus propios blogs.
- Traballos ou proxectos co ordenador e presentación, se desexaren, en formato dixital.
- Procura nas páxinas WEB suxeridas polos seus libros de texto ou noutros foros da rede máis información sobre os temas que estamos a tratar.
- Webbook e Interactive Student dos métodos *New English in Use* e *Living English* para facer actividades, ben sexa para facer no seu ordenador na casa ou na aula de informática do centro. Os profesores poderán facer un seguimento do progreso do alumnado con esta ferramenta e será valorada positivamente á hora de cualificar unha nota. O libro de texto tamén ten unha App para móbil que se pode descargar e facer actividades relacionadas co curso.

7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

De maneira excepcional, debido á situación sanitaria, e co obxectivo de minimizar as interaccións sociais entre distintos grupos, este Departamento Didáctico non implementará actividades desta natureza no presente curso académico 2021/2022, a excepción de actividades para conmemorar festividadeas pertencentes á cultura de países de fala inglesa (Halloween, Thanksgiving, Christmas, St. Valentine's Day, etc.) que se poidan levar a cabo na aula de referencia.

8. METAVALIACIÓN

O Departamento de inglés reunirse como mínimo unha vez ao mes. Todas as reunións realizaranse cumprindo as normas de protección e o aforo dos locais. Cando non sexa posible deste xeito, usaranse medios telemáticos.

Entre outros temas adicarase o tempo a revisar o grao de cumprimento da programación así como os resultados obtidos. En caso necesario modificarase a temporalización ou, se é preciso, os contidos da mesma para lograr unha mellor consecución do desenvolvemento das competencias clave e dos obxectivos formulados. Esta modificación e cumprimentación da avaliación da programación quedará reflectida na memoria final de curso.

Así mesmo, periodicamente levarase a cabo unha análise exhaustiva dos resultados acadados ata ese intre, que se reflexará de xeito estatístico nas correspondentes actas. O obxectivo final é que a avaliación sexa parte integrante da actividade cotiá da aula como mecanismo de reaxuste tanto da aprendizaxe do estudantado como da propia función docente.

9. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

Os alumnos/as deben coñecer os criterios e procedementos de avaliación a seguir. Por este motivo cada docente informará aos seus grupos ao principio do curso sobre estes aspectos. Indicaráselle tamén a todo o alumnado que en calquera momento teñen á súa disposición o extracto da programación didáctica onde se reflicten ditos apartados.

Así mesmo, tanto os contidos mínimos esixibles como os criterios de avaliación de cada curso colgaranse a principios de curso no taboleiro de aula dos distintos grupos para o coñecemento e consulta de todo o alumnado, e na páxina web do IES Terra de Soneira (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesterradesoneira>) para o coñecemento dos pais, nais e resto da comunidade educativa.

10. MEDIDAS EN CASO DE FRAUDE DO ALUMNADO

Para evitar fraudes na realización das actividades e/ou probas, poderán adoptarse diferentes medidas. Advertiráselles a todos os grupos que se o profesor/a se decata de que algún alumno está cometendo calquera tipo de fraude na realización dunha proba, non se lle deixará continuar facéndoa, o que suporá que a avaliación correspondente, se isto sucede durante o curso, estará suspensa; e isto, por suposto, tamén se aplicará na proba extraordinaria de xuño.

Se se dera o caso de sospeitas fundadas de fraude, baseadas na diverxencia entre o resultado acadado nunha proba e os acadados habitualmente polo alumno/os en cuestión, poderase proceder a realización dunha segunda proba individual para confirmar ou descartar o fraude.

Cando o profesor/a constate a existencia de calquera tipo de fraude conxunto nun grupo e non se poida identificar aos causantes do mesmo e o grao de implicación do resto do grupo, suspenderase esa proba e realizarase unha nova. Sen embargo, se os alumnos implicados son identificados, serán sancionados, en principio, con 0 ou 1 nesa avaliación, e, se se considera que a acción é grave, pediríase á dirección do centro a apertura dun expediente disciplinario.



PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN DO
CENTRO

COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL EN LINGUA INGLESÁ

2º ESO

ÍNDICE DE CONTIDOS	
<i>SECCIÓN</i>	<i>PÁX.</i>
1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN	316
2. OBXECTIVOS XERAIS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	316
3. CONTIDOS E SECUENCIACIÓN DA MATERIA	329
4. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA	330
5. METODOLOXÍA	331
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	331
7. ADAPTACIÓN AO ENSINO SEMIPRESENCIAL OU A DISTANCIA	332
8. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	333
9. PLAN DE RECUPERACIÓN DA MATERIA	334

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

Segundo a resolución do 17 xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación secundaria no curso académico 2021/22, os centros docentes poderán ofertar, en función da dispoñibilidade dos recursos e da organización do centro, unha materia de libre configuración no primeiro e segundo cursos da ESO. Por tanto, o IES Terra de Soneira oferta a materia de libre configuración do centro denominada **COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ORAL EN LINGUA INGLESA** para 2º ESO no presente curso académico.

A aprendizaxe da lingua inglesa non debe tratarse exclusivamente dende o punto de vista pedagóxico, senón tamén como medio para conseguir unha comunicación internacional eficaz, combinada co respecto pola identidade e diversidade cultural.

Porén, a finalidade da materia de libre configuración do centro **COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ORAL EN LINGUA INGLESA** para 2º ESO é que o alumnado optimice a súa competencia comunicativa en inglés. O obxectivo básico da materia é ensinar a entender o inglés e facerse entender en inglés. Insistiremos nas destrezas de comprensión e expresión oral, familiarizando ao alumnado coas situacións comunicativas máis comúns. As estruturas gramaticais só son un punto de partida para que o alumnado poida desenvolverse de xeito eficaz en situacións comunicativas habituais e cotiás.

A aprendizaxe será un proceso dinámico baseado nunha ampla variedade de actividades que terán sempre sentido dende o punto de vista comunicativo e reflectirán situacións reais. Usaremos maioritariamente materiais auténticos e faremos uso extenso das tecnoloxías da información e da comunicación, tentando introducir o mundo real na aula.

Esta materia consta dunha sesión lectiva semanal, 36 sesións ao longo do curso escolar actual, que poderán variar dependendo das sesións non realizadas por actividades complementarias doutras materias e dos festivos que coincidan con días lectivos.

2. OBXECTIVOS XERAIS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Dende a materia de **COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ORAL EN LINGUA INGLESA**, contribuímos ao desenvolvemento dos seguintes obxectivos xerais da etapa de educación secundaria obrigatoria, recollidos no Decreto 86/2015, do 25 de xuño:

- a) Asumir responsabilmente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e da comunicación.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

Tendo en conta o establecido para a área de Primeira Lingua Estranxeira no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, nesta materia de afondamento nas destrezas orais en lingua inglesa abordaremos os seguintes bloques de contidos, cos seus correspondentes obxectivos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave:

1. Comprensión de textos orais
2. Producción de textos orais: expresión e interacción

5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ORAL EN LINGUA INGLESA (2º ESO)				
OBX	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	CMP
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
a c d i	<p>B1.2. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:</p> <p>1. Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.</p> <p>2. Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.</p> <p>3. Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).</p> <p>4. Identificación de palabras clave.</p> <p>5. Identificación dos recursos lingüísticos</p>	<p>B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando), que permiten inferencias do significado baseadas no contexto; uso dos referenciais sobre o tema, así como identificación de palabras clave.</p> <p>B1.2. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas</p>	<p>PLEB1.1. Comprende fórmulas básicas de relación social para iniciar e terminar o discurso e expresar benvidas, desculpas e agradecementos, e identifica a relación de formalidade entre as persoas interlocutoras e o propósito comunicativo.</p> <p>PLEB1.2. Comprende instrucións e textos breves e sinxelos producidos en contextos reais e simulados, articulados con claridade, ritmo pausado e acentuación estándar, que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas sinxelos e habituais na</p>	<p>CCL CD CCEC CSC</p> <p>CCL CD CCEC CSC</p>

	<p>ou temáticos adquiridos.</p> <p>6. Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p> <p>Estratexias de comprensión:</p> <p>1. Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.</p> <p>2. Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.</p> <p>3. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial,</p>	<p>lentamente e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves que conteñan vocabulario propio do nivel.</p> <p>B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis salientables en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p> <p>B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis</p>	<p>súa idade e no seu contexto escolar.</p> <p>PLEB1.3. Comprende o esencial en situacións de comunicación, cara a cara ou gravadas, nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, que se refiran aos ámbitos persoal público e educativo, sempre que se fale pausadamente e con claridade, e se poida escoitar máis dunha vez.</p> <p>PLEB1.4. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos que estea a aprender, profesionais moi sinxelos ou do seu interese inmediato (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha profesión).</p> <p>PLEB1.5. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal</p>	<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CCEC</p>
--	---	--	---	--

	<p>puntos principais e detalles relevantes).</p> <p>4. Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</p> <p>5. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión dos elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.</p> <p>6. Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p>	<p>relevantes en conversas cotiás, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, sentimentos ou sensacións físicas básicas, expresadas con certa naturalidade e boa articulación, se pode escoitalas de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito.</p> <p>B1.5. Recoñecer os puntos esenciais e a información principal de textos orais ou audiovisuais breves, articulados pausadamente e con claridade, que conteñan narracións e/ou descricións moi sinxelas, que traten sobre asuntos moi previsibles da vida cotiá ou moi coñecidos.</p> <p>B1.6. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos (datos persoais, horarios e</p>	<p>espontánea, relacionada coas actividades de aula, e de simulacións sobre temas cotiás e de interese persoal con diversos fins comunicativos, se a produción é articulada con claridade e cunha velocidade media, pero con pausas.</p> <p>PLEB1.6. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, peticións de información e expresión dos gustos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito.</p> <p>PLEB1.7. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas emitidas por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos (tempo</p>	<p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>
--	--	---	--	--

		prezos), transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e articuladas con certa lentitude e claridade, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan escoitar máis dunha vez.	atmosférico, noticias presentadas con imaxes moi redundantes, etc.) e sobre transaccións habituais de bens e servizos, pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que deba escoitalas máis dunha vez.	
Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción				
a c d e i	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>1. Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>2. Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p>Execución:</p>	<p>B2.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descrições, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais e con dominio do vocabulario elemental,</p>	<p>PLEB2.1. Interactúa nas actividades de aula a maioría das veces ou intervén na lingua estranxeira, cunha pronuncia comprensible, e persevera no seu uso aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións.</p> <p>PLEB2.2. Aмосa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CCL</p> <p>CSC</p>

	<p>1. Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</p> <p>2. Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>3. Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>4. Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos</p>	<p>para lograr a finalidade da comunicación.</p> <p>B2.2. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dea, se solicite e se intercambie información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustificuen brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e de plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para</p>	<p>PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.</p> <p>PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), sempre que a persoa interlocutora coopere, falando amodo e con claridade, e repetindo ou reformulando.</p>	<p>CCL CD CCEC CSC</p> <p>CCL CD CCEC CSC</p>
--	---	---	---	---

	<p>lingüísticos dispoñibles.</p> <p>5. Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos:</p> <p>Lingüísticos:</p> <p>a. Modificación de palabras de significado parecido.</p> <p>b. Definición ou parafraseo dun termo ou dunha expresión.</p> <p>c. Petición de axuda ou clarificación.</p> <p>Paralingüísticos:</p> <p>a. Sinalización de obxectos, uso de décticos ou realización de accións que aclaran o significado.</p> <p>b. Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).</p>	<p>organizar o discurso e para seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto.</p> <p>B2.3. Participar en conversas espontáneas relacionadas coas actividades de aula e en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo.</p> <p>B2.4. Utilizar estratexias de cooperación na</p>	<p>PLEB2.5. Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.</p> <p>PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas</p>	<p>CCL CD CCEC CSC</p> <p>CCL CD CCEC CSC</p>
--	---	--	---	---

	<p>c. Uso de elementos cuasiléxicos de valor comunicativo (hum, puah, etc.).</p> <p>d. Uso de elementos prosódicos (pausas, ritmo, entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou óinte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.</p> <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.2. Rutinas ou modelos de interacción básicos segundo o tipo de situación de comunicación propia da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>B2.3. Uso básico da quenda de palabra, con indicadores sinxelos de que se</p>	<p>interacción e no traballo con outras persoas, colaborando con elas na interacción, verificando a comprensión propia e das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.</p> <p>B2.5. Manexar con certa fluidez frases feitas curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes.</p> <p>B2.6. Intercambia información ou responde a preguntas directas simples e</p>	<p>do seus compañeiros e das súas compañeiras.</p> <p>PLEB2.7. Toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela de carácter educativo ou ocupacional moi habitual e traballado previamente, intercambiando información suficiente e básica de carácter persoal e sobre hábitos, gustos ou estudos, preguntando sobre problemas prácticos e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita, e se o interlocutor coopera, falando amodo e con claridade, repetindo ou reformulando.</p>	<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>
--	--	---	--	---

	<p>quere falar e de recoñecemento do desexo de falar das demais persoas.</p>	<p>breves, relativas a información persoal, hábitos, gustos, estudos etc., en relación con ámbitos e temas inmediatos cos que xa estea familiarizado.</p> <p>B2.7. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor.</p>		
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural				
<p>a c d i o</p>	<p>B5.4. Plurilingüismo.</p> <p>1. Recoñecemento da realidade plurilingüe do propio contorno.</p> <p>2. Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe, e da</p>	<p>B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións.</p> <p>B5.2. Aplicar á comprensión e á</p>	<p>PLEB5.1. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos, facéndose comprender, producindo con suficiencia discriminativa trazos fonéticos</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>

	<p>lingua estranxeira, para lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>3. Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas</p> <p>1. Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas.</p> <p>2. Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>3. Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición</p>	<p>producción de textos escritos as normas ortográficas básicas da palabra e da oración.</p> <p>B5.3. Incorporar á produción do texto oral e escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a estruturas sociais, relacións interpersoais, patróns de actuación, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos.</p> <p>B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, amosando curiosidade e respecto perante as diferenzas.</p>	<p>significativos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e recoñecendo e producindo comprensiblemente patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>PLEB5.2. Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensible os textos, sen cometer erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes.</p> <p>PLEB5.3. Utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.)</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>
--	--	---	---	---

de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros.	B5.5. Utilizar as experiencias e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe; apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe, e valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal, ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.	PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, de ser o caso, do resto do alumnado, e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	CCL CAA CSC CCEC CD
4. Petición e ofrecemento de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e consellos, advertencias e avisos.			
5. Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida.			
6. Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.		PLB5 5. Nas actividades de aula utiliza, para a comprensión e a elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos, así como os procesos de realización das actividades lingüísticas de comprensión e produción.	CCL CAA CSC CCEC CD
7. Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.			
8. Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses.	B5.6. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo,	PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas	CCL CAA CSC CCEC CD
9. Establecemento e mantemento básicos			

	<p>da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e cuidados físicos; educación e estudo; compras, alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>1. Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos máis habituais.</p> <p>2. Saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión de opinións</p>	<p>utilizando, con suficiente dominio para o seu nivel escolar, os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente.</p> <p>B5.7. Comprender e utilizar rutinas e o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas reais ou simuladas.</p> <p>B5.8. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e partextuais).</p> <p>PLEB5.7. Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.</p> <p>PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>
--	--	---	--	---

	<p>3. Léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.</p> <p>B5.7. Estruturas sintáctico- discursivas propias da lingua inglesa estudadas ao longo do curso.</p>			
--	--	--	--	--

3. CONTIDOS E SECUENCIACIÓN DA MATERIA

Os diferentes estándares de aprendizaxe, así como as competencias clave asociadas, trabállanse ao longo de todo o curso. O que varía é o nivel de dificultade dos contidos e das tarefas a realizar segundo avanza o curso e segundo o nivel de competencia que vaia adquirindo o alumnado.

Cunha maior ou menor complexidade, dependendo do nivel de coñecementos do alumnado, os contidos de comprensión e produción de textos orais versarán sobre diferentes temas, entre os que podemos destacar:

- Números (ordinais e cardinais), días, meses, anos e horas. Preguntar e contestar a data, a hora, o día de nacemento, a idade, o número de teléfono, o prezo, etc.
- Información persoal básica. Preguntar e contestar sobre datos persoais, membros da familia, hobbies, lugar de residencia, etc.
- Aparencia física e personalidade. Describir persoas.
- En casa. Describir a casa, tipos de casa, rutinas diarias, tarefas do fogar, etc.
- No instituto. Falar sobre as materias, horarios, material escolar, normas de clase, etc.
- Tempo libre. Falar sobre deportes, hobbies, programas de televisión, música, etc.
- Na cidade. Pedir e dar información sobre como chegar a lugares da cidade (direccións).
- Medios de transporte. Diálogo na estación de tren / autobús: compra de billetes.
- Restaurantes. Diálogo nun restaurante: reservar unha mesa e pedir comida.
- Tendas. Diálogo nunha tenda: comprar roupa e devolvela.

- Viaxes. Rexistrarse nun hotel. Falar sobre o tempo. Narrar unha viaxe en pasado.
- Saúde. Diálogo na consulta do médico sobre dores e males comúns.
- Vacacións e festividades. Falar sobre plans de futuro.

Cómpre sinalar que estes bloques temáticos poden ser modificados e/ou ampliados en función das necesidades, motivacións e intereses do alumnado.

Ao longo do curso, o alumnado traballará mediante exposicións, descricións, narracións, diálogos, argumentacións e debates, tanto individualmente como en parellas ou pequenos grupos, onde terá que desenvolverse na busca da información necesaria, a exposición de gustos e preferencias, a toma de decisións, a expresión de desexos e suxestións, o mantemento da conversa, a petición de información, a petición de axuda e repetición, os usos sociais da lingua, etc. Preténdese tamén a adquisición dun vocabulario rico e variado que lles permita desenvolverse nas súas producións orais e na vida cotiá. Traballarase tamén coa escoita de producións orais tanto por parte dos seus compañeiros coma procedentes de distintos soportes: vídeos, CDs de audio ou páxinas web de contido didáctico. Insistirase tamén na adquisición e manexo de patróns lingüísticos, fonéticos e entoación, así como nas convencións sociais propias da lingua inglesa, traballándoas en comparación coas súas propias.

4. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

Ao finalizar o curso, o alumno/a deberá ser capaz de:

- Identificar e comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles máis relevantes en textos orais, producidos con claridade e velocidade, léxico e estruturas gramaticais axeitados ao nivel de competencia lingüística do alumnado en 2º ESO, e que versen sobre asuntos cotiáns ou temas traballados ao longo do curso.
- Producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos, con fluidez suficiente e pronuncia intelixible, de estrutura simple e lonxitude, léxico e estruturas gramaticais axeitados ao nivel de competencia lingüística do alumnado en 2º ESO.
- Identificar e aplicar na comunicación oral as estruturas sintáctico-discursivas propias de 2º ESO, así como distinguir e expresar funcións comunicativas de uso frecuente.
- Comprender e utilizar léxico de uso común relativo a asuntos cotiáns ou temas traballados ao longo do curso.
- Distinguir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, así como pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible.

5. METODOLOXÍA

Ademais das consideracións xa expostas na introdución, a metodoloxía de traballo será eminentemente práctica, empregando un enfoque comunicativo. Seguindo as indicacións do Consello de Europa no Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER), o enfoque das clases estará baseado no uso da lingua intentando reproducir na aula situacións de uso en contextos auténticos. A sesión de clase desenvolverase integramente en inglés, favorecendo así o intercambio entre o profesor/a e o alumnado.

A disposición da aula será flexible e responderá ás necesidades da actividade a levar a cabo. O alumnado poderá distribuírse por parellas, pequenos grupos ou individualmente en función da tarefa a realizar. A mobilidade do alumnado dentro da aula persigue igualmente a integración do alumnado no grupo, así como o seu enriquecemento persoal e académico. Para fomentar isto último, favoreceremos o cambio nas parellas e grupos dando así cabida ao intercambio de ideas, puntos de vista, formas de traballo e actitudes cara á materia.

En principio, o alumnado da materia dispón da aula de idiomas e da aula de informática da ESO, onde dispoñemos de todo o material necesario e acceso a Internet para practicar e desenvolver as destrezas de comprensión e expresión oral.

Dada a situación actual de epidemia Covid-19 e o conseguinte risco de contaxio, adaptarase a metodoloxía e actividades de aula ás directrices establecidas no Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/2022, aprobado polas Consellerías de Educación e Sanidade, así como ás normas recollidas no Plan de continxencia elaborado polo noso centro educativo.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Dada a diversidade de actividades e a cantidade de recursos que dispoñemos no Departamento de Inglés, non se solicita ningún libro de texto. Empregaremos material fotocopiable cando non se poida presentar as actividades por outros medios dixitais, e os alumnos levarán un caderno ou carpeta onde gardarán o seu traballo diario.

Ademais dos recursos didácticos dispoñibles en Internet (tales como páxinas web especializadas na aprendizaxe do inglés como lingua estranxeira, vídeos, cancións, presentacións, etc.), usaremos os seguintes materiais:

- *English File A1/A2 (4th edition)*. Oxford University Press
- *Speaking Extra*. Cambridge University Press

- *Listening Extra*. Cambridge University Press
- *Real Listening and Speaking 1*. Cambridge University Press
- *Elementary Communication Games*. Pearson Longman
- *English Pronunciation in Use Elementary*. Cambridge University Press
- Speaking Cards A1/A2 da EOI e outras institucións
- Material didáctico elaborado polo profesorado do departamento

7. ADAPTACIÓN AO ENSINO SEMIPRESENCIAL OU A DISTANCIA

A causa da evolución da pandemia Covid-19, cabe a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar determinados períodos de docencia presencial con outros de docencia non presencial durante o curso 2021/2022 e, por tanto, cómpre realizar algunhas adaptacións ao previamente establecido nesta programación didáctica.

Durante o ensino semipresencial ou a distancia empregárase principalmente a aula virtual da materia para informar ao alumnado do plan de traballo a seguir e as actividades a realizar. Así mesmo, valorárase a posibilidade de realizar clases online a través de videoconferencia, empregando a plataforma Cisco Webex Meetings (ferramenta posta á disposición do profesorado pola Consellería de Educación), sempre que o alumnado dispoña de conexión a internet cunha velocidade axeitada para seguir ben a clase. Tamén se poderán empregar outros medios non presenciais (telemáticos, telefónicos ou doutra índole) para a comunicación co alumnado: correo electrónico, a aplicación abalarMóbil, etc.

No suposto de que algún alumno/a non puidera seguir a ensinanza telemática por falta de medios ou conexión a internet, buscaranse medidas alternativas para facerlles chegar as instrucións das tarefas a realizar, así como o material necesario para realizar ditas tarefas, garantindo así o dereito á educación a todo o alumnado.

No caso de que non sexa posible realizar as probas escritas e orais de forma presencial, estas serán substituídas por probas telemáticas: cuestionarios escritos con límite de tempo na aula virtual da materia, probas orais por videoconferencia ou gravación de audio, etc. Ademais, poderase propor a realización e entrega, sempre dentro do prazo de tempo establecido, de proxectos para levar a cabo a avaliación do alumnado.

Cómpre ter en conta que os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliábeis e criterios de cualificación serán os mesmos para o ensino presencial e a distancia, se ben é certo que as actividades que se realicen de forma telemática estarán centradas fundamentalmente nas aprendizaxes e competencias imprescindibles que deberían desenvolver os alumnos/as.

8. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para poder avaliar os estándares de aprendizaxe descritos anteriormente, empregaranse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

- Observación sistemática do traballo e da participación do alumnado na clase, que se recollerá nunha ficha de rexistro personalizada no caderno do profesor/a. Farase un seguimento do traballo realizado e da participación activa nas actividades da clase, así como da colaboración cos compañeiros/as para levar a cabo a aprendizaxe de xeito cooperativo, a resolución das cuestións que se plantexan nas diversas actividades, a comprobación dos acertos e erros e a súa utilización para a mellora do propio proceso de aprendizaxe, e a elaboración do caderno de clase no que se recollerán as tarefas a realizar.
- Tarefas específicas. Ao longo das sesións faranse distintas tarefas como traballo de clase (principalmente) ou de casa (de xeito máis ocasional) que conducirán á mellora da competencia comunicativa e á adquisición dos estándares de aprendizaxe requiridos. Estas tarefas consistirán en: (a) a práctica na comprensión oral farase por medio de diferentes tipos de audicións empregando CDs, vídeos e DVDs sobre os distintos temas programados, así como a escoita do profesor/a e dos compañeiros/as; (b) para a produción oral proporase distintas actividades nas que o alumnado teña que expresarse individualmente, por parellas ou en grupo, interactuar co profesor/a ou presentar algún tema preparado por eles mesmos (exposición oral con ou sen PowerPoint, monólogos, etc.).
- Probas específicas ao finalizar cada avaliación. Para calcular a nota final de cada avaliación o profesor/a avaliará a través de diferentes probas as dúas destrezas practicadas, comprensión e expresión oral, de xeito que se poida valorar a competencia ou habilidade de comunicarse oralmente en inglés desenvolvida polo alumnado.

Para poder seguir o progreso dos alumnos/as é necesario saber o nivel do que parten e, por tanto, realizarase unha avaliación inicial ao inicio do curso mediante unha actividade de comprensión oral e outra de expresión oral, co fin de precisar o nivel de partida do alumnado en cada unha desas destrezas. Ao longo do curso levarase a cabo unha avaliación continua, con carácter formativo, do proceso de aprendizaxe dos alumnos/as. O profesor/a decidirá, ao terminar cada avaliación, se o alumno/a acadou os obxectivos e alcanzou un adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

Para valorar o proceso de desenvolvemento das destrezas de comprensión e expresión oral na materia,

aplicaranse os seguintes criterios de cualificación:

ELEMENTOS A AVALIAR	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS	PESO NA NOTA DA AVALIACIÓN
Comprensión oral (<i>listening</i>)	P- Proba escrita de comprensión de textos orais. I- Rexistro cualitativo da proba.	25%
Producción oral (<i>speaking</i>)	P- Proba oral de expresión e interacción oral. I- Rúbrica e rexistro cualitativo das intervencións.	25%
Realización das tarefas e participación	P- Observación do traballo e das intervencións. I- Rexistro cualitativo e cuantitativo. Rúbrica. Lista de observación e cotexo.	50%

9. PLAN DE RECUPERACIÓN DA MATERIA

Non se realizarán exames de recuperación de avaliacións pendentes, posto que a avaliación é continua ao longo de todo o curso. Esta avaliación continua implica que o alumno/a que suspenda unha avaliación recupéraa aprobando a seguinte. No caso de que un alumno/a suspenda a primeira e segunda avaliacións e aprobe a terceira, aprobará todo o curso.

O alumnado que non supere os obxectivos da materia de COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL EN LINGUA INGLESA terá a opción de recuperar a materia realizando un exame de recuperación en xuño, despois da 3ª avaliación (a comezos de xuño) e antes da avaliación final ordinaria (a finais de xuño). Dito exame será unha proba de Listening e Speaking sobre os contidos traballados ao longo do curso.

O alumnado que pase ao seguinte curso con esta materia pendente deberá presentarse ás probas de pendentes nas datas organizadas polo centro, previsiblemente en xaneiro o primeiro parcial e en abril o segundo parcial. De todos os xeitos, os alumnos/as terán o dereito a presentarse á proba final de pendentes sen prexuízo por se teren acollido á realización por parciais.



PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN DO
CENTRO

INGLÉS COMUNICATIVO

1º Bacharelato

ÍNDICE DE CONTIDOS	
<i>SECCIÓN</i>	<i>PÁX.</i>
1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN	337
2. OBXECTIVOS XERAIS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	338
3. METODOLOXÍA, MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	353
4. SECUENCIACIÓN DA MATERIA	354
5. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN: TRANSICIÓN AO ENSINO NON PRESENCIAL	356
6. PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	357
7. PLAN DE RECUPERACIÓN DA MATERIA	358

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

Segundo a resolución do 15 xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, o IES Terra de Soneira oferta a materia de libre configuración de centro denominada INGLÉS COMUNICATIVO para o tramo educativo de Bacharelato.

A nosa motivación para ofertar dita materia ven dada por diferentes circunstancias.

En primeiro lugar, a mellora substancial dos medios de comunicación e a rápida evolución, desenvolvemento e expansión das tecnoloxías da información e da comunicación teñen propiciado un incremento das relacións internacionais sen precedentes. O noso país, ademais, encóntrase inmerso e comprometido coa Unión Europea onde o coñecemento doutras linguas comunitarias constitúe un elemento clave para favorecer a libre circulación de persoas e facilitar así a cooperación cultural, económica, técnica e científica entre os seus membros. Temos que preparar ao noso alumnado para un mundo progresivamente máis internacional, intercultural e multilingüe. É máis, o Consello de Europa no Marco Común Europeo de referencia para as linguas: Aprendizaxe, ensinanza, avaliación, establece directrices tanto para a súa aprendizaxe, como para a valoración da competencia das diferentes linguas dun falante. Estas pautas teñen sido un referente clave no currículo de Bacharelato.

En segundo lugar, o alumnado que accede a Bacharelato posúe xa un coñecemento da lingua estranxeira que lle permite desenvolverse en situacións habituais de comunicación. É por isto que o obxecto desta materia será usar o idioma con máis fluidez e naturalidade de modo que a comunicación oral se realice sen esforzo en situación de maior complexidade para interactuar socialmente, comprender e producir textos orais nunha variedade de acentos, rexistros e estilos estándar e dunha linguaxe que conteña certas expresións idiomáticas de uso frecuente.

En terceiro lugar, en Bacharelato é necesario continuar reforzando a autonomía do alumnado, xa que terán perfilado con maior precisión as súas necesidades e intereses de futuro. Porén, a aprendizaxe da lingua estranxeira nesta etapa suporá, por unha banda, a prolongación e consolidación do que xa se coñece e, por outra banda, o desenvolvemento de capacidades máis especializadas en función dos intereses académicos e profesionais, tanto inmediatos como de futuro.

En cuarto lugar, nesta etapa de Bacharelato continúa o proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira co obxectivo de que ao finalizala o alumnado teña consolidado todas as destrezas e sexan capaces de manter unha interacción e facerse entender nun conxunto de situacións, facendo uso dun léxico cada vez máis amplo relacionado con temas xerais e manifestando un aceptable coñecemento gramatical,

usando nexos para sinalizar as relacións entre ideas, cun grao de fluidez e espontaneidade crecente. En definitiva, esta etapa debe supoñer a continuación dunha aprendizaxe cada vez máis autónoma que ten que durar toda a vida. Ademais, a aprendizaxe dunha lingua estranxeira transcende o marco das aprendizaxes puramente lingüísticas, dado que o seu coñecemento contribúe á formación do alumnado dende unha perspectiva integral en tanto que favorece o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas, desenvolve a conciencia cultural, é un vehículo para a comprensión de temas e problemas globais e para a adquisición de estratexias de aprendizaxe diversas. Deste xeito, a materia de INGLÉS COMUNICATIVO contribuirá a ampliar o horizonte persoal, a que se afonde o acercamento a outras formas de vida e organización social diferentes e se favoreza o acercamento a un mundo no que a comunicación internacional é cada vez máis patente.

A aprendizaxe será un proceso dinámico baseado nunha ampla variedade de actividades que terán sempre sentido dende o punto de vista comunicativo e reflectirán situacións reais. Usaremos maioritariamente materiais auténticos e faremos un uso extenso das tecnoloxías da información e da comunicación, intentando introducir o mundo real na aula.

Esta materia constará dunha sesión lectiva semanal, que poderán variar dependendo das festividades e actividades extraescolares que coincidan coas mesmas.

2. OBXECTIVOS XERAIS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

2.1. OBXECTIVOS XERAIS

En canto os obxectivos xerais de etapa, nesta materia de INGLÉS COMUNICATIVO contribuiremos a desenvolver os seguintes:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia

contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou mais linguas estranxeiras.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

2.2. CONTIDOS, CRITERIOS, ESTÁNDARES E COMPETENCIAS

Nesta materia de INGLÉS COMUNICATIVO abordaremos os seguintes bloques de contidos, cos seus correspondentes obxectivos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave, tal e como aparecen recollidos no Decreto 86/2015, do 25 de xuño: Bloque 1. Comprensión de textos orais; Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción; e Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural.

INGLÉS COMUNICATIVO (1º BACHARELATO)				
OBX	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	CMP
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
a	B1.1. Estratexias de comprensión:	B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral; a información esencial; os puntos principais; os detalles relevantes; información, ideas e opinións tanto implícitas como explícitas do texto, formuladas de maneira clara; e matices como a ironía ou o humor, ou o uso poético ou estético da lingua cando a imaxe facilita a comprensión.	PLEB1.1. Comprende instrucións, anuncios, declaracións e mensaxes detalladas, dados cara a cara ou por outros medios, sobre temas concretos, en linguaxe estándar e a velocidade normal (por exemplo, declaracións ou mensaxes institucionais).	CCL CAA CCEC CSC CD
b	1.Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.			
c	2.Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva, detallada, etc.).			
f	3.Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.		PLEB1.2. Identifica as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais de	CCL CAA CCEC
	4.Distinción de tipos de comprensión (sentido			

	<p>implícito (incluíndo a ironía e o humor), cando a articulación é clara.</p> <p>B1.6. Identificar as ideas principais, información detallada e implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e lingüisticamente complexos, nunha variedade de lingua estándar e articulados a velocidade normal, que traten temas tanto concretos como abstractos, incluso se son de carácter técnico cando estean dentro do propio campo de especialización ou de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral/profesional, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan confirmar certos detalles.</p> <p>B1.7. Comprender as ideas principais e as específicas máis relevantes de textos gravados ou audiovisuais</p>	<p>actuación e procedementos abstractos, sempre que poida confirmar o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre os aspectos ambiguos.</p> <p>PLEB1.5. Comprende a liña argumental, as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais en presentacións, conferencias ou seminarios de certa extensión e complexidade sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, tanto concretos como abstractos, sempre que haxa marcadores que estruturen o discurso e guíen a comprensión.</p> <p>PLEB1.6. Comprende o contido da información da maioría do material gravado ou retransmitido nos medios de comunicación, relativo</p>	<p>CCL CAA CCEC CSC</p> <p>CCL CAA CCEC CSC CD</p>
--	---	--	--

	<p>necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p>4.Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>Execución:</p> <p>1.Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>2.Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>3.Aproveitamento dos coñecementos previos</p>	<p>B2.2. Construír textos claros e co detalle suficiente, ben organizados e adecuados ao interlocutor e ao propósito comunicativo, sobre temas diversos, xerais e máis específicos dentro do propio campo de especialidade ou de interese, e defender un punto de vista sobre temas xerais ou relacionados coa propia especialidade, indicando os proles e os contras das opcións, así como tomar parte activa en conversas formais ou informais de certa lonxitude, desenvolvéndose cun grao de corrección e fluidez que permita manter a comunicación.</p> <p>B2.3. Utilizar correctamente, sen erros que conduzan a malentendidos, as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de coherencia e de cohesión de uso</p>	<p>educativo ou relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento dun experimento científico, ou unha análise de aspectos históricos, sociais ou económicos), cunha estrutura clara que axuda os oíntes a fixérense nos aspectos máis importantes, e demostrando seguridade á hora de contestar preguntas do auditorio formuladas con claridade e a velocidade normal.</p> <p>PLEB2.3. Participa con soltura en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente aos sentimentos que</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CD</p>
--	--	--	--	--

	<p>sacándolle partido (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).</p> <p>4.Cooperación na interacción con outras persoas, verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.</p> <p>5.Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou paralingüísticos: Lingüísticos: -Modificación de palabras de significado parecido. -Definición ou parafrase dun termo ou dunha expresión. -Produción de autocorrección, falsos comezos, repeticións e circunloquios. Paralingüísticos.</p>	<p>común e máis específico, seleccionándoos en función do propósito comunicativo no contexto concreto (por exemplo, o uso da voz pasiva en presentacións de carácter educativo, ou de frases de relativo para facer unha descrición detallada).</p> <p>B2.4. Ler en voz alta con énfase expresiva de xeito que poidan recoñecerse as ideas clave, utilizando o ritmo e as pautas para facer a lectura comunicativa, engadindo algún comentario persoal ao texto (aclaración de palabras, algún novo exemplo, unha alusión a experiencias compartidas, etc.) e corrixíndose con naturalidade no caso dalgunha equivocación.</p> <p>B2.5. Planificar e articular o texto oral segundo a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias en cada caso, seleccionando os expoñentes das devanditas funcións</p>	<p>expresan os seus interlocutores; describe con detalle experiencias persoais e as súas reaccións ante elas; expresa con convicción crenzas, acordos e desacordos, e explica e xustifica de maneira persuasiva as súas opinións e proxectos.</p> <p>PLEB 2.4. Toma parte adecuadamente en conversas formais, entrevistas, reunións e debates de carácter educativo ou ocupacional, achegando e pedindo información relevante e detallada sobre aspectos concretos e abstractos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos; explicando os motivos dun problema complexo e pedindo e dando instrucións ou suxestións para resolvelo;</p>	<p>CCL CAA CCEC CSC</p>
--	--	---	--	-------------------------------------

	<p>-Petición de axuda ou clarificación.</p> <p>-Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.</p> <p>-Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, e proxémica).</p> <p>-Uso de sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais.</p> <p>-Uso dos elementos prosódicos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle á persoa destinataria ou ónte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.</p> <p>B2.2. Rutinas ou modelos de interacción segundo o tipo de situación de</p>	<p>segundo os seus matices de significación, e os patróns discursivos dos que se dispón para presentar e organizar a información, deixando claro o que se considera importante (por exemplo, mediante estruturas enfáticas), ou os contrastes ou as digresións con respecto ao tema.</p> <p>B2.6. Expresarse con relativa facilidade e naturalidade, e cun grao de fluidez que permita desenvolver o discurso sen moita axuda do interlocutor, aínda que poidan darse algúns problemas de formulación que retarden algo o discurso ou que requiran expor de maneira distinta o que se quere dicir.</p> <p>B2.7. Xestionar a interacción de maneira eficaz en situacións habituais, respectando e tomando a quenda de palabra con amabilidade e cando se desexa, e</p>	<p>desenvolvendo argumentos de forma comprensible e convincente e comentando as contribucións dos interlocutores; opinando e facendo propostas xustificadas sobre futuras actuacións.</p> <p>PLEB2.5. Participa na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, cun bo grao de fluidez e claridade, malia algúns erros esporádicos.</p> <p>PLEB2.6. Realiza unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, formulando preguntas complementarias ou respondendo a elas, reaccionando ante unha resposta que non entenda, e</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>
--	---	---	--	---

	comunicación en contextos informais e formais máis habituais.	axustando a propia contribución á dos interlocutores, percibindo as súas reaccións, e defenderse en situacións menos rutineiras, e mesmo difíciles (por exemplo, cando a persoa interlocutora acapara a quenda de palabra, ou cando a súa contribución é escasa e hai que encher as lagoas comunicativas ou animala a participar).	interactuando para pedir repeticións e confirmar a comprensión mutua da súa área de interese.	
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural				
a b c f	B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: 1.Discriminación e uso dos trazos fonéticos que distinguen fonemas (trazos distintivos como sonoridade, nasalidade e apertura de vogais). 2.Recoñecemento e produción de unidades maiores do nivel fónico (secuencia acentual das palabras). 3.Recoñecemento e uso comprensible dos elementos prosódicos	B5.1. Discriminar e reproducir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, axustándose debidamente a algunha variedade estándar da lingua, e selecciónalos en función das propias intencións comunicativas, incluíndo a expresión sinxela da ironía e do humor. B5.2. Axustarse con consistencia aos patróns ortográficos, de puntuación e de formato	PLEB5.1. Comprende e faise comprender con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais, con matices como a ironía e o humor, sempre que as persoas interlocutoras pronuncien con claridade e eviten un uso moi idiomático. PLEB5.2. Relaciónase oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos	CCL CAA CCEC CD CCL CAA CCEC CSC

	<p>(acento, ritmo e entoación das oracións).</p> <p>4.Recoñecemento de palabras e frases de uso coloquial común emitidas con procedementos básicos de redución fonética.</p> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>1.Convencións sociais.</p> <p>2.Recoñecemento das normas e as variacións sociais, as convencións sociais e as formas, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; características básicas do sentido do humor; usos lingüísticos adecuados ao contexto; referencias relativas á identidade nacional ou cultural; linguaxe non verbal e diferenzas específicas entre a propia cultura e a cultura portada pola</p>	<p>de uso común, e algúns de carácter máis específico.</p> <p>B5.3. Distinguir a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias do texto, como implicacións facilmente discernibles, e apreciar as diferenzas de significación de distintos expoñentes destas, así como distinguir os significados e os propósitos xerais asociados ao uso de patróns discursivos típicos polo que respecta á presentación e á organización da información (entre outros, o reforzo ou a recuperación do tema; a topicalización, pondo o tema da oración ao principio, como por exemplo en "Diso non quero falar"; contraste, digresión ou recapitulación).</p> <p>B5.4. Integrar na propia competencia intercultural, para producir textos orais e escritos ben axustados</p>	<p>de vista sobre temas tanto abstractos como concretos; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación.</p> <p>PLEB5.3. Intervén oralmente con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural.</p> <p>PLEB 5.4. Entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou estudos (por exemplo, para recibir asistencia</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>
--	---	---	---	--

	<p>lingua obxecto de estudo.</p> <p>3.Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <p>1.Consciencia das habilidades metalingüísticas adquiridas durante as aprendizaxes lingüísticas, e transferencia destes coñecementos e estratexias dunha lingua a outra para avanzar no seu dominio.</p> <p>2.Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que</p>	<p>ao contexto específico, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis relevantes da lingua e culturas meta relativos a costumes, usos, actitudes, valores e crenzas, e superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias, e os estereotipos, demostrando confianza no uso de diferentes rexistros ou outros mecanismos de adaptación contextual, e evitando erros serios de formulación ou presentación textual que poidan conducir a malentendidos ou situacións potencialmente conflitivas.</p> <p>B5.5. Coñecer e saber seleccionar e utilizar léxico oral e escrito común e expresións e modismos de uso habitual, e máis especializado segundo os propios intereses e as necesidades no ámbito persoal, público,</p>	<p>sanitaria como turista ou como residente, cambiar unha reserva de hotel, anular billetes ou cambiar un artigo defectuoso), sempre que poida pedir confirmación.</p> <p>PLEB5.5. Desenvólvese con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, solicitando información detallada, ofrecendo explicacións claras e detalladas, e desenvolvendo a súa argumentación de xeito satisfactorio na resolución dos problemas que xurdan.</p> <p>PLEB5.6. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo,</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>
--	--	---	--	---

	<p>posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p>1.Xestión de relacións sociais no ámbito persoal, público, educativo e profesional.</p> <p>2.Descrición e apreciación de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, actividades, procedementos e procesos.</p> <p>3.Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, a medio e a longo prazo.</p> <p>4.Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.</p> <p>5.Expresión da curiosidade, o</p>	<p>educativo e laboral ou profesional, así como un reducido repertorio de palabras e expresións, e as connotacións máis discernibles, que permita un uso humorístico, poético ou estético sinxelo do idioma.</p> <p>B5.6. Coñecer coa profundidade debida e aplicar eficazmente á comprensión do texto os coñecementos sociolingüísticos relativos á estruturación social, ás relacións interpersoais en diversos contextos (desde informal ata institucional) e as convencións sociais (incluíndo crenzas e estereotipos) predominantes nas culturas en que se utiliza a lingua meta, así como os coñecementos culturais máis relevantes (por exemplo, históricos, xeográficos, literarios ou artísticos), que permitan captar as alusións máis directas sobre estes</p>	<p>e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual.</p> <p>PLEB5.7. Comprende textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo (aínda que non os comparta) os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista e posturas concretas e actitudes que responden a crenzas, costumes e valores propios da cultura da lingua meta.</p> <p>PLEB5.8. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.</p> <p>PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos,</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CD</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>
--	---	---	---	--

	<p>coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade.</p> <p>6.Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección.</p> <p>7.Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>8.Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.</p> <p>9.Establecemento e xestión da comunicación e organización do procesos.</p> <p>10.Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de</p>	<p>aspectos que poida conter o texto.</p> <p>B5.7. Resumir ou parafrasear un texto para facelo intelixible a quen necesite desta mediación por descoñecemento ou coñecemento insuficiente da lingua meta.</p> <p>B5.8. Utilizar o coñecemento sociocultural sobre o modo de vida da comunidade que é obxecto de estudo e as diferenzas esenciais entre as prácticas, os valores e as crenzas desa comunidade e as propias, para facer un texto comprensible a unha persoa interlocutora que descoñece a lingua estranxeira, e resolver posibles malentendidos e conflitos interculturais.</p> <p>B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares</p>	<p>carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>CD</p>
--	--	---	--	-----------

	<p>sucesos futuros a curto, a medio e a longo prazo.</p> <p>11. Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.</p> <p>12. Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade.</p> <p>13. Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección.</p> <p>14. Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>15. Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.</p>	<p>como outras presentes no centro, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>		
--	---	---	--	--

	<p>16. Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico:</p> <p>1. Recoñecemento e uso de léxico oral e escrito común e máis especializado dentro das propias áreas de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos, tempo e espazo, estados, eventos e acontecementos, actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, educativas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura.</p>			
--	---	--	--	--

	<p>2.Recoñecemento e uso de expresións fixas frecuentes (locucións idiomáticas, esquemas fraseolóxicos, colocacións, frases feitas e léxico propio de temas relativos a feitos de actualidade).</p> <p>3.Recoñecemento e uso de antónimos, sinónimos e de procedementos de formación de palabras mediante recursos de derivación e de composición, e recoñecemento de "falsos amigos".</p> <p>B5.7. Estruturas sintáctico- discursivas propias do inglés para este nivel.</p>			
--	---	--	--	--

3. METODOLOXÍA, MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Ademais das consideracións xa expostas na programación didáctica xeral (Bacharelato), a metodoloxía de traballo será eminentemente práctica, dinámica e motivadora, intentando espertar a motivación do alumnado cara ao uso da lingua estranxeira activamente na aula.

A sesión de clase desenvolverase en inglés, favorecendo o intercambio entre o/a profesor/a e o alumnado. A disposición da aula será flexible e responderá ás necesidades do momento. O alumnado poderá distribuírse por parellas, grupos ou individualmente. A mobilidade do alumnado dentro da aula persigue tanto a integración do alumnado no grupo como o seu enriquecemento persoal e académico.

Para fomentar isto último, favoreceremos o cambio nas parellas e grupos, dando así cabida ao intercambio de ideas, puntos de vista, formas de traballo e actitudes cara á materia.

Dada a diversidade de actividades e traballos e a cantidade de recursos de que dispoñemos no Departamento de Inglés, non se solicita ningún libro de texto. Empregaremos material fotocopiado cando non se poda presentar as actividades por outros medios, e os alumnos levarán un caderno ou carpeta onde gardarán o seu traballo diario.

Entre outros materiais como internet e DVDs, usaremos os seguintes:

- *New English File Intermediate*. Oxford University Press.
- *Face2face Intermediate*. Cambridge University Press.
- *Express Yourself! 1*. Burlington.
- *Listening Extra*. Cambridge University Press.
- *Speaking Extra*. Cambridge University Press.
- *Discussions A-Z Intermediate*. Cambridge University Press.
- *Timesaver Speaking Activities*. Mary Glasgow Magazines. Scholastic.
- *Penguin English Photocopiables: First Certificate Games and Activities*. Pearson Longman.
- *Penguin English Photocopiables: Pair Work 2*. Pearson Longman.
- *Penguin English Photocopiables: Group Work*. Pearson Longman.
- *Penguin English Photocopiables: Fun Class Activities*. Pearson Longman.
- *Intermediate Communication Games*. Pearson Longman.
- Speaking Cards B1/B2 da EOI e outras institucións.

4. SECUENCIACIÓN DA MATERIA

Como xa temos exposto na introdución desta programación, a materia de INGLÉS COMUNICATIVO está pensada para ter unha periodicidade dunha sesión semanal de 50 minutos aproximadamente, que variarán dependendo das festividade e actividades extraescolares do alumnado.

En canto á Comprensión Oral e Expresión Oral, os contidos serán os seguintes:

- Comprensión do sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e actitudes ou opinións dos falantes en diferentes tipos de textos orais, así como as diferenzas entre os rexistros formal e informal.
- Uso de distintas estratexias de comprensión oral: escoita global, escoita selectiva, inferencia e formulación de hipóteses sobre significados, etc.

- Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto, á canle e á finalidade da produción ou interacción, aplicando o rexistro e a estrutura do discurso adecuados a cada caso, e escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa (narrar, describir, expoñer, argumentar, expresar opinións, acordo, desacordo, recomendacións, consellos, etc.).
- Uso de distintas estratexias de expresión oral para compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos: uso de palabras de significado parecido, paráfrase dun termo ou expresión, petición de axuda ou clarificación, etc.
- Participación en conversas, role-plays, diálogos, exposicións e debates en torno aos temas propostos, que serán os seguintes:
 - a) EDUCACIÓN: modos de aprendizaxe, consellos para adquirir unha lingua estranxeira.
 - b) EXPERIENCIAS PERSOAIS.
 - c) RELACIÓNS: familia e amigos.
 - d) ALOXAMENTO: mudarse de casa, alugar un piso, coñecer a cidade.
 - e) TRANSPORTE: na estación de tren ou autobús, comprar billetes.
 - f) COMIDA: comer nun restaurante, dieta.
 - g) SAÚDE E FORMA FÍSICA: medicina alternativa, deportes.
 - h) OCIO: actividades de tempo libre, música, cine.
 - i) SHOPPING: comprar en tendas.
 - j) O MUNDO LABORAL: solicitar un traballo, entrevista de traballo.
 - k) ORGANIZACIÓNS BENÉFICAS E VOLUNTARIADO: problemas no mundo.
 - l) MEDIO AMBIENTE: problemas e posibles solucións.
 - m) VIAXES: no aeroporto, no hotel, actividades turísticas.
 - n) DIFERENZAS CULTURAI: celebracións.
 - o) TECNOLOXÍA: o futuro.
 - p) TEMAS DE ACTUALIDADE: as noticias.

Cómpre sinalar que estes temas poden ser modificados e/ou ampliados tendo en conta as necesidades, intereses e motivacións do alumnado.

En canto aos Coñecementos Lingüísticos, os contidos son os seguintes:

- Ampliación do campo semántico e léxico sobre os diálogos e temas tratados.
- Uso do alfabeto fonético para mellorar a pronunciación.
- Produción e interpretación de diferentes patróns de acentuación, ritmo e entoación necesarios para a expresión e comprensión das distintas actitudes e sentimentos.

En canto á Reflexión sobre a Aprendizaxe, os contidos son os seguintes:

- Recoñecemento das variedades da lingua, diferenzas entre a linguaxe falada formal e informal.
- Ampliación de estratexias para revisar, ampliar e consolidar o léxico.
- Reflexión e aplicación de autocorrección e autoavaliación para progresar na aprendizaxe autónoma da lingua. Recoñecemento do erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe tanto dentro como fóra da aula, usando as tecnoloxías da información e comunicación.
- Valoración da confianza, da iniciativa e da cooperación para a aprendizaxe das linguas.

En canto aos Aspectos Socioculturais, os contidos son os seguintes:

- Uso dos rexistros adecuados ao contexto, ao interlocutor e á intención comunicativa.
- Coñecemento e valoración dos elementos culturais das sociedades anglosaxonas.
- Reflexión sobre as similitudes e diferenzas significativas entre costumes, comportamentos, actitudes, valores e crenzas que prevalecen entre falantes da lingua estranxeira e da propia.
- Interese por coñecer información cultural relacionada cos países de fala estranxeira.
- Valoración da lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, facilitador de acceso a outras culturas e outras linguas como enriquecemento persoal.
- Recoñecemento da importancia da comunicación oral na lingua estranxeira como medio para acceder a coñecementos e intercambios que resulten de interese para o futuro académico, profesional e persoal do alumnado.

5. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN: TRANSICIÓN AO ENSINO NON PRESENCIAL

Ao finalizar o curso, o alumno/a deberá ser capaz de:

- Comprender con certa facilidade o sentido xeral, as ideas principais, os detalles, opinións e actitudes dunha ampla gama de textos complexos, articulados a velocidade normal e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, sendo capaz de tolerar un certo grao de ruído ambiental.

- Manter unha conversación fluída en inglés (conversación telefónica, participación en debates, exposicións sobre algún tema, participación nunha entrevista, transaccións comerciais habituais, intercambios de opinión, etc.).
- Producir e interpretar diferentes patróns de acentuación, ritmo e entoación necesarios para a expresión e comprensión de distintas actitudes e sentimentos.

6. PROCEDIMENTOS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para poder avaliar os estándares de aprendizaxe descritos anteriormente, empregaranse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

- **Avaliación inicial.** Para seguir o proceso de aprendizaxe dos alumnos/as é necesario saber o nivel do que parten. Para isto realizárase, se fose necesario, unha avaliación inicial mediante unha actividade de comprensión oral e outra de expresión oral, para poder precisar o nivel do que parte o alumnado.
- **Observación sistemática do traballo e da participación do alumnado na clase,** que se recollerá nunha ficha de rexistro personalizada no caderno do profesor/a. Farase un seguimento do traballo realizado e da participación activa nas actividades da clase, así como da colaboración cos compañeiros/as para levar a cabo a aprendizaxe de xeito cooperativo, a resolución das cuestións que se plantexan nas diversas actividades, a comprobación dos acertos e erros e a súa utilización para a mellora do propio proceso de aprendizaxe, e a elaboración do caderno de clase no que se recollerán as tarefas a realizar.
- **Tarefas específicas.** Ao longo das sesións faranse distintas tarefas como traballo de clase (principalmente) ou de casa (de xeito máis ocasional) que conducirán á mellora da competencia comunicativa e á adquisición dos estándares de aprendizaxe. Estas tarefas consistirán en: (a) a práctica na comprensión oral farase por medio de diferentes tipos de audicións empregando CDs, vídeos e DVDs sobre os distintos temas programados, así como a escoita do profesor/a e dos compañeiros/as; (b) para a produción oral plantearanse distintas actividades nas que o alumnado teña que expresarse individualmente, por parellas ou en grupo, interactuar co profesor/a ou presentar algún tema preparado por eles mesmos (exposición oral con ou sen Power Point, monólogos, etc.).
- **Probas específicas ao finalizar cada avaliación.** Para calcular a nota final de cada avaliación o profesor/a avaliará a través de diferentes probas as dúas destrezas practicadas, comprensión e

expresión oral, de xeito que se valorará a competencia ou habilidade de comunicarse oralmente en inglés.

A avaliación da aprendizaxe dos alumnos/as será continua e terá un carácter formativo. O profesor/a decidirá, ao terminar cada avaliación, se o alumno/a conseguiu os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

Para valorar o proceso de adquisición das destrezas de comprensión e expresión oral na materia de INGLÉS COMUNICATIVO, aplicaranse os seguintes criterios de cualificación:

ELEMENTOS A AVALIAR	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS	PESO NA NOTA DA AVALIACIÓN
Comprensión oral (<i>listening</i>)	P- Proba escrita de comprensión de textos orais. I- Rexistro cualitativo da proba.	25%
Produción oral (<i>speaking</i>)	P- Proba oral de expresión e interacción oral. I- Rúbrica e rexistro cualitativo das intervencións.	25%
Realización das tarefas e participación	P- Observación do traballo e das intervencións. I- Rexistro cualitativo e cuantitativo. Rúbrica. Lista de observación e cotexo.	50%

7. PLAN DE RECUPERACIÓN DA MATERIA

Non se realizarán exames de recuperación de avaliacións pendentes, posto que a avaliación é continua ao longo de todo o curso. Esta avaliación continua implica que o alumno/a que suspenda unha avaliación recupérase aprobando a seguinte. No caso de que un alumno/a suspenda a primeira e segunda avaliacións e aprobe a terceira, aprobará todo o curso.

O alumnado que non superase os obxectivos da materia de INGLÉS COMUNICATIVO na convocatoria ordinaria presentarase á convocatoria extraordinaria, e realizará unha proba de Listening e Speaking sobre os contidos traballados ao longo do curso. Na convocatoria extraordinaria o 100% da nota corresponderá á proba de comprensión e expresión oral elaborada para tal fin.

O alumnado que pase ao seguinte curso con esta materia pendente deberá presentarse ás probas de pendentes nas datas organizadas polo centro, previsiblemente en xaneiro o primeiro parcial e en abril

o segundo parcial. De todos os xeitos, os alumnos/as terán o dereito a presentarse ás probas de pendentes ordinarias e extraordinarias sen prexuízo por se teren acollido á realización por parciais.



PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN DO
CENTRO

COMUNICACIÓN ORAL EN LINGUA INGLESA

2º Bacharelato

ÍNDICE DE CONTIDOS	
<i>SECCIÓN</i>	<i>PÁX.</i>
1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN	362
2. OBXECTIVOS XERAIS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	363
3. METODOLOXÍA, MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	379
4. SECUENCIACIÓN DA MATERIA	380
5. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN: TRANSICIÓN AO ENSINO NON PRESENCIAL	382
6. PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	382
7. PLAN DE RECUPERACIÓN DA MATERIA	384

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

Segundo a resolución do 15 xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, o IES Terra de Soneira oferta a materia de libre configuración de centro denominada COMUNICACIÓN ORAL EN LINGUA INGLESA para o tramo educativo de 2º de Bacharelato.

A nosa motivación para ofertar dita materia ven dada por diferentes circunstancias.

En primeiro lugar, a mellora substancial dos medios de comunicación e a rápida evolución, desenvolvemento e expansión das tecnoloxías da información e da comunicación teñen propiciado un incremento das relacións internacionais sen precedentes. O noso país, ademais, encóntrase inmerso e comprometido coa Unión Europea onde o coñecemento doutras linguas comunitarias constitúe un elemento clave para favorecer a libre circulación de persoas e facilitar así a cooperación cultural, económica, técnica e científica entre os seus membros. Temos que preparar ao noso alumnado para un mundo progresivamente máis internacional, intercultural e multilingüe. É máis, o Consello de Europa no Marco Común Europeo de referencia para as linguas: Aprendizaxe, ensinanza, avaliación, establece directrices tanto para a súa aprendizaxe, como para a valoración da competencia das diferentes linguas dun falante. Estas pautas teñen sido un referente clave no currículo de Bacharelato.

En segundo lugar, o alumnado que accede a Bacharelato posúe xa un coñecemento da lingua estranxeira que lle permite desenvolverse en situacións habituais de comunicación. É por isto que o obxecto desta materia será usar o idioma con máis fluidez e naturalidade de modo que a comunicación oral se realice sen esforzo en situación de maior complexidade para interactuar socialmente, comprender e producir textos orais nunha variedade de acentos, rexistros e estilos estándar e dunha linguaxe que conteña certas expresións idiomáticas de uso frecuente.

En terceiro lugar, en Bacharelato é necesario continuar reforzando a autonomía do alumnado, xa que terán perfilado con maior precisión as súas necesidades e intereses de futuro. Porén, a aprendizaxe da lingua estranxeira nesta etapa suporá, por unha banda, a prolongación e consolidación do que xa se coñece e, por outra banda, o desenvolvemento de capacidades máis especializadas en función dos intereses académicos e profesionais, tanto inmediatos como de futuro.

En cuarto lugar, nesta etapa de Bacharelato continúa o proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira co obxectivo de que ao finalizala o alumnado teña consolidado todas as destrezas e sexan capaces de manter unha interacción e facerse entender nun conxunto de situacións, facendo uso dun léxico cada

vez máis amplo relacionado con temas xerais e manifestando un aceptable coñecemento gramatical, usando nexos para sinalizar as relacións entre ideas, cun grao de fluidez e espontaneidade crecente. En definitiva, esta etapa debe supoñer a continuación dunha aprendizaxe cada vez máis autónoma que ten que durar toda a vida. Ademais, a aprendizaxe dunha lingua estranxeira transcende o marco das aprendizaxes puramente lingüísticas, dado que o seu coñecemento contribúe á formación do alumnado dende unha perspectiva integral en tanto que favorece o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas, desenvolve a conciencia cultural, é un vehículo para a comprensión de temas e problemas globais e para a adquisición de estratexias de aprendizaxe diversas. Deste xeito, a materia de COMUNICACIÓN ORAL EN LINGUA INGLESA contribuirá a ampliar o horizonte persoal, a que se afonde o acercamento a outras formas de vida e organización social diferentes e se favoreza o acercamento a un mundo no que a comunicación internacional é cada vez máis patente.

A aprendizaxe será un proceso dinámico baseado nunha ampla variedade de actividades que terán sempre sentido dende o punto de vista comunicativo e reflectirán situacións reais. Usaremos maioritariamente materiais auténticos e faremos un uso extenso das tecnoloxías da información e da comunicación, intentando introducir o mundo real na aula.

Esta materia constará dunha sesión lectiva semanal, que poderán variar dependendo das festividades e actividades extraescolares que coincidan coas mesmas.

2. OBXECTIVOS XERAIS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CONTRIBUCIÓN AO DESEÑO DAS COMPETENCIAS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

2.1. OBXECTIVOS XERAIS

En canto aos obxectivos xerais de etapa, nesta materia de COMUNICACIÓN ORAL EN LINGUA INGLESA contribuiremos a desenvolver os seguintes:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

- c) Fomentar a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou mais linguas estranxeiras.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

2.2. CONTIDOS, CRITERIOS, ESTÁNDARES E COMPETENCIAS

Nesta materia de COMUNICACIÓN ORAL EN LINGUA INGLESA abordaremos os seguintes bloques de contidos, cos seus correspondentes obxectivos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave, tal e como aparecen recollidos no Decreto 86/2015, do 25 de xuño: Bloque 1. Comprensión de textos orais; Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción; e Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural.

COMUNICACIÓN ORAL EN LINGUA INGLESA (2º BACHARELATO)				
OBX	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	CMP
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
a b c f	B1.1. Estratexias de comprensión: 1. Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. 2. Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva, detallada, etc.). 3. Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.	B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral; a información esencial; os puntos principais; os detalles relevantes; información, ideas e opinións tanto implícitas como explícitas do texto, formuladas de maneira clara; e matices como a ironía ou o humor, ou o uso poético ou estético da lingua cando a	PLEB1.1. Comprende instrucións, anuncios, declaracións e mensaxes detalladas, dados cara a cara ou por outros medios, sobre temas concretos, en linguaxe estándar e a velocidade normal (por exemplo, declaracións ou mensaxes institucionais). PLEB1.2. Identifica as ideas principais, os	CCL CAA CCEC CSC CD CCL

	<p>algunhas de carácter implícito (incluíndo a ironía e o humor), cando a articulación é clara.</p> <p>B1.6. Identificar as ideas principais, información detallada e implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e lingüisticamente complexos, nunha variedade de lingua estándar e articulados a velocidade normal, que traten temas tanto concretos como abstractos, incluso se son de carácter técnico cando estean dentro do propio campo de especialización ou de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral/profesional, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan confirmar certos detalles.</p> <p>B1.7. Comprender as ideas principais e as específicas máis relevantes de textos</p>	<p>especialidade e relativos a liñas de actuación e procedementos abstractos, sempre que poida confirmar o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre os aspectos ambiguos.</p> <p>PLEB1.5. Comprende a liña argumental, as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais en presentacións, conferencias ou seminarios de certa extensión e complexidade sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, tanto concretos como abstractos, sempre que haxa marcadores que estruturen o discurso e guíen a comprensión.</p> <p>PLEB1.6. Comprende o contido da información da maioría do material gravado ou retransmitido nos</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>
--	---	--	--

	<p>expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p>4.Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>Execución:</p> <p>1.Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>2.Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p>	<p>B2.2. Construír textos claros e co detalle suficiente, ben organizados e adecuados ao interlocutor e ao propósito comunicativo, sobre temas diversos, xerais e máis específicos dentro do propio campo de especialidade ou de interese, e defender un punto de vista sobre temas xerais ou relacionados coa propia especialidade, indicando os proles e os contras das opcións, así como tomar parte activa en conversas formais ou informais de certa lonxitude, desenvolvéndose cun grao de corrección e fluidez que permita manter a comunicación.</p> <p>B2.3. Utilizar correctamente, sen erros que conduzan a malentendidos, as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de coherencia e de cohesión de uso</p>	<p>educativo ou relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento dun experimento científico, ou unha análise de aspectos históricos, sociais ou económicos), cunha estrutura clara que axuda os oíntes a fixérense nos aspectos máis importantes, e demostrando seguridade á hora de contestar preguntas do auditorio formuladas con claridade e a velocidade normal.</p> <p>PLEB2.3. Participa con soltura en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente aos sentimentos que</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CD</p>
--	---	--	--	--

	<p>3.Aproveitamento dos coñecementos previos sacándolle partido (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).</p> <p>4.Cooperación na interacción con outras persoas, verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.</p> <p>5.Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou paralingüísticos: Lingüísticos: -Modificación de palabras de significado parecido. -Definición ou parafrase dun termo ou dunha expresión. -Produción de autocorrección, falsos comezos, repeticións e circunloquios. Paralingüísticos.</p>	<p>común e máis específico, seleccionándoos en función do propósito comunicativo no contexto concreto (por exemplo, o uso da voz pasiva en presentacións de carácter educativo, ou de frases de relativo para facer unha descrición detallada).</p> <p>B2.4. Ler en voz alta con énfase expresiva de xeito que poidan recoñecerse as ideas clave, utilizando o ritmo e as pautas para facer a lectura comunicativa, engadindo algún comentario persoal ao texto (aclaración de palabras, algún novo exemplo, unha alusión a experiencias compartidas, etc.) e corrixíndose con naturalidade no caso dalgunha equivocación.</p> <p>B2.5. Planificar e articular o texto oral segundo a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias en cada caso, seleccionando os expoñentes das devanditas funcións</p>	<p>expresan os seus interlocutores; describe con detalle experiencias persoais e as súas reaccións ante elas; expresa con convicción crenzas, acordos e desacordos, e explica e xustifica de maneira persuasiva as súas opinións e proxectos.</p> <p>PLEB 2.4. Toma parte adecuadamente en conversas formais, entrevistas, reunións e debates de carácter educativo ou ocupacional, achegando e pedindo información relevante e detallada sobre aspectos concretos e abstractos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos; explicando os motivos dun problema complexo e pedindo e dando instrucións ou suxestións para resolvelo;</p>	<p>CCL CAA CCEC CSC</p>
--	--	---	--	-------------------------------------

	<p>-Petición de axuda ou clarificación.</p> <p>-Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.</p> <p>-Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, e proxémica).</p> <p>-Uso de sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais.</p> <p>-Uso dos elementos prosódicos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle á persoa destinataria ou ónte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.</p> <p>B2.2. Rutinas ou modelos de interacción segundo o tipo de situación de</p>	<p>segundo os seus matices de significación, e os patróns discursivos dos que se dispón para presentar e organizar a información, deixando claro o que se considera importante (por exemplo, mediante estruturas enfáticas), ou os contrastes ou as digresións con respecto ao tema.</p> <p>B2.6. Expressarse con relativa facilidade e naturalidade, e cun grao de fluidez que permita desenvolver o discurso sen moita axuda do interlocutor, aínda que poidan darse algúns problemas de formulación que retarden algo o discurso ou que requiran expor de maneira distinta o que se quere dicir.</p> <p>B2.7. Xestionar a interacción de maneira eficaz en situacións habituais, respectando e tomando a quenda de palabra con amabilidade e cando se desexa, e</p>	<p>desenvolvendo argumentos de forma comprensible e convincente e comentando as contribucións dos interlocutores; opinando e facendo propostas xustificadas sobre futuras actuacións.</p> <p>PLEB2.5. Participa na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, cun bo grao de fluidez e claridade, malia algúns erros esporádicos.</p> <p>PLEB2.6. Realiza unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, formulando preguntas complementarias ou respondendo a elas, reaccionando ante unha resposta que non entenda, e</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>
--	---	--	--	---

	comunicación en contextos informais e formais máis habituais.	axustando a propia contribución á dos interlocutores, percibindo as súas reaccións, e defenderse en situacións menos rutineiras, e mesmo difíciles (por exemplo, cando a persoa interlocutora acapara a quenda de palabra, ou cando a súa contribución é escasa e hai que encher as lagoas comunicativas ou animala a participar).	interactuando para pedir repeticións e confirmar a comprensión mutua da súa área de interese.	
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural				
a b c f	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación:</p> <p>1.Discriminación e uso dos trazos fonéticos que distinguen fonemas (trazos distintivos como sonoridade, nasalidade e apertura de vogais).</p> <p>2.Recoñecemento e produción de unidades maiores do nivel fónico (secuencia acentual das palabras).</p> <p>3.Recoñecemento e uso comprensible dos elementos prosódicos</p>	<p>B5.1. Discriminar e reproducir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, axustándose debidamente a algunha variedade estándar da lingua, e selecciónalos en función das propias intencións comunicativas, incluíndo a expresión sinxela da ironía e do humor.</p> <p>B5.2. Axustarse con consistencia aos patróns ortográficos, de puntuación e de formato</p>	<p>PLEB5.1. Comprende e faise comprender con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais, con matices como a ironía e o humor, sempre que as persoas interlocutoras pronuncien con claridade e eviten un uso moi idiomático.</p> <p>PLEB5.2. Relaciónase oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CSC</p>

	<p>(acento, ritmo e entoación das oracións).</p> <p>4.Recoñecemento de palabras e frases de uso coloquial común emitidas con procedementos básicos de redución fonética.</p> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>1.Convencións sociais.</p> <p>2.Recoñecemento das normas e as variacións sociais, as convencións sociais e as formas, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; características básicas do sentido do humor; usos lingüísticos adecuados ao contexto; referencias relativas á identidade nacional ou cultural; linguaxe non verbal e diferenzas específicas entre a propia cultura e a</p>	<p>de uso común, e algúns de carácter máis específico.</p> <p>B5.3. Distinguir a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias do texto, como implicacións facilmente discernibles, e apreciar as diferenzas de significación de distintos expoñentes destas, así como distinguir os significados e os propósitos xerais asociados ao uso de patróns discursivos típicos polo que respecta á presentación e á organización da información (entre outros, o reforzo ou a recuperación do tema; a topicalización, pondo o tema da oración ao principio, como por exemplo en "Diso non quero falar"; contraste, digresión ou recapitulación).</p> <p>B5.4. Integrar na propia competencia intercultural, para producir textos orais e escritos ben axustados</p>	<p>de vista sobre temas tanto abstractos como concretos; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación.</p> <p>PLEB5.3. Intervén oralmente con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural.</p> <p>PLEB 5.4. Entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou estudos (por exemplo, para recibir asistencia</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>
--	--	---	---	--

	<p>cultura portada pola lingua obxecto de estudo.</p> <p>3.Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <p>1.Consciencia das habilidades metalingüísticas adquiridas durante as aprendizaxes lingüísticas, e transferencia destes coñecementos e estratexias dunha lingua a outra para avanzar no seu dominio.</p> <p>2.Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que</p>	<p>ao contexto específico, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis relevantes da lingua e culturas meta relativos a costumes, usos, actitudes, valores e crenzas, e superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias, e os estereotipos, demostrando confianza no uso de diferentes rexistros ou outros mecanismos de adaptación contextual, e evitando erros serios de formulación ou presentación textual que poidan conducir a malentendidos ou situacións potencialmente conflitivas.</p> <p>B5.5. Coñecer e saber seleccionar e utilizar léxico oral e escrito común e expresións e modismos de uso habitual, e máis especializado segundo os propios intereses e as necesidades no ámbito persoal, público,</p>	<p>sanitaria como turista ou como residente, cambiar unha reserva de hotel, anular billetes ou cambiar un artigo defectuoso), sempre que poida pedir confirmación.</p> <p>PLEB5.5. Desenvólvese con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, solicitando información detallada, ofrecendo explicacións claras e detalladas, e desenvolvendo a súa argumentación de xeito satisfactorio na resolución dos problemas que xurdan.</p> <p>PLEB5.6. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo,</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>
--	---	---	--	---

	<p>posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p>1.Xestión de relacións sociais no ámbito persoal, público, educativo e profesional.</p> <p>2.Descrición e apreciación de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, actividades, procedementos e procesos.</p> <p>3.Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, a medio e a longo prazo.</p> <p>4.Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.</p> <p>5.Expresión da curiosidade, o</p>	<p>educativo e laboral ou profesional, así como un reducido repertorio de palabras e expresións, e as connotacións máis discernibles, que permita un uso humorístico, poético ou estético sinxelo do idioma.</p> <p>B5.6. Coñecer coa profundidade debida e aplicar eficazmente á comprensión do texto os coñecementos sociolingüísticos relativos á estruturación social, ás relacións interpersoais en diversos contextos (desde informal ata institucional) e as convencións sociais (incluíndo crenzas e estereotipos) predominantes nas culturas en que se utiliza a lingua meta, así como os coñecementos culturais máis relevantes (por exemplo, históricos, xeográficos, literarios ou artísticos), que permitan captar as alusións máis directas sobre estes</p>	<p>e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual.</p> <p>PLEB5.7. Comprende textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo (aínda que non os comparta) os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista e posturas concretas e actitudes que responden a crenzas, costumes e valores propios da cultura da lingua meta.</p> <p>PLEB5.8. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.</p> <p>PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CD</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>
--	---	---	---	--

	<p>coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade.</p> <p>6.Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección.</p> <p>7.Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>8.Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.</p> <p>9.Establecemento e xestión da comunicación e organización do procesos.</p> <p>10.Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión</p>	<p>aspectos que poida conter o texto.</p> <p>B5.7. Resumir ou parafrasear un texto para facelo intelixible a quen necesite desta mediación por descoñecemento ou coñecemento insuficiente da lingua meta.</p> <p>B5.8. Utilizar o coñecemento sociocultural sobre o modo de vida da comunidade que é obxecto de estudo e as diferenzas esenciais entre as prácticas, os valores e as crenzas desa comunidade e as propias, para facer un texto comprensible a unha persoa interlocutora que descoñece a lingua estranxeira, e resolver posibles malentendidos e conflitos interculturais.</p> <p>B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares</p>	<p>libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>CD</p>
--	---	---	--	-----------

	<p>de predicións e de sucesos futuros a curto, a medio e a longo prazo.</p> <p>11. Intercambio de información, indicacións, opinións, crezas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.</p> <p>12. Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade.</p> <p>13. Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección.</p> <p>14. Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p>	<p>como outras presentes no centro, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>		
--	--	---	--	--

	<p>15. Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.</p> <p>16. Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico:</p> <p>1. Recoñecemento e uso de léxico oral e escrito común e máis especializado dentro das propias áreas de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos, tempo e espazo, estados, eventos e acontecementos, actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, educativas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación</p>			
--	---	--	--	--

	<p>intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura.</p> <p>2.Recoñecemento e uso de expresións fixas frecuentes (locucións idiomáticas, esquemas fraseolóxicos, colocacións, frases feitas e léxico propio de temas relativos a feitos de actualidade).</p> <p>3.Recoñecemento e uso de antónimos, sinónimos e de procedementos de formación de palabras mediante recursos de derivación e de composición, e recoñecemento de "falsos amigos".</p> <p>B5.7. Estruturas sintáctico- discursivas propias do inglés para este nivel.</p>			
--	---	--	--	--

3. METODOLOGÍA, MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Ademais das consideracións xa expostas na programación didáctica xeral (Bacharelato), a metodoloxía de traballo será eminentemente práctica, dinámica e motivadora, intentando espertar a motivación do alumnado cara ao uso da lingua estranxeira activamente na aula.

A sesión de clase desenvolverase en inglés, favorecendo o intercambio entre o/a profesor/a e o alumnado. A disposición da aula será flexible e responderá ás necesidades do momento. O alumnado poderá distribuírse por parellas, grupos ou individualmente. A mobilidade do alumnado dentro da aula persigue tanto a integración do alumnado no grupo como o seu enriquecemento persoal e académico. Para fomentar isto último, favoreceremos o cambio nas parellas e grupos, dando así cabida ao intercambio de ideas, puntos de vista, formas de traballo e actitudes cara á materia.

Dada a diversidade de actividades e traballos e a cantidade de recursos de que dispoñemos no Departamento de Inglés, non se solicita ningún libro de texto. Empregaremos material fotocopiado cando non se poda presentar as actividades por outros medios, e os alumnos levarán un caderno ou carpeta onde gardarán o seu traballo diario.

Entre outros materiais como internet e DVDs, usaremos os seguintes:

- *New English File Intermediate*. Oxford University Press.
- *Face2face Intermediate*. Cambridge University Press.
- *Express Yourself! 2*. Burlington.
- *Listening Extra*. Cambridge University Press.
- *Speaking Extra*. Cambridge University Press.
- *Discussions A-Z Intermediate*. Cambridge University Press.
- *Timesaver Speaking Activities*. Mary Glasgow Magazines. Scholastic.
- *Penguin English Photocopiables: First Certificate Games and Activities*. Pearson Longman.
- *Penguin English Photocopiables: Pair Work 2*. Pearson Longman.
- *Penguin English Photocopiables: Group Work*. Pearson Longman.
- *Penguin English Photocopiables: Fun Class Activities*. Pearson Longman.
- *Intermediate Communication Games*. Pearson Longman.
- Speaking Cards B2/C1 da EOI e outras institucións.

4. SECUENCIACIÓN DA MATERIA

Como xa temos exposto na introdución desta programación, a materia de COMUNICACIÓN ORAL EN LINGUA INGLESA está pensada para ter unha periodicidade dunha sesión semanal de 50 minutos aproximadamente, que variarán dependendo das festividades e actividades extraescolares do alumnado.

En canto á Comprensión Oral e Expresión Oral, os contidos serán os seguintes:

- Comprensión do sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e actitudes ou opinións dos falantes en diferentes tipos de textos orais, así como as diferenzas entre os rexistros formal e informal.
- Uso de distintas estratexias de comprensión oral: escoita global, escoita selectiva, inferencia e formulación de hipóteses sobre significados, etc.
- Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto, á canle e á finalidade da produción ou interacción, aplicando o rexistro e a estrutura do discurso adecuados a cada caso, e escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa (narrar, describir, expoñer, argumentar, expresar opinións, acordo, desacordo, recomendacións, consellos, etc.).
- Uso de distintas estratexias de expresión oral para compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos: uso de palabras de significado parecido, paráfrase dun termo ou expresión, petición de axuda ou clarificación, etc.
- Participación en conversas, role-plays, diálogos, exposicións e debates en torno aos temas propostos, que serán os seguintes:
 - a) EDUCACIÓN: modos de aprendizaxe, consellos para adquirir unha lingua estranxeira.
 - b) EXPERIENCIAS PERSOAIS.
 - c) RELACIÓNS: familia e amigos.
 - d) ALOXAMENTO: mudarse de casa, alugar un piso, coñecer a cidade.
 - e) TRANSPORTE: na estación de tren ou autobús, comprar billetes.
 - f) COMIDA: comer nun restaurante, dieta.
 - g) SAÚDE E FORMA FÍSICA: medicina alternativa, deportes.
 - h) OCIO: actividades de tempo libre, música, cine.
 - i) SHOPPING: comprar en tendas.

- j) O MUNDO LABORAL: solicitar un traballo, entrevista de traballo.
- k) ORGANIZACIÓNS BENÉFICAS E VOLUNTARIADO: problemas no mundo.
- l) MEDIO AMBIENTE: problemas e posibles solucións.
- m) VIAXES: no aeroporto, no hotel, actividades turísticas.
- n) DIFERENZAS CULTURALS: celebracións.
- o) TECNOLOXÍA: o futuro.
- p) TEMAS DE ACTUALIDADE: as noticias.

Cómpre sinalar que estes temas poden ser modificados e/ou ampliados tendo en conta as necesidades, intereses e motivacións do alumnado.

En canto aos Coñecementos Lingüísticos, os contidos son os seguintes:

- Ampliación do campo semántico e léxico sobre os diálogos e temas tratados.
- Uso do alfabeto fonético para mellorar a pronunciación.
- Produción e interpretación de diferentes patróns de acentuación, ritmo e entoación necesarios para a expresión e comprensión das distintas actitudes e sentimentos.

En canto á Reflexión sobre a Aprendizaxe, os contidos son os seguintes:

- Recoñecemento das variedades da lingua, diferenzas entre a linguaxe falada formal e informal.
- Ampliación de estratexias para revisar, ampliar e consolidar o léxico.
- Reflexión e aplicación de autocorrección e autoavaliación para progresar na aprendizaxe autónoma da lingua. Recoñecemento do erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe tanto dentro como fóra da aula, usando as tecnoloxías da información e comunicación.
- Valoración da confianza, da iniciativa e da cooperación para a aprendizaxe das linguas.

En canto aos Aspectos Socioculturais, os contidos son os seguintes:

- Uso dos rexistros adecuados ao contexto, ao interlocutor e á intención comunicativa.
- Coñecemento e valoración dos elementos culturais das sociedades anglosaxonas.
- Reflexión sobre as similitudes e diferenzas significativas entre costumes, comportamentos, actitudes, valores e crenzas que prevalecen entre falantes da lingua estranxeira e da propia.
- Interese por coñecer información cultural relacionada cos países de fala estranxeira.
- Valoración da lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, facilitador de acceso a outras culturas e outras linguas como enriquecemento persoal.

- Recoñecemento da importancia da comunicación oral na lingua estranxeira como medio para acceder a coñecementos e intercambios que resulten de interese para o futuro académico, profesional e persoal do alumnado.

5. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN: TRANSICIÓN AO ENSINO NON PRESENCIAL

Ao finalizar o curso, o alumno/a deberá ser capaz de:

- Comprender con certa facilidade o sentido xeral, as ideas principais, os detalles, opinións e actitudes dunha ampla gama de textos complexos, articulados a velocidade normal e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, sendo capaz de tolerar un certo grao de ruído ambiental.
- Manter unha conversación fluída en inglés (conversación telefónica, participación en debates, exposicións sobre algún tema, participación nunha entrevista, transaccións comerciais habituais, intercambios de opinión, etc.).
- Producir e interpretar diferentes patróns de acentuación, ritmo e entoación necesarios para a expresión e comprensión de distintas actitudes e sentimentos.

6. PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para poder avaliar os estándares de aprendizaxe descritos anteriormente, empregaranse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

- Avaliación inicial. Para seguir o proceso de aprendizaxe dos alumnos/as é necesario saber o nivel do que parten. Para isto realizárase, se fose necesario, unha avaliación inicial mediante unha actividade de comprensión oral e outra de expresión oral, para poder precisar o nivel do que parte o alumnado.
- Observación sistemática do traballo e da participación do alumnado na clase, que se recollerá nunha ficha de rexistro personalizada no caderno do profesor/a. Farase un seguimento do traballo realizado e da participación activa nas actividades da clase, así como da colaboración cos compañeiros/as para levar a cabo a aprendizaxe de xeito cooperativo, a resolución das cuestións que se plantexan nas diversas actividades, a comprobación dos acertos e erros e a súa utilización para a mellora do propio proceso de aprendizaxe, e a elaboración do caderno de clase no que se recollerán as tarefas a realizar.

- Tarefas específicas. Ao longo das sesións faranse distintas tarefas como traballo de clase (principalmente) ou de casa (de xeito máis ocasional) que conducirán á mellora da competencia comunicativa e á adquisición dos estándares de aprendizaxe. Estas tarefas consistirán en: (a) a práctica na comprensión oral farase por medio de diferentes tipos de audicións empregando CDs, vídeos e DVDs sobre os distintos temas programados, así como a escoita do profesor/a e dos compañeiros/as; (b) para a produción oral plantearanse distintas actividades nas que o alumnado teña que expresarse individualmente, por parellas ou en grupo, interactuar co profesor/a ou presentar algún tema preparado por eles mesmos (exposición oral con ou sen PowerPoint, monólogos, etc.).
- Probas específicas ao finalizar cada avaliación. Para calcular a nota final de cada avaliación o profesor/a avaliará a través de diferentes probas as dúas destrezas practicadas, comprensión e expresión oral, de xeito que se valorará a competencia ou habilidade de comunicarse oralmente en inglés.

A avaliación da aprendizaxe dos alumnos/as será continua e terá un carácter formativo. O profesor/a decidirá, ao terminar cada avaliación, se o alumno/a conseguiu os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

Para valorar o proceso de adquisición das destrezas de comprensión e expresión oral na materia de COMUNICACIÓN ORAL EN LINGUA INGLESA, aplicaranse os seguintes criterios de cualificación:

ELEMENTOS A AVALIAR	PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS	PESO NA NOTA DA AVALIACIÓN
Comprensión oral (<i>listening</i>)	P- Proba escrita de comprensión de textos orais. I- Rexistro cualitativo da proba.	25%
Produción oral (<i>speaking</i>)	P- Proba oral de expresión e interacción oral. I- Rúbrica e rexistro cualitativo das intervencións.	25%
Realización das tarefas e participación	P- Observación do traballo e das intervencións. I- Rexistro cualitativo e cuantitativo. Rúbrica. Lista de observación e cotexo.	50%

7. PLAN DE RECUPERACIÓN DA MATERIA

Non se realizarán exames de recuperación de avaliacións pendentes, posto que a avaliación é continua ao longo de todo o curso. Esta avaliación continua implica que o alumno/a que suspenda unha avaliación recupéraa aprobando a seguinte. No caso de que un alumno/a suspenda a primeira e segunda avaliacións e aprobe a terceira, aprobará todo o curso.

O alumnado que non superase os obxectivos da materia de COMUNICACIÓN ORAL EN LINGUA INGLESA na convocatoria ordinaria presentarse á convocatoria extraordinaria, e realizará unha proba de Listening e Speaking sobre os contidos traballados ao longo do curso. Na convocatoria extraordinaria o 100% da nota corresponderá á proba de comprensión e expresión oral elaborada para tal fin.



ACLARACIÓN SOBRE A PROGRAMACIÓN DOS MÓDULOS DE INGLÉS

CICLO MEDIO DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA

CICLO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS

As programación dos módulos de inglés dos ciclos da rama de Administración que se imparten no IES Terra de Soneira durante o presente curso 2021/2022 están dispoñibles na plataforma dixital da Consellería de Educación, e foron elaboradas pola profesora Dona Sonia García Lago no módulo do 1º curso do Ciclo Medio de Xestión Administrativa, e pola docente Dona Luana Barros Ríos, substituta de Dona Paula María Pazos Vázquez, no módulo de 1º curso do Ciclo Superior de Administración e Finanzas.